

Revista galega de
TRABALLO SOCIAL

fervenzas—23—



Revista galega de
TRABALLO SOCIAL

fervenzas—23—



Xunta de Goberno	Presidenta, Miriam Rodríguez Sierra Secretario, Antonio Doval Canabal Tesoureira, Maira Vilar Pumares Vogal, Ana María Rodríguez Vogal, Ana María Vilar Varela Vogal, Isabel Fernández Lema Vogal, Silvia Sanjurjo Constenla Vogal, María Pilar Lema Rey
Responsable da edición	Miriam Rodríguez Sierra
Coordinadora da edición	Ana M ^a Fungueiriño Carneiro
Mesa de redacción	M ^a Elena Puñal Romaris, M ^a Xosé Vázquez Vázquez, Ana M ^a Rodríguez González, Begoña Sánchez Roura, Francisco Xabier Aguiar Fernández Juan José Labora González
Edita	
Rúa Dublín, 6, baixo, porta 3 15707 Santiago de Compostela Teléfono: 981 56 81 00 Fax: 981 94 18 98 E-mail: fervenzas@traballosocial.gal	Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
Data da Publicación:	Marzo 2021
Imprime	Sacauntos Cooperativa Gráfica
ISSN	1698-5087
ISSN electrónico	2254-7657
Dep. Legal	C-1.884/97

*Fervenzas non se responsabiliza das opinións expresadas das/dos autoras/es,
nin se identifica necesariamente cos contidos dos textos publicados.*

LIMIAR	Páx.	7
1. O Sistema Público de Servizos Sociais perante a terceira vaga da pandemia: Desafíos e retos. <i>M^a Patrocinio Las Heras</i>	Páx.	11
2. Traballo Social e Renda Básica, unha relación simbiótica. <i>Belén Navarro Llobregat</i>	Páx.	23
3. A Ética e o Traballo Social. <i>Gómez Fernández, Elena; Vilar Varela, Ana; Vilar Pumares, Maira; Corral Martínez, Manuela; Varela Justo, Angela; Rodríguez Cañas, Maribel; Labora González, Juan José</i>	Páx.	43
4. Modelo de intervención en traballo social empático-emocional desde unha mirada sentí-pensante. <i>Emiliano Curbelo Hernández</i>	Páx.	55
5. Centro ocupacional e de formación para a repoboación estratéxica sostible <i>Estefanía Vázquez Cruz</i>	Páx.	79
6. Violencia de xénero: efectos na saúde das mulleres. Análise e atención profesional <i>Xisela Santomil González</i>	Páx.	111
7. Traballo Social e poder, unha aproximación foucaultiana <i>Zeltia Cerviño Rodríguez</i>	Páx.	135
8. Mediación Intercultural para a resolución de conflitos no ámbito sociosanitario <i>Andrea Blanco Lodeiro</i>	Páx.	157
PREMIOS DIA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2020 Modalidade TFG/TFM:		
• Calidade da vida laboral nos servizos sociais e prevención de riscos laborais. <i>Isabel Piñeiro Portela</i>	Páx.	181

EN REDE

Servizo de neurorrehabilitación do Hospital Vithas Vigo. Perspectiva social na atención a persoas con dano cerebral
Raquel Fernández Míguez

Páx. 213

ENTREVISTA

Rodrigo Gil Cedillo, educador social e membro dos colectivos cidadáns pola Renda Básica Universal
M^a Xosé Vázquez Vázquez

Páx. 219

RECENSIÓN DE PUBLICACIÓNS

Silencio administrativo. La pobreza en el laberinto burocrático
Begoña Sánchez Roura.

Páx. 229

ESPAZO ABERTO

Iniciativa cidadá pola introdución dunha renda básica incondicional en toda a Unión Europea
Bieito Lorenzo e M^a Xosé Vázquez

Páx. 233

FICHA DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

Narrativas e redes de apoio social de mulleres superviventes do sistema prostitucional: das ausencias ás emerxencias desde o feminismo e a interseccionalidade
Lorena Añón Loureiro

Páx. 237

NORMAS DE PUBLICACION DE FERVENZAS disponibles en:
<https://traballosocial.gal/publicacions-cots/fervenzas/>

S
U
M
A
R
I
O

Limiar

O ano 2020 quedará na memoria colectiva como o ano da pandemia da COVID-19. O impacto da crise sanitaria, económica e social foi, e aínda está a ser, devastador. Vimos de estreir o ano 2021 e atopámonos mergullados xa na terceira vaga da pandemia.

Neste contexto de incertezas, comprácenos abrir este número da revista da man de M^a Patrocinio Las Heras que, no seu artigo *O Sistema Público de Servizos Sociais perante a terceira vaga da pandemia: Desafíos e retos*, ofrécenos unha retrospectiva da Situación dos Servizos Sociais desde 1996 que procura explicar os motivos do que está a acontecer agora coa pandemia. Propón un Plano de Emerxencia Social e un Pacto de Recuperación dos Servizos Sociais para afrontar a presente terceira vaga. O seu enfoque vai na liña de que os Servizos Sociais tomen conta da crise social desta pandemia do mesmo xeito que a Sanidade tomou o control na crise sanitaria.

Continuamos co artigo de Belén Navarro Llobregat, *Traballo Social e Renda Básica, unha relación simbiótica*, que nos resitúa no axitado contexto social xerado pola pandemia logo da declaración do estado de alarma o pasado 15 de marzo de 2020 “no que por fin logrou impoñerse na axenda política e mediática a necesidade de garantir a subsistencia como un dereito de cidadanía” e se aprobou o Ingreso Mínimo Vital. Logo dunha reflexión crítica, aposta pola implantación da renda básica como medida de mellora para a cidadanía e á vez do propio desempeño profesional.

En conexión con esta idea, na sección Espazo aberto, Bieito Lorenzo e M^a Xosé Vázquez preséntannos a *Iniciativa cidadá pola introdución dunha renda básica incondicional en toda a Unión Europea*, campaña iniciada o 25 de setembro de 2020, e que estará aberta por un ano para a recollida de sinaturas a prol desta iniciativa que, nas súas palabras, “non é unha solución a curto prazo, pero vai no camiño de atopar unha solución permanente a esta grave crise pola que estamos a pasar. Non só a crise causada polo coronavirus, senón á crise do cambio tecnolóxico, a dos problemas medioambientais, a

da precarización dos empregos, a da feminización da pobreza e a desigualdade de xénero, e que nos permita camiñar con dignidade cara á necesaria economía dos coidados”.

Coa finalidade de afondar máis no coñecemento desta proposta, M^a Xosé Vázquez entrevista a *Rodrigo Gil Cedillo*, educador social e membro dos colectivos cidadáns pola Renda Básica Universal.

E a xeito de revulsivo para comprender a necesidade de alternativas, temos a acaída recensión do libro de Sara Mesa “*Silencio administrativo. La pobreza en el laberinto burocrático*”, de moi recomendable lectura, a cargo de Begoña Sánchez Roura.

Por outra banda, a Comisión Deontolóxica do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia preséntanos no artigo *A Ética e o Traballo Social*, o novo Regulamento interno da Comisión Deontolóxica, ao tempo que fai unha reflexión respecto á nosa práctica profesional, resaltando os principios xerais e valores éticos do Traballo social.

Das cuestións epistémicas da disciplina do traballo social que adoitan dimanar da sistematización da práctica profesional dos traballadores/as sociais versa o artigo *Modelo de intervención en traballo social “empático-emocional” desde una mirada senti-pensante*, de Emiliano Curbelo Hernández .

Salientar tamén os artigos premiados no Día Mundial do Traballo Social 2020: na modalidade TFG/TFM, o artigo *Calidade da vida laboral nos servizos sociais e prevención de riscos laborais*, de Isabel Piñeiro Portela que se publica neste número e, na modalidade de investigación, *Achegas sobre o colectivo de Persoas Xordas para una intervención sociocultural en Traballo Social*, de Leticia González Mosquera, publicado no número anterior.

Este número achéganos outros interesantes artigos arredor de temas de relevancia para a nosa disciplina profesional, como son o *Centro ocupacional e de formación para a repoboación estratéxica sostible*, de Estefanía Vázquez Cruz, o de *Violencia de xénero: efectos na saúde das mulleres. Análise e atención profesional*, de Xisela Santomil González, *Traballo Social e poder, unha aproximación foucaultiana*, de Zeltia Cerviño Rodríguez e o artigo de *Mediación Intercultural para a resolución de conflitos no ámbito sociosanitario*, de Andrea Blanco Lodeiro.

En Rede achega a *Perspectiva social na atención a persoas con dano cerebral* de Raquel Fernández Míguez desde o servizo de neurorrehabilitación do Hospital Vithas Vigo.

Pecha este número a ficha de investigación social da tese de doutoramento de Lorena Añón Loureiro, que leva por título : *Narrativas e redes de apoio social de mulleres superviventes do sistema prostitucional: das ausencias ás emerxencias desde o feminismo e a interseccionalidade*.

Unha vez máis, agardamos que este novo número sexa do voso interese, agradecemos a colaboración a todas as persoas participantes e aproveitamos tamén para desexarvos forza e saúde para esta “nova normalidade” na que se fai crucial o compromiso coa profesión e coa cidadanía.

A mesa de redacción

O SISTEMA PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS PERANTE A TERCEIRA VAGA DA PANDEMIA: DESAFÍOS E RETOS.

M^a Patrocinio Las Heras
Autora do libro “Trabaja Social y Servicios
Sociales. Conocimiento y Ética”. (2019).

RESUMO

Cando a crise social da actual pandemia impactou no Sistema de Servizos Sociais, en marzo de 2020, estes encontrábanse xa enfraquecidos por motivos previos a este andazo, os cales nada tiñan que ver coas necesidades da cidadanía. Este texto consiste nunha sistematización de apuntamentos sobre o colapso do Sistema, e as consecuencias deste, por conta da actual covid. A continuación, establecemos os alicerces do que entendemos debora ser un Novo Plano de Emerxencia Social para tratar, por último, do necesario Pacto de Reconstrución dos Servizos Sociais. Entendemos que o Sistema Público de Servizos Sociais debe tomar conta da crise social do mesmo xeito que a Sanidade tomou conta dos efectos da crise sanitaria.

PALABRAS CLAVE

Traballo Social, Servizos Sociais, covid 19, crise social, resposta á crise social.

RESUMEN

Cuando la crisis social de la presente pandemia impactó en el Sistema de Servicios Sociales, en marzo de 2020, estos se encontraban ya debilitados

por motivos previos a esta enfermidade, sin tener nada que ver con las necesidades de la ciudadanía. Este texto consiste en una sistematización de trazos acerca del colapso del Sistema, y las consecuencias de este, con motivo de la actual covid. Establecemos, a continuación, las bases de lo que entendemos debiera ser un Nuevo Plan de Emergencia Social para tratar, por último, del necesario Pacto de Reconstrucción de los Servicios Sociales. Entendemos que el Sistema Público de Servicios Sociales debe hacerse cargo de la crisis social de la misma forma que la Sanidad se hizo cargo de la crisis sanitaria.

PALABRAS CLAVE

Trabajo Social, Servicios Sociales, covid 19, crisis social, respuesta a la crisis social.

ABSTRACT

When social crisis of the present pandemic impacted on Social Services System, March 2020, they were already weakened for reasons prior to this disease, having nothing to do with the needs of citizens. This text consists in a systematization of lines about the collapse of the System, and its consequences, due to the current covid. The bases of what we understand should be a New Social Emergency Plan are established below to deal, finally, with the necessary Pact for Reconstruction of Social Services. It is understood that our Public System of Social Services must take charge of the social crisis in the same way that Health took charge of the health crisis

KEYWORDS

Social Work, Social Services, covid, social crisis, response to social crisis

INTRODUCCIÓN

No imaxinario e na memoria das persoas as profesións están vencelladas a situacións persoais e colectivas. Hoxe, o Traballo Social depárase perante a situación da pandemia e, como fixo desde os seus comezos, o noso corpo profesional debe ser reflexivo e propositivo neste escenario que muda cada día. Compre espallar e divulgar aquilo que analizamos, aquilo que sabemos; entre nós, por un lado, e entre profesión-disciplina e a sociedade, por outro. Xa estamos a ser inquiridas e inquiridos e debemos ter clara a resposta para cando, agora ou no futuro, alguén cuestione: onde está/ estivo, e que fai/ fixo o Traballo Social en 2020-21?

Nun momento no que certos sectores, voluntaria ou involuntariamente, pretenden esvaer a sólida traxectoria histórica dos Servizos Sociais en propostas de sistemas aínda por facer; nun momento no que a cidadanía olla cara as Administracións e profesións na procura de respostas ás súas necesidades, é tempo de continuarmos con achegas. Eis o propósito deste texto.

1. Avance dunha crise social acumulada

A crise xerada pola pandemia desvendou sucesivas agresións e erosións que o Sistema Público de Servizos Sociais acumula de forma notoria desde 1996. Desde esa data, houbo varios puntos de inflexión que fixeron que o Sistema no seu conxunto fose recuando. Podemos situar como referencias os seguintes momentos temporais:

1.1. Punto de partida: privatizacións en Servizos Sociais a partir de 1996

No 1996 dá comezo unha falta premeditada de financiamento público para o desenvolvemento do Sistema. Hai diñeiro, pero non vai para o Sistema: asistimos ao avance das privatizacións; a implantación de cortes sociais; ao enguedello de requirimentos burocráticos para acceder ao dereito ás prestacións básicas do sistema; á falta de recoñecemento e apoio á función de prescrición social das/os profesionais; ao amoreamento das demandas de servizos sociais sen desenvolvemento de investimentos públicos para a construción de Centros e Residencias de Servizos Sociais; agrávase a falta e o desleixo pola cobertura dos Ratios de Profesionais para garantir a calidade na atención social... .

Nesa etapa aconteceu que por parte de determinados gobernos neoliberais, lévase a cabo unha aberta política de mercantilización dos Servizos Sociais. O guión é coñecido: transfírense orzamentos públicos cara institucións sen outros fins que os lucrativos. Enxergase o Sistema de Servizos Sociais como potencial negocio e estes gobernos, e os seus aliados empresariais, van por el. O “mercado” zuga o Sistema público. Aconteceu coas Residencias de Servizos Sociais de Atención a Maiores; cos pregos de condicións de contratación, onde o criterio condicionante da valoración técnica profesional foi furtado polo de redución de custos económicos; co abandono do seguimento da xestión concertada, a cal incrementaba os custos inicialmente contratados por conta dunha suposta “revisión dos custos”, ao tempo que o financiamento público era conxelado ou suspendido co pretexto de non existir diñeiro dispoñíbel.

1.2. Crise financeira internacional de 2008 e os seus efectos en Servizos Sociais polos Cortes Sociais de 2012-13.

No contexto da etapa da Crise financeira internacional de 2008 e os seus efectos en Servizos Sociais, prodúcense os dramáticos Cortes Sociais de 2012-13. A crise utilizouse polas políticas de neoconservadores e neoliberais para reverter o modelo de Estado de Benestar universal e de responsabilidade pública, recuando progresivamente na protección xurídica e técnica dos dereitos sociais da cidadanía. Os Servizos Sociais foron o Sistema Público do Estado de Benestar máis maltratado no cadro desta crise. Entre as medidas adoptadas en 2012-13, cuxos efectos permanecen na actualidade, destácase:

- Reducíronse drásticamente os dereitos en prestacións que xestionan os Servizos Sociais Básicos municipais, modificando a Lei de Réxime Local 7/1985.
- Canto á Rede de profesionais que sostén o Sistema Público de Servizos Sociais, os cortes sociais supuxeron en 2013, no orzamento de Servizos Sociais do Estado, unha redución do 37%. No 2013 rexistráronse 426.200 empregos públicos en Servizos Sociais en España entretanto en 2010 había 482.900. Nese curtísimo período foron destruídos 56.700 empregos públicos en servizos sociais¹.
- Leváronse a cabo reformas administrativas para asentar cortes sociais en dereitos subxectivos recoñecidos na Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía persoal e atención ás persoas en situación de Dependencia.
- Realizáronse reformas legislativas tendentes á reorientación dos dereitos de saúde e dos dereitos en servizos sociais, cara a súa aplicación vinculada a “condicións laborais”, e no seu defecto, a “carencia de recursos” (pobreza) o que supón institucionalizar a máis perigosa dualidade social.

Adicionalmente, nese tempo, os cortes da achega do Estado para o Plano Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais das Corporacións Locais provocaron grandes déficits nos servizos sociais da rede básica de primaria, porén, en simultáneo, medraba de xeito exponencial a demanda por situacións de emerxencia social.

En síntese, os cortes sociais e as reformas legislativas que nesta etapa desregularon dereitos sociais provocaron un retroceso de dereitos da cidadanía. Isto foi tanxíbel no aumento da desigualdade, a pobreza e a exclusión social, poñendo en risco ou facendo inviábel a sustentabilidade

¹ Costa Navarro, R. (2014). El impacto de la crisis en la destrucción de empleo en sector servicios sociales (2011-2013). Madrid: CC.OO. Federación de servicios a la ciudadanía.

da vida e da dignidade das persoas, a convivencia e a cohesión social. Eses eran os vimbios, as recentes crises acumuladas, cos que chegamos a marzo do pasado ano.

1.3. Colapso dos Servizos Sociais no contexto da Pandemia 2020-21

Os Centros de Servizos Sociais de Atención Primaria, aínda que foron cualificados como servizos esenciais, estiveron parcialmente pechados na maioría dos Concellos. Dese xeito, as demandas sociais deriváronse cara a Atención Social Telemática. Podemos obter algunhas constatacións do acontecido:

- Colapsou a Atención Social Telemática, ao incrementarse de forma exponencial a demanda de Axudas de Emerxencia por carencia de cobertura de necesidades básicas no fogar, especialmente de alimentos.
- A maioría dos Concellos non comezaron ata maio a Aplicación das Axudas Económicas de Emerxencia Social, encontrando grandes dificultades de aplicación, malia que o Goberno estatal tiña establecido dispoñibilidade orzamentaria ás Corporacións Locais “para financiar as axudas económicas e todas as prestacións de servizos xestionadas polos servizos sociais de atención primaria e de atención á dependencia que veñen recollidas no Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia”, segundo foi establecido no Real Decreto Lei 8/2020 de 18 de marzo.
- En determinadas Comunidades Autónomas, para previr o colapso dos Hospitais e UCIS, non se admitiron a persoas maiores que vivían nas Residencias de Servizos Sociais, malia a resolución do Goberno do Estado de non excluír por criterios de idade, ou outros criterios alleos ao diagnóstico clínico individualizado.

Desta maneira, as demandas por necesidades urxentes amoreáronse na maioría dos Concellos, sen atinxir respostas proporcionais á emerxencia social debido, por unha banda, ao atraso burocrático de trámites administrativos impostos, e por outra, á unha excesiva carga de traballo orixinada na carencia de persoal acumulada polos drásticos cortes en persoal de Servizos Sociais de crises anteriores. Unhas eivas das que estabamos lonxe de recuperarnos en marzo do pasado ano.

1.3.1. Efectos perniciosos nos Servizos Sociais / servizos esenciais, manifestados de forma significativa no contexto da actual pandemia.

Nestes meses de andazo, as e os traballadores sociais constatamos:

- O medre exponencial de demandas por necesidades sociais básicas. Prodúcese, especialmente en determinados barrios de grandes cidades, as chamadas filas da fame ás que dan cobertura ONGs e Asociacións Veciñais, quen demandan que o Sistema Público de Servizos Sociais asuma a aplicación das Axudas de Emerxencia Social.
- A exclusión sanitaria das persoas maiores que conviven en Residencias de Servizos Sociais, nalgunhas Comunidades Autónomas.
- O falecemento de persoas en situación de dependencia, en listas de agarda. Comprende medidas urxentes para non abandonar ás máis de 400.000 persoas dependentes que están agardando un procedemento.
- As peticións de persoas sen fogar para aloxamentos alternativos ás que non se lles dá cobertura.
- A inviabilidade para a conciliación da vida familiar e laboral, en xeral, e, en particular, cando os proxenitores son persoal traballador de servizos esenciais con labor presencial, e non se dispón de outra axuda familiar, ou esta encóntrase con imposibilidade de desprazamento debido aos peches perimetrais, confinamentos, ou corentenas.
- O déficit de cobertura de protección ás mulleres, e ás súas crianzas, vítimas de violencia de xénero.
- Os enterramentos con total ausencia de familiares ou persoas achegadas, sen cobertura dun Plan de Atención psicosocial-familiar para os procesos de despedimento e dó polas persoas afectadas polo coronavirus.
- A falla de apoios a familias e fillos/as con discapacidade, por carencia de reforzos de persoal nos Centros, para o cumprimento das medidas de cuidados, contención e distancia social.
- O déficit da Prestación da Axuda a Domicilio e Teleasistencia a un grande número de persoas que viven soas. Persoas que están en isolamento social e familiar, e están a finar nos seus fogares sen a debida atención social.
- A fenda dixital, por carencia de dispositivos electrónicos das persoas en situación de necesidade, o cal impide realizar solicitudes de cobertura social en institucións públicas onde os rexistros están pechados, sendo establecido o requirimento de solicitudes mediante aplicacións electrónicas.

2. Por un Novo Plano de Emerxencia Social

Co gallo da Petición de Prórroga do Estado de Alarma, realizada o 20 de maio de 2020 no Congreso dos Deputados, o presidente do Goberno expresou que cumpría “resolver urxentemente o que non pode agardar”. Nesta terceira vaga de 2021, en materia de Servizos Sociais compre avaliar as actuacións realizadas nestes longos meses de pandemia, os déficits sinalados na sección anterior e outros detectados a partir da nosa intervención profesional. Como traballadoras/es sociais debemos destacar, analizar e sintetizar as boas prácticas detectadas, aquelas que puidesen dar lugar á implantación de medidas adecuadas para contar cun Plano de Emerxencia Social derivado da nosa experiencia acumulada como profesión. Este Plano non debería durar unicamente o tempo que se manteña a pandemia (imos pola terceira vaga; non podemos descartar novas vagas e gromos; mesmo, descoñecemos as repercusións sociais da situación presente). Entendemos que debe ser subliñada a situación de crise social, e non só sanitaria, ou dun sector específico da actividade produtiva, xerada no contexto do andazo.

Así, o Plano de Emerxencia Social deberá contar, cando menos, coas seguintes medidas:

- Axudas de Emerxencia Social Individualizadas Non Periódicas dos Concellos: estas Axudas deben ser aplicadas e mantidas por procedemento de urxencia, sen máis requirimentos que a prescrición da Traballadora/ Traballador Social como profesional de referencia do Sistema Público Municipal de Servizos Sociais.
- Regulación polo Goberno de Normativa sobre o carácter específico das Axudas de Emerxencia Social das Administracións Públicas: garantías orzamentarias para a súa aplicación inmediata; dispoñibilidade de caixa; fiscalidade do gasto a posteriori; recoñecemento de crédito ampliable do orzamento destas Axudas. Consonte ao anterior debe ser modificado o Artigo 2.4 da Lei 38/2003 de Subvencións, na que se establecen os supostos que “*Non teñen carácter de subvencións*” co obxecto de incluír entre eses supostos as Axudas de Emerxencia Social das Administracións Públicas.
- Potenciar os Centros de Servizos Sociais Municipais de Atención Primaria, os cales han xestionar as medidas do Plano de Emerxencia Social no que atinxe ás competencias das Corporacións Locais. Neste senso, proponse :
 - Creación de Unidades de Urxencia Social Presencial, nos Centros de Servizos Sociais Municipais de Atención Primaria.

- Aplicación urxente do financiamento necesario para evitar o colapso da atención social das unidades de Traballo Social dos Centros de Servizos Sociais, de acordo co ratio que o 5 de xuño de 2020 o *Consejo General del Trabajo Social* declarou necesario para unha intervención social de calidade perante a Comisión para a Reconstrución Social e Económica, no Congreso dos Deputados.
- Ampliación das Equipas Interprofesionais de acordo á experiencia da súa intervención para dar cobertura á demanda realmente producida.
- Aloxamentos Provisorios de Emerxencia Social para toda persoa sen fogar; cobertura de Alternativa Residencial, previa ao peche dos Aloxamentos Provisorios, evitando que as persoas sen fogar fiquen de novo na rúa sen protección social.
- Aloxamento alternativo de emerxencia, ofrecendo cobertura a todas as mulleres e aos seus fillos/as, vítimas de violencia de xénero, confinadas con maltratadores.
- Garantir o dereito á saúde, universal e normalizada no Sistema Sanitario, das persoas maiores que viven en Residencias de Servizos Sociais e noutros Centros Residenciais, sen exclusións por idade, discapacidade, ou calquer outro criterio formulado que retire dereitos. Reforzo sanitario nas Residencias de Maiores e doutros Centros de Servizos Sociais que o precisen, previo Convenio e Protocolo de cooperación entre Sanidade e Servizos Sociais. Xeneralización do Servizo de Xeriatria en Ambulatorios de Especialidades, así como nos Hospitais.
- Cobertura de financiamento das prestacións de Servizos Sociais da Lei 39/2006 de Protección da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia: Aplicar os acordos establecidos no Pacto de Estado pola Dependencia e desenvolver medidas que promovan a prevención da autonomía persoal e a intensidade das prestacións.
- Garantir a Atención a Domicilio e a Teleasistencia avanzada, a toda persoa ou unidade de convivencia que o precise, de acordo ás necesidades derivadas da situación de confinamento, peche perimetral, e isolamento social. Compre incrementar as horas aplicábeis de coidados persoais, servizos domésticos, servizos de atención psicosocial e voluntariado social que acompañan esta prestación.
- Incremento do Financiamento do Plano Nacional Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais para garantir o dereito aos Servizos Sociais da cidadanía, no nivel de proximidade máis achegado, os Concellos, de acordo coa previsión de custos

para a aplicación das medidas de competencia municipal do novo Plan de Emerxencia Social: Xestión das Axudas de Emerxencia Social; Programas de Axuda a Domicilio e Teleasistencia; Aloxamentos alternativos; Residenciais tales como Fogares, Casas de Acollida, Albergues, Pisos Tutelados; Miniresidencias Municipais; Programas de Inserción Laboral; Apoio ao Voluntariado Social... .

Será unha grande contribución para este novo Plano de Emerxencia Social, e para novos planos demandados por vindeiras crises, pór en funcionamento un Banco de Experiencias de Boas Prácticas producidas ao longo da experiencia acumulada en tempos de crise. Esas experiencias fornecerán un tesouro acumulado de Coñecemento e aplicación da Ética no Sistema Público de Servizos Sociais.

Nesta liña, o Plano de Servizos Sociais do Concello de Sagunto (na Comunidade Valenciana), elaborado pola compañeira Victoria Belis, é unha excelente mostra de Boas Prácticas Profesionais. O de Sagunto é un auténtico Plano Director e Coordinador de toda a actividade de emerxencia social do propio Concello, con todo o apoio da Alcaldía, da Corporación Municipal e a participación directa encomendada por Servizos Sociais de todos os outros Departamentos do Concello. Constatouse como, do mesmo xeito que na emerxencia sanitaria o goberno estatal deulle a dirección ao sistema de Saúde, no que atinxe á emerxencia social, o Concello de Sagunto soubo canalizar as necesidades esenciais de carácter social da cidadanía baixo a dirección dos Servizos Sociais. Todo un éxito do *Ajuntament* de Sagunto e dos traballadores municipais doutras Áreas, pódose ao dispor e baixo coordinación dos Servizos Sociais. Un grande éxito, tamén, da cidadanía traballando estreitamente como voluntariado dos Servizos Sociais. E, especialmente, todo un éxito das e dos Traballadores Sociais quen despregaron toda a súa capacidade de intervención, organización, coordinación e capacidade de xerar respostas perante todo o que se lles poñía? de manifesto, de xeito globalizado, ao servizo das necesidades das persoas máis directamente afectadas pola crise social xerada no contexto da pandemia: unha iniciativa que merece un grande recoñecemento social e profesional.

Estamos convencidas de que en todo o territorio do Estado español existen outras iniciativas que non se divulgaron aínda. Facemos un chamamento para que cada Colexio, no seu ámbito territorial, inicie unha escolma destas Boas Prácticas, pendentes de divulgación, para seren publicadas e partilladas por todo o colectivo profesional.

3. Pacto de reconstrución dos Servizos Sociais

Por conta das catro crises do Sistema Público de Servizos Sociais acumuladas antes do andazo de 2020-21, e a enorme crise social que está a xerar, neste

comezo de 2021 comece aplicar e desenvolver un Pacto de Reconstrución dos Servizos Sociais, demandado polas organizacións sociais e profesionais perante a Comisión de Reconstrución Social e Económica do Congreso dos Deputados para reconstruír e fortalecer o Sistema Público de Servizos Sociais e potenciar a súa capacidade para afrontar a atención social das persoas en situacións de necesidade social para a cobertura de necesidades sociais básicas no ámbito da convivencia persoal e social que competen ao Sistema Público de Servizos Sociais. Estas serían as catro propostas:

1. Artellamento e Coordinación dos Sistemas Públicos do Estado de Benestar Social, especialmente dos seus catro piares públicos: Educación, Sanidade, Seguridade Social e Servizos Sociais, así como dos servizos públicos de Emprego e Vivenda para facer efectiva, de forma transversal, a Inclusión Social, superando de vez todo tipo de discriminacións e exclusións institucionais. O tratamento integral e normalizado das necesidades básicas da cidadanía, require, pola súa vez, culminar a arquitectura do Estado de Benestar.
2. Do mesmo xeito que se fixo co reforzamento das políticas de ingresos económicos, creando o dereito ao Ingreso Mínimo Vital, procede colocar entre as prioridades da axenda política a Reconstrución e Reforzamento do Sistema Público de Servizos Sociais (único pilar do Estado de Benestar que carece dunha lei estatal) o cal require dunha Lei Estatal Xeral Básica de Servizos Sociais para garantir a aplicación efectiva do dereito universal ao Catálogo de prestacións de Servizos Sociais a toda a cidadanía española, con independencia do seu lugar de residencia, en condicións de igualdade.

Este reforzo pasa por potenciar e protexer as funcións das e dos profesionais dos Servizos Sociais; artellar a participación social e, especialmente, garantir o financiamento para facer efectivos os dereitos recoñecidos, a calidade na intervención social, a investigación, desenvolvemento e innovación do Sistema Público de Servizos Sociais, co mesmo status e tratamento institucional que corresponde aos Sistemas Públicos constituíntes, piares, do Estado de Benestar.
3. No contexto dunha Reforma da Constitución Española de 1978 debemos establecer como Dereitos Fundamentais Constitucionais, o Dereito aos Servizos Sociais, xunto coa Sanidade, a Seguranza Social e Prestacións Económicas Garantidas.
4. Desenvolver a participación social no Diálogo Social, incorporando, xunto cos interlocutores sociais históricos tamén aos Consellos Xerais de Colexios das profesións dos Sistemas Públicos do Estado de Benestar, incluído o *Consejo General de Colegios de Trabajo Social*, así como ás Asociacións Estatais de Defensa dos Sistemas Públicos do Estado de

Benestar, especialmente, no noso ámbito dos Servizos Sociais, a *Asociación Estatal de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales*. Por outra banda, a función de interlocutores sociais das Organizacións Feministas, Organizacións Familiares, ONGs, e Institucións sen fin de lucro de Acción Social debe ser tamén recoñecida.

Debemos entender, a modo de epílogo deste texto, que as fallas máis prementes do Sistema de Servizos Sociais Públicos veñen, cando menos, da segunda metade dos anos 90. Fóronse concatenando crise após crise. É claro que, como profesionais do Traballo Social, non podemos ollar cara outro lado na responsabilidade que nos corresponda, pero non é menos certo que o noso contexto, malia as nosas denuncias e os nosos actos, ficou, e aínda está, moi afastado de ser o acaído. Mesmo así, continuamos; non perdemos capacidade de análise, e artellamos respostas aos déficits que nós propias/os observamos como profesión e disciplina. O Novo Plano de Emerxencia Social, para xa, e o Pacto de reconstrución dos Servizos Sociais, que tenta revertir agresións anteriores ao Sistema, son cadanseus instrumentos para facer o inmediato e, por outro lado, refacer o que nunca debeu ser esmiazado. Iniciativas como o Banco de Experiencias de Boas Prácticas, se son adoptadas polos Colexios, fomentaran o noso autoconecemento de cara a esta e a próximas situacións de crise. Nestes meses estraños e escuros de andazo compre reencontrarnos, como en moitas partes estamos a facer, co mellor da nosa traxectoria histórica e desempeño profesional. Ninguén esqueza: somos Traballo Social.

REFERENCIAS:

- Belis, V.; Departamento de Servizos Sociais do *Ajuntament de Sagunt* (2020). Plano de Emerxencia Social do Ajuntament de Sagunt.
- <https://drive.google.com/file/d/1pyMnHkwaaJNNXCcJr4rCXvPUOtxev-QX5/view>
- Las Heras, M. P., e Cortajarena, E. (2014). *Introducción al Bienestar Social*. Madrid: Ediciones Paraninfo e Consejo General del Trabajo Social.
- Las Heras, M. P. (2019). *Trabajo Social y Servicios Sociales. Conocimiento y Ética*. Madrid: Ediciones Paraninfo e Consejo General del Trabajo Social.
- Vicente, E. ; Presidenta do *Consejo General del Trabajo Social*. (2020). Comparecencia na Comisión para a Reconstrución Social e Económica no Congreso dos Deputados.
- <https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=Hyc-SzzCZws&t=15s>

TRABALLO SOCIAL E RENDA BÁSICA: UNHA RELACIÓN SIMBIÓTICA

Belén Navarro Llobregat, traballadora social

RESUMO

Nesta reflexión preténdese partir dunha lectura crítica da aprobación do ingreso mínimo vital para analizar a configuración dos actuais programas de garantía de rendas existentes e a súa relación co traballo social. Se parte da escasa análise destes programas por parte da comunidade profesional a través da análise dos vocábulos implicados nos distintos dicionarios existentes. Ofrecense algunhas posibles explicacións a este desinterese científico e lánzase a hipótese de que a implicación nestes programas distorsiona o rol propio da profesión do traballo social apostando pola implantación da renda básica como medida de mellora para a cidadanía e á vez do propio desempeño profesional.

PALABRAS CLAVE

Ingreso mínimo vital, renda básica, subsistencia, garantía de ingresos, servizos sociais, pobreza, traballo social.

RESUMEN

En esta reflexión se pretende partir de una lectura crítica de la aprobación del ingreso mínimo vital para analizar la configuración de los actuales programas de garantía de rentas existentes y su relación con el trabajo social. Se parte del escaso análisis de estos programas por parte de la comunidad profesional a través del análisis de los vocablos implicados en los distin-

tos diccionarios existentes. Se ofrecen algunas posibles explicaciones a este desinterés científico y se lanza la hipótesis de que la implicación en estos programas distorsiona el rol propio de la profesión del trabajo social apostando por la implantación de la renta básica como medida de mejora para la ciudadanía y a la vez del propio desempeño profesional.

PALABRAS CLAVE

Ingreso mínimo vital, renta básica, subsistencia, garantía de ingresos, servicios sociales, pobreza, trabajo social.

ABSTRACT

In this reflection it is intended to start from a critical reading of the approval of the minimum vital income to analyze the configuration of the current programs guarantee of existing income and its relationship with social work. Is based on the scant analysis of these programs by the community professional through the analysis of the words involved in the different existing dictionaries. Some possible explanations are offered for this scientific disinterest and the hypothesis is launched that the implication in these programs distorts the proper role of the social work profession by betting for the introduction of basic income as an improvement measure for the citizenship and at the same time their own professional performance.

KEYWORDS

Vital minimum income, basic income, subsistence, guarantee of income, social services, poverty, social work.

1. UNHA OLLADA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO ACTUAL.

O pasado 15 de marzo de 2020 a pandemia ocasionada pola enfermidade COVID-19 obrigaba ao Goberno de España a decretar o estado de alarma. O país paralizouse. A actividade económica entrou nunha angustiada pausa debido ao confinamento nacional e nun dicir amén millóns de persoas que malviven no subsolo da economía irregular apareceron desesperadas pedindo auxilio. As perentorias necesidades vitais destas persoas puxeron ao descuberto as graves deficiencias dos diferentes sistemas de protección social do Estado español.

Neste axitado contexto social por fin logrou impoñerse na axenda política e mediática a necesidade de garantir a subsistencia como un dereito de

ciudadanía. O goberno comezou a barallar a posibilidade de implantar algún tipo de renda garantida que finalizou sendo o que hoxe coñecemos como ingreso mínimo vital (en diante IMV). Unha medida polémica antes de nacer pois a súa elaboración estivo marcada polas discrepancias máis ou menos veladas no seo do goberno de coalición. En realidade a confrontación era predicible dado que o deseño e a implementación de calquera sistema de garantía de ingresos susténtase, consciente ou inconscientemente, sobre unha determinada perspectiva ideolóxica -ou máis ben ontolóxica- previa, como máis adiante explicarei.

Que a garantía de ingresos aflore como tema de interese cidadán é unha boa noticia para o traballo social e é que tal e como reza a definición da FITS¹, os principios de xustiza social son importantes para o traballo social e poucas cousas poden ser tan inxustas como a imposibilidade para as persoas de cubrir as súas necesidades máis elementais. Neste sentido, a xustiza social que perseguimos desde a profesión é inalcanzable mentres pervivan os insoportables datos de desigualdade no noso país, datos que denunciou o exrelator especial sobre pobreza e dereitos humanos da ONU Philip Alston tras a súa visita a España. Alston tachounos como “alarmantemente altos”² o que pareceu escandalizar á maioría social a pesar de que esta insustentable situación xa viña sendo denunciada hai moito tempo por moitas entidades de iniciativa social, entre elas OXFAM. Os resultados do seu informe de 2019³ eran aterradores con anterioridade á pandemia. Valga como mostra este botón: España sitúase como o cuarto país máis desigual da UE. Hoxe, a ONG alerta no mesmo informe de que se estima un aumento do 19 % do desemprego en España a causa do coronavirus.

Se de algo serviu a pandemia, como digo, é para evidenciar as graves deficiencias dos diferentes sistemas de protección social en España e poñer sobre a mesa o debate sobre a garantía de ingresos. Un debate que o goberno resolveu coa implementación do IMV. Non parece aventurado afirmar que poucas medidas espertaron tanta controversia, non só entre a clase política. O IMV tamén suscitou discrepancias dentro da comunidade académica onde atopamos análises variadas. Nos extremos atopamos artigos que conclúen

¹ “O traballo social é unha profesión baseada na práctica e unha disciplina académica que promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social, e o fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios da xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto á diversidade son fundamentais para o traballo social. Apoiada polas teorías do traballo social, as ciencias sociais, as humanidades e os coñecementos indíxenas, o traballo social involucra ás persoas e as estruturas para facer fronte a desafíos da vida e aumentar o benestar.”

² <https://www.ohchr.org/SP/NewsEvents/Pages/DisplayNews.aspx?NewsID=25524&LangID=S>

³ <https://www.eapn.es/noticias/919/espana-en-el-cuarto-pais-mas-desigual-de-la-ue#:~:text=En%20Espa%C3%B1a%20la%20distancia%20ha,inm%C3%B3vil%2C%20especialmente%20en%20los%20extremos.>

que se trata dunha decisión histórica, tal e como afirma o prof. Noguera no *País* (2020): “Trátase dunha decisión histórica por moitos motivos. En primeiro lugar, España constituía unha anomalía neste sentido dentro da Unión Europea, como o único Estado carente dun programa destas características en todo o seu territorio”. Outros autores, situados no outro extremo, afirman: “O IMV vai fracasar en atallar a pobreza como ocorreu con todas as outras rendas mínimas” (Arcarons, Raventós e Torrens, 2020). A onda expansiva do controvertido IMV alcanzou a profesión do traballo social e por primeira vez na súa historia o Consello Xeral do Traballo Social organizou algo despois, o 13 de maio, un debate en liña que analizou a garantía de rendas e a súa relación co traballo social. O devandito debate xerou un documento denominado *Posicionamento do Consello Xeral do Traballo Social por un sistema de garantía de rendas*. Unha boa noticia para a profesión.

Os actuais sistemas de garantía de subsistencia (se é que pode considerarllos como tales) demostraron ser insuficientes, ineficaces e terriblemente burocráticos. Por desgraza todos teñen en común un deseño e funcionamento sustentado sobre dúas crenzas, e digo crenzas, unha, que a causa exclusiva da exclusión é a carencia de emprego e dous, que a subsistencia ha de ser condicionada a proxectos individuais de inclusión; en palabras de Celiméndiz (2020) aplícase a técnica do pau e a cenoria.

A esta configuración, que comparten a case totalidade dos programas de garantía de rendas do territorio español, hai que engadir o establecemento de implacables sistemas de control que o que manifestan en realidade é unha sospeita permanente sobre os seus beneficiarios. Alston resúmeo de forma clara e contundente: “En España, a asistencia social non combate eficazmente a pobreza” (2019, p.6). Cabería entrar a analizar que se entende por “asistencia social”, pero non é o obxecto deste artigo. A cuestión é que este “sistema burocrático arbitrario que nega axudas vitais sen dar explicacións” (Alston, 2019, p.4) ademais de ineficaz ocasiona sufrimento á cidadanía e o seu funcionamento require da nosa implicación, unha implicación que por outra banda deprecia a profesión. O perigo que supón a xestión dos diferentes subsidios condicionados e os evidentes beneficios da implantación da renda básica universal e incondicional en España constitúen a hipótese central esta reflexión.

Ata fai moi pouco no traballo social español non se produciu o necesario debate sobre como deberían articularse os sistemas de garantía de rendas en España e cal debería ser o noso papel neles, se é que tivese que ser algún. Na miña opinión, o desinterese cara á análise da garantía de subsistencia débese a varias cuestións, unha, que a súa xestión nos arroga un papel protagonista en servizos sociais, e dous, que desde a profesión non se profundou na filosofía que sustentan os actuais modelos de garantía de rendas. Por iso, propúxenme facer unha revisión dos termos relacionados coas rendas mínimas nos dicionarios de traballo social. Moitos deles aparecen

no documento *Posicionamiento del consejo general del trabajo social por un sistema de garantía de rentas* elaborado polo Consello Xeral do Traballo Social, no que tiven a honra de participar. Con todo, considero importante incluílos neste artigo pois calquera profesional do traballo social que pretenda formarse unha opinión libre de prexuízos sobre a garantía de subsistencia debe comezar por abrirse paso entre a maraña léxica que existe respecto diso. Sorprendentemente ningún dos dicionarios de traballo social existentes serviránlle de axuda pois os vocábulos que se analizarán a continuación de cando en cando aparecen neles. Tal ausencia é, sen dúbida, un síntoma do escaso interese que a subsistencia xerou na profesión para pesar do lugar preeminente que ocupa no desempeño profesional, xa sinalado.

Por outra banda (e relacionado co anterior) aínda que conviven distintas ideoloxías na profesión estas non chegaron a explicitarse debido ao predomínio de praxe xerenciais que baixo o paraugas do *modelo de xestión de casos* esconden prácticas de corte burocrático (Ariño, 2017). Estes enfoques contribúen a parapetarnos nunha suposta e discutible neutralidade científico-técnica, un erro epistemolóxico en ciencias sociais que xa foi desmontado hai moitos anos e foi sinalado por moitos autores referentes en traballo social como Barriga en 2009 a través da súa tese do traballo social desideoloxizado ou Zamanillo en 2018 quen afirma que o coñecemento da propia ideoloxía é un requisito para elixir a orientación analítica que cada un queira darlle ao seu camiño. A pesar diso o colectivo profesional segue padecendo a “ausencia de dous temas fundamentais, isto é, a natureza política da profesión e a perspectiva ideolóxica da institución e do propio profesional” (García, 2011, p.121) por máis artigos en sentido contrario que se escriban ou congresos nos que se sinale a confusión. Por todo iso, analizarei os termos relacionados cos sistemas de garantía de rendas e a continuación a filosofía que os sustenta. Comecemos coa terminoloxía:

2. APUNTAMENTOS TERMINOLÓXICOS URXENTES.

Os termos que se describen a continuación constitúen o eixe teórico sobre o que pivotan os actuais programas de garantía de rendas. Na súa procura consultáronse os seguintes dicionarios, os únicos en español dos que se ten constancia de que se publicaron no últimos vinte anos:

- Fernández, T., de Lorenzo, R., & Vázquez, O. (Eds.). (2012). *Diccionario de trabajo social*. Alianza Editorial.
- De Lucas, F., & Arias, A. (Eds.). (2010). *Diccionario internacional de trabajo social y servicios sociales* (1.a ed.). Miño y Dávila.

- Gutiérrez, A. M., Morales, M., Ortiz, I., & Rivas, M. (2013). *Diccionario práctico de trabajo social* (R. Arredondo & F. Cosano (Eds.); 2.a ed.). Colegio oficial de trabajo social de Málaga.
- Cosano, F., Gutiérrez, A. M., Morales, M., Ortiz, I., & Rivas, M. (2010). *Diccionario práctico trabajo social* (R. Arredondo (Ed.); 1.a ed.). Colegio oficial de trabajo social de Málaga.

Na actualidade gástanse inxentes cantidades de tempo, diñeiro e esforzo en deseñar programas nos que, á maneira do pau e a cenoria como afirmaba Celiméndiz en páxinas precedentes, as profesionais habemos de disciplinar as persoas en risco para que se *inclúan e saian* das dinámicas de exclusión das que, por outra banda, non son de ningún xeito responsables ao ser precisamente esas dinámicas as que os poñen en risco (Ávila, Cassián, García e Pérez, 2019) sen que ninguén se ocupe de modificar esas dinámicas, as estruturas que as soportan e as crenzas que as xustifican. A atribución causal que soportan as persoas empobrecidas é aterradora á vez que eficaz. O termo *activación laboral* é unha mostra diso.

2.1. Activación laboral.

As políticas activas de emprego, coñecidas como políticas de activación, son intervencións do Estado no mercado laboral para axudar as persoas desempregadas a atopar emprego. Estas políticas fan unha atribución causal individual ao desemprego e inclúen unha importante carga moral. Con todo *obvian os graves problemas estruturais do mercado de traballo actual e cargan sobre os ombreiros das persoas o peso da empregabilidade. Moitas persoas necesitan apoio para a integración laboral e os sistemas de emprego han de traballar nesa dirección, pero non se poden obviar os graves problemas estruturais que afectan o noso país en material laboral* (Celiméndiz, Lago e Navarro, 2020, p.6).

Resulta curioso o uso do termo *activación* tendo en conta que a Real Academia da Lingua (en diante RAE) xa reconece o termo *empleabilidad*. Parece ser que a activación laboral, a diferenza da empregabilidade obra milagres, cousa que dista moito de ser certa; neste sentido as palabras dun técnico de emprego na revista *Sin permiso* son moi esclarecedoras:

O destacado debe ser a catapulta que nos debe estimular para ser a mellor versión de nós mesmos, a través da asunción dunha ética e moralidade que, como sinala Cubillos (2014) nos faga reflexionar no abandono dunha función de control orientada pola normativa da institución desde onde se interveña, defendendo unha relación profesional-persoa, cálida e igualitaria. Baixo este raciocinio, a subordinación aos valores tradúcese nunha maior felicidade, alegría e tranquilidade para e cos demais, tendo en conta que, todos necesitamos amor e afecto nas nosas vidas para poder desenvolvernos persoal, profesional e socialmente desde a vontade de axudar xenerosamente. Así, responde a “sólidos principios e valores encamiñados cara á procura das premisas reais da intervención, como son os tan anhelados cambios de vida, transformación das condutas nocivas, liberación das opresións ou o combate ao encadeamento ás ignorancias, entre moitas outras” (Bruno, 2018, p. 12).

Ademais, débese interpelar detalladamente a dimensión humanista ao recoñecer o valor e a dignidade da persoa (Domínguez, 2002), e convén que exista unha imbricación entre ese amor e as garantías no cumprimento do enfoque de dereitos sociais e humanos establecido nos diversos marcos normativos nacionais e supranacionais, non por caridade, nin por filantropía, senón polo principio de responsabilidade pública.

1.4 Contexto de aplicabilidade do modelo empático-emocional

Fidedignamente, pódese aplicar nos diferentes niveis de intervención do traballo social (individual, familiar, grupal e comunitario) e nos diversos escenarios, ámbitos e contextos da acción social, tanto institucionais, como do terceiro sector, como na esfera privada ou no exercicio libre da profesión, e considérase que, o modelo esbozado, pode coexistir xunto con outros modelos e ao mesmo tempo, pode ser extrapolado a outras disciplinas máis aló do traballo social, a outras realidades e a outros lugares.

1.5 Fundamentación e xustificación teórica do modelo empático-emocional

O modelo exhibido, á parte de conformarse sobre a base maioritaria de reflexións propias, derivadas da sistematización da práctica profesional, imbrégñase de consideracións, características, postulados e principios doutras

teorías —como sucede con e na maior parte dos modelos de intervención en traballo social— co obxecto de construír unha tendencia ecléctica que enriqueza os fundamentos deste. Ao fío do exposto, expoñeranse as cuestións máis substanciais de cada unha das teorías que conectan cos principios básicos do modelo proposto.³

1.5.1 Teoría centrada na persoa:

Aínda que a súa aplicabilidade esencialmente se manifesta no contexto e co colectivo de persoas maiores e na discapacidade, enténdese que os seus razoamentos, principios inspiradores e valores se poden extrapolar perfectamente, con certas adaptacións e matices como todos e cada un do resto dos modelos existentes, a outros escenarios e ámbitos de actuación. Aquí dáselle prioridade á autodeterminación da persoa, promóvese a súa dignidade como ser irrepentible como protagonista das súas decisións e do seu proxecto de vida, apoderándoa como suxeito, é dicir, búscase a personalización da/s persoa/s, non entendida como obxecto pasivo en e da intervención, polo tanto, falamos dunha intervención social participativa ou representativa, onde a/s persoa/s expoñen as súas propias estratexias de cambio e transformación, considerando que os diferentes recursos sociais deben adaptarse a estas e non estas aos diversos recursos sociais. Así mesmo, tense en conta non soamente as vulnerabilidades e fragilidades, senón máis ben, as potencialidades e as fortalezas, así como se lles presta atención ás habilidades, destrezas e capacidades.

1.5.2 Teoría construtivista:

O ser humano sitúase no marco do cognitivo, afectivo e social, téntase capacitar a/s persoa/s con ferramentas, estratexias e aprendizaxes que lles permitan construír os seus propios procesos de transformación e cambio, é dicir, como suxeitos proactivos, dinámicos e interactivos mediante unha aprendizaxe autónoma e construtiva. A realidade é unha mirada que responde persoalmente a un esquema de entender a vida. Desta forma, realizando unha analoxía co modelo presentado, téntase a través da esfera empática-emocional que a/s persoa/s aprendan a solucionar as problemáticas desde e coas súas propias ferramentas, construíndo o seu propio coñecemento a través do dinamismo, desde diferentes perspectivas da realidade que se adaptan a cada suxeito, concibindo a aprendizaxe persoal, emocional e colectivo en cooperación con outras persoas e o profesional ou facilitador.

³ Evidentemente, non se tratará escrupulosamente cada un das teorías que se presentan e que, en maior ou menor medida, se nutre o modelo que se expón, senón simplemente se plasmarán aqueles alicerces reitores que manteñen unha coincidencia e se relacionan directamente cos postulados do modelo empático-emocional.

1.5.3 Teoría da comunicación:

Préstaselle atención ao dialóxico e comunicativo, así como aos fenómenos orixinados por e nas propias relacións interpersoais, onde se lle asigna importancia á contorna, ao pensamento interno e ás emocións, para os efectos do dialogo comunicativo compartido. Promove espazos de encontro onde o verbal e o non verbal constitúen a punta de lanza no proceso comunicativo. Destaca particularmente no seu obxectivo de lograr o cambio social e persoal, analizar a forma e o modo en que se crean e son manexadas as relacións e as interaccións, buscando un equilibrio nas relacións comunicativas, minimizando os prexuízos e as ideas preconcebidas, maximizando o comportamento asertivo e a necesidades persoais. En suma, nas relacións, non se externalizan cuestións de poder, dominación e/ou subordinación, así que, esta teoría tenta identificar a opresión e a inxustiza para neutralizala, achega as condutas pasivas e agresivas ao marco da sociabilidade e potencia un equilibrio e equidade nos procesos comunicacionais.

1.5.4 Teoría humanista e existencialista:

A/s persoa/s constitúen un todo, a interacción que se produce desde a comprensión e o respecto ás súas vivencias, desde a sinceridade, a incondicionalidade e a complicidade entre o traballador/a social e a/s persoa/s. Interésase por influír positivamente no crecemento persoal e humano mediante a axuda profesionalizada e o apoio mutuo, mantendo unha relación empática e afectiva entre as partes na intervención, onde a/s persoa/s adoptan unha participación activa e son protagonistas dos seus procesos transformadores. Prima a defensa dos dereitos da/s persoa/s. Necesita que, o traballador/a social, dispoña dunha certa madurez persoal e emocional e este é un mero altofalante e ensinante para que, a/s persoa/s, poñan en liza os seus coñecementos e esforzos para transitar cara a unha situación persoal, social e contextual normalizada.

1.5.5 Teoría dunha ética non paternalista e da ética do coidado:

A súa finalidade é potenciar as capacidades e potencialidades da/s persoa/s co obxecto de que poidan asumir as decisións por si mesmas, a través do acompañamento do/da traballador/a social, dáselle prioridade ao valor da autonomía persoal e da liberdade de elixir, seleccionado aqueles camiños que considere que van trasladar a unha maior calidade de vida e a un benestar persoal, social e emocional. Deste xeito, a/s persoa/s constitúen o centro de atención e o eixe fundamental da actuación profesionalizada. Apélase á xustiza social, ás relacións afectivas, á comunicación interpersoal e social, á cooperación, á igualdade, á equidade, aos dereitos, á liberdade individual,

á ponderación dos principios inspiradores en valores sociais, ideolóxicos, morais etc. Propón sustentarse nun marco ético que garanta os dereitos sociais e humanos da/s persoa/s respectando os dos demais, en certo xeito, fai alusión a un adecuado desenvolvemento de procesos empáticos e asertivos.

1.5.6 Teorías sobre modelos cognitivos:

O pensamento da/s persoa/s ten como obxecto o cambio da conduta, mediante e aprendizaxe social, ante as diversas situacións e feitos sociais segundo a nosa apreciación e percepción da realidade. O obxecto tamén é axudarlles de maneira profesionalizada á/s persoa/s a atopar nas súas vidas solucións aos seus problemas e situacións de malestar social vinculados coa concepción e comprensión do mundo. Comezar desde a posición da/s persoa/s construíndo as súas versións persoais e sociais da realidade mediante as súas vivencias e experiencia, é dicir, a través do vivido e aprendido. A maior parte da aprendizaxe conceptual provén das interaccións con outras persoas, para poder pasar dun extremo a outro unha relación baséase na voluntariedade e vontade de ambas as partes. Os principios básicos máis destacados son a configuración duns servizos sociais máis accesibles, o importante son as solucións, non os problemas, a función e rol do/da traballador/a social é operar a aprendizaxe e o cambio, a/s persoa/s deberían ser estimulados a modificar as convencións racionais de pensamento por outras máis creativas sendo conscientes de que deben aceptar que todo cambio leva unha inseguridade, a aprendizaxe é transferible aos problemas da vida, asumir riscos e utilizar o estilo de aprendizaxe propia da/s persoa/s. A necesidade básica para todos é que o/a traballador/a social debe tratar de incrementar a autonomía en beneficio da/s persoa/s. En suma, a esperanza como eixe da motivación.

2. Abrindo portas e xanelas: consideracións para continuar reflexionando e repensando

En síntese, a modo de resumo, expóñense os aspectos máis suxestivos abordados no texto:

- Aínda que, a priori, puidese parecelo, este modelo de intervención, non se basea en ningunha formulación clínica en sentido estrito, polo menos, iso non é o que se pretenda, aínda que este cree un efecto terapéutico, transformador e multiplicador persoal e social. Está máis ben orientado aos procesos sociais, empáticos e comunicativos, así, desde a relacións interpersoais, tenta propagar condutas asertivas en detrimento das pasivas e as agresivas, todo iso, xunto coa comprensión, o acompañamento, o entendemento, todo iso, desde o paraugas do amor. Así, trátase dunha mera proposta de modelo que pode e debe mello-

rarse con novas achegas, con críticas construtivas, cun maior soporte epistémico, experiencial e vivencial.

- A intervención a nivel macro, desde a cosmovisión do traballo social, ampárase e fundaméntase nas correntes teóricas paradigmáticas materializadas nas seguintes lóxicas: a lóxica-racional, a empático-emocional e a de enfoque ou perspectiva de dereitos, permeado, por unha mirada “sentí-pensante”. A nivel micro, a intervención social participativa ou representativa susténtase fundamentalmente en dúas dimensións: a dimensión transformadora e a dimensión humanista. Obviouse a dimensión asistencialista ao non ser aconsellable a súa aplicabilidade no modelo que nos ocupa. O traballador/a social sitúase nos diferentes niveis de intervención: individual, familiar, grupal ou comunitario no mesmo plano de igualdade, buscando unha equidade que permita resolver os procesos resolutivos desde unha mirada afectiva e emocional, conxunta e coparticipativa.
- O traballador/a social debe transfigurarse nun artista e escultor do amor (mirada sentimentalista) que axuda a progresar, non simplemente mediante a explicitación das súas erudicións teórico-prácticas (mirada pensante), senón máis ben, servíndolles a modo de cravo ao que poidan agarrarse cando sintan que, o barco da súa vida, está a naufragar no medio dunha tormenta, constituíndonos como esa áncora que sirva para afastar os sentimentos negativos, animando e custodiando en momentos de tristeza e desesperación. Así, constituímonos como o referente que serve de guía para ver a luz ao final do túnel, desde esa ilusión de esperanza onde na vida todo ten solución mentres nos queda vida.
- Como se asentou, a intervención social participativa ou representativa, non está suxeita á proximidade, ciméntase a través dun proceso prolongado e perdurable no espazo e no tempo, tendo en conta que, do mesmo xeito que a resolución dos problemas, a arquitectura da confianza e os climas afectivos e emocionais, requiren dun certo camiño para que se fragüen auténticos procesos de amor compartido que sirvan para un socorro consciente, e a positividade é o culmen dos intelixentes e a mellor ferramenta para a modificación dos resultados. Así mesmo, implica que nos atopamos ante seres humanos conformados por multitude de dimensións e dotados de valores e dereitos innatos.
- O modelo, reforza a negación dos prexuízos e a evitación dos xuízos de valor, agrupando os esforzos na colaboración para tomar decisións, onde a liberdade de elección das persoas e a simétrica deben estar por encima de calquera superioridade ou poder que establezan as normas da institución ou asociación da que dependamos. Tenta buscar un equilibrio nos procesos madurativos de axuda profesionalizada, entendendo que, máis aló dos recursos, servizos, axudas e prestacións, que

constitúen indisputablemente armas para lidar contra a desigualdade, se atopa o apoderamento dentro dunha complexidade distópica que habemos de superar conxuntamente, situando as nosas lentes nas profundidades das potencialidades e fortalezas, non na superficialidade das negatividade e fragilidades.

- Ao mesmo tempo, convida a desvelar as contrariedades desde unha dobre mirada, a do traballador/a social e a/s persoa/s que están a padecer a situación de malestar social. Isto permite unha visión holística que garante unha maior probabilidade de realizar unha adecuada entrevista e diagnóstico social, ás que, Teresa Zamanillo (2012) lles asigna un gran peso, expresando o poder que nos confire a profesión. Por iso, debemos ser o máis certos posibles no momento de identificar e deseñar conxuntamente o itinerario que nos levará ao ulterior proceso resolutivo, sen esquecer que, non observamos a realidade como realmente é, observámola como somos, e necesitamos comparar puntos de vista, pensamentos, ideas e criterios para un eficaz e efectivo proceso analítico transformador ou explicitado de forma máis clara, a idea transformadora sustentada no proceso comunicacional suxire unha interconexión e coordinación de e entre todos os elementos que o conforman (Aguado, 2004).
- Asume que, as decisións que se adopten no presente, en considerables casos, condicionarán e definirán o percorrido futuro. Por tanto, o modelo presentado tenta prepararnos fronte ás calamidades e permite que manteñamos a nosa dignidade e integridade ante os avatares e esixencias da vida, ensinanos a superar as derrotas, crea oportunidades das dificultades, e é o deber da/s persoa/s sobrepoñerse a toda angustia, tristeza, depresión e malestar, todos estes conflitos servirán como un trampolín que asenta o fortalecemento para saír airosos e vitoriosos, fragmentando a realidade e as circunstancias que nos rodean. Identifica a nosa esencia, sabendo escoitar activamente, e promover unha equidade entre o necesario e o superfluo, entre as desvantaxes e as oportunidades, poñer freo aos obstáculos que limitan o crecemento desde unha gama de cores que especifiquen unha descrición cromática que admita unha felicidade plena, desde a base do amor cara a un mesmo e aos demais.
- Recoméndase que, na intervención social participativa ou representativa, o/a traballador/a social e os múltiples servizos e recursos se adapten ás persoas, e obxectivamente son estas, as institucións e as asociacións, as que deben formalizar un cambio de paradigma asumindo un modelo centrado na persoa. E aí atópase a clave que debe servir para abrir as mentes, para transitar dun traballo social lineal ancorado en vellos hábitos a outro baseado en esquemas mentais plurais desde un amor que manifeste os desafíos da disciplina en pleno século XXI. A

modo de exemplo, buscamos tanta científicidade en escritos e investigacións, sen decatarnos que a verdadeira sabedoría que encerra os maiores ensinos e aprendizaxes é aquela que se adoita esconder detrás da naturalidade, dunha conversación, dun consello, dun mero abrazo.

- Como é sabido, a maior parte de modelos de intervención en traballo social, e mesmo, as mesmas teorías, nótrense dos principios inspiradores e postulados doutros modelos e teorías, á súa vez estes e estas, baséanse noutras e deste xeito, a construción do coñecemento, neste sentido, é circular e totalmente ecléctico, aínda que, malia que se desenvolveu a oportuna xustificación epistemolóxica, a maior parte dos contidos do modelo proposto dimanaron da miña experiencia persoal e profesional como se comentaba anteriormente. Dito isto, cardinalmente, o modelo empático-emocional, comparte desde unha mestranza sapiente, en maior ou menor grao, elementos procedentes das seguintes teorías: teoría centrada na persoa, a construtivista, da comunicación, humanista e existencialista, dunha ética non paternalista e da ética do coidado e sobre modelos cognitivos.
- En resumidas contas, antes de concluír coas miñas formulacións discursivo-reflexivas, quixera facer mención a Tomás Villasante que prologou o libro de Loly Hernández e Alex Curbelo *Otro Trabajo Social es Posible. Construyendo Ciudadanía* e réstame simplemente asumir, compartir e reproducir as súas palabras “No nos gusta el Trabajo Social tal como, en general, se viene haciendo en las Comunidades Autónomas, Ayuntamientos y entidades sociales que proclaman que lo hacen, ni nos gusta cómo las Universidades, también en general, dicen enseñar para formar esta profesión. Creemos por las pocas experiencias de entidades y profesionales y profesores que hacen otro Trabajo Social, que es posible que se le dé un contenido transformador y no solo asistencialista, que se pueden aplicar lógicas de la complejidad y fundamentos no tan lineales y simplistas (...)”

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aguado, J.M. (2004). *Introducción a las teorías de la Información y Comunicación*. Murcia: Universidad de Murcia.
- Ariño, M e Berasaluze, A. (2018). *Cuerpos de pensamiento: a propósito de los modelos en Trabajo Social*. *Revista de Treball Social*, 29-40.
- Barranco, C. (2007). La construcción del conocimiento y visión de las perspectivas paradigmáticas y teorías aplicadas en los modelos de Trabajo Social. *Servicios Sociales y Política Social*, 80, 65-79.

- Bruno, F. et al., (2018). El construccionismo social, desde el trabajo social: modelando la intervención social construccionista. *Revista Marguen*, 91, 1-15.
- Cubillos, C. (2014). Ética para la intervención social. Los valores aportados por el Trabajo Social y las éticas del cuidado y no paternalista como modelos de referencia para la práctica profesional. *Revista Trabajo Social. Pontificia Universidad Católica de Chile*, 87, 1-18.
- De la Paz, P. (2011). La intervención en Trabajo Social desde la perspectiva de las fortalezas. *Cuadernos de Trabajo Social*, Vol. 24, 155-163.
- Domínguez, M. J. (2002). El sentido de lo humano en la teoría y la práctica del trabajo social. *Humanismo y Trabajo Social*, Vol. 1, 57-82.
- Du Ranquet, M. (1996). *Los modelos en trabajo social. Intervención con personas y familias*. Madrid: Siglo XXI.
- Escartín, M. J. (1998). *Manual del Trabajo Social (Modelos de práctica profesional)*. Valencia: Amalgama.
- Fernández, S. (2017). La teoría en la Intervención social. Modelos y enfoques para el Trabajo Social del siglo XXI. *Acción social. Revista de Política social y Servicios Sociales*, Vol I, (1), 9-43.
- Hernández, L e Curbelo, A. (2017). *Otro Trabajo Social es Posible. Construyendo Ciudadanía*. Observatorio Internacional de Ciudadanía y Medio Ambiente Sostenible. Madrid: CIMAS.
- Payne, M. (1995). *Teorías contemporáneas del trabajo social*. Barcelona: Paidós.
- Salcedo, D. (2010). Los fundamentos normativos de las profesiones y los deberes de los trabajadores sociales. *Trabajo Social Global. Revista de Investigaciones en Intervención Social*, 1, 1, 10-38.
- Sierra, R. (1984). *Ciencias sociales: Epistemología, Lógica y Metodología*. Madrid: Paraninfo.
- Viscarret, J. J. (2007). *Modelos y métodos de intervención en trabajo social*. Madrid: Alianza.
- Zamanillo, T. (2012). Las relaciones de poder en las profesiones de ayuda. Una cuestión ética de primer orden. *Azarbe Revista Internacional de Trabajo Social y Bienestar Social*, 1, 157-171.

PROXECTO PILOTO DE CENTRO OCUPACIONAL E DE FORMACIÓN PARA A REPOBOACIÓN ESTRATÉXICA SUSTENTABLE

Estefanía Vázquez Cruz
Grao en Traballo Social. Traballadora social no concello de
fanyvazquezcruz@gmail.com

RESUMO

Esta idea de proxecto piloto para a creación dun centro de formación ocupacional para a repoboación estratéxica sustentable do rural galego, xorde do estudo exhaustivo da situación actual do rural de alta montaña.

A proposta de intervención apóiase nos fundamentos teórico-metodolóxicos do traballo social comunitario, coa finalidade de capacitar e apoderar as persoas mediante un proceso formativo-ocupacional; fomentar o asentamento de neopoboadores nas zonas rurais máis castigadas; e -se fora posible- converterse nun referente de boas prácticas e observatorio no que implementar outros modelos de intervención comunitaria innovadores.

PALABRAS CLAVE

Traballo social comunitario, repoboación estratéxica sostible, formación ocupacional, desenvolvemento rural, incorporación social

RESUMEN

Esta idea de proyecto piloto para la creación de un centro de formación ocupacional para la repoblación estratégica sostenible del rural gallego, surge del estudio exhaustivo de la situación actual del rural de alta montaña.

La propuesta de intervención se apoya en los fundamentos teórico-metodológicos del trabajo social comunitario, con la finalidad de capacitar y empoderar a las personas mediante un proceso formativo-ocupacional; fomentar el asentamiento de nuevos pobladores en las zonas rurales más castigadas; y -si fuera posible- convertirse en un referente de buenas prácticas y observatorio en el que implementar otros modelos de intervención comunitaria innovadores.

PALABRAS CLAVE

Trabajo social comunitario, repoblación estratégica sostenible, formación ocupacional, desarrollo rural, incorporación social

ABSTRACT

This idea of a pilot project for the creation of an occupational training center for the sustainable strategic repopulation of rural Galicia, arises from the exhaustive study of the current situation of rural high mountains.

The intervention proposal is based on the theoretical-methodological foundations of community social work, in order to train and empower people through an occupational-training process; promote the settlement of new settlers in the most affected rural areas; and-if possible-to become a benchmark for good practices and an observatory in which to implement other innovative community intervention models.

KEY WORDS

Community social work, sustainable strategic repopulation, occupational training, rural development, social incorporation

INTRODUCCIÓN

A despoboación rural é un tema en boga na actualidade, aínda que non é unha problemática que xurdise da noite para a mañá, nin para a que exista unha “receita máxica”. Neste sentido, moitas publicacións identifican os

movementos migratorios do século XVIII como os antecedentes do que hoxe denominamos despoboación rural.

Segundo Saco (2004), dende entón o “goteo de efectivos humanos” cara a zonas con máis e/ou con mellores recursos non se detivo, senón que en ocasións rebrotou con máis intensidade e deu lugar a unha situación de despoboación extrema, e en consecuencia, ao incremento dos “poboados pantasma”.

Para tentar reducir este fenómeno, dende hai algún tempo, estanse a promover iniciativas tanto públicas coma privadas; motivadas pola preocupación por atraer -e fixar- poboación no rural, tanto en Galicia coma noutros territorios.

Como veremos, existen moitas casuísticas que inflúen no éxito das repoboacións postas en marcha na historia. Non obstante, hai dous factores -un intrínseco e outro extrínseco- que son determinantes para garantir o éxito de calquera iniciativa. O primeiro está máis relacionado coa motivación, o apoderamento e a capacitación das persoas neopoboadoras para emprender; mentres que o segundo ten que ver co proceso de asimilación e as relacións que se establecen coa comunidade receptora.

Partindo desta idea, cremos oportuno realizar unha proposta de intervención dende o traballo social, exercendo como promotoras ou catalizadoras de sinerxias, como mediadoras nas relacións entre todos os axentes implicados (administracións, “indíxenas”¹ e persoas neopoboadoras), como acompañantes ou facilitadoras dos procesos de cambio social etc.

En resumo, esta iniciativa pretende a recuperación efectiva da comunidade na que se realice o proxecto, así como o mantemento dos servizos públicos e dos espazos rurais da contorna; á vez que aspira a converterse nun referente para a implementación de modelos de intervención que impliquen a capacitación e o apoderamento das persoas -e dos colectivos máis desfavorecidos- dende unha perspectiva integral e sustentable.

1. ESTADO DA CUESTIÓN

1.1. Apreciacións terminolóxicas

O Centro de Estudos sobre Despoboación e Desenvolvemento de Áreas Rurais (CEDDAR) (2017) identifica a despoboación como o fenómeno demográfico e territorial resultante do crecemento vexetativo negativo, do saldo mi-

¹ Termo acuñado por Saco, A. para referirse as persoas nadas -ou asimiladas como tal- que viven nun territorio afectado pola despoboación.

gratorio negativo, ou de ambos. Mentres, a repoboación implica tamén o aproveitamento do terreo, a defensa e a estrutura política daquelas zonas abandonadas ou reconquistadas (Pérez e Gardey, 2015).

Moitas investigacións definen a repoboación como un fenómeno complexo, en tanto que pode darse de forma espontánea ou planificada, e con ou sen voluntariedade. Deste xeito identificamos a “repoboación planificada” como o proceso buscado polo Estado, co que as persoas mobilizadas poden -ou non- estar de acordo; podería chegar a producirse de xeito forzoso se houbera oposición da comunidade; e a “repoboación voluntaria²” cando a decisión de mobilizarse é tomada polas persoas.

Pese a todo, as repoboacións adoitan ser procesos migratorios positivos porque se xeran -na maioría dos casos- dende espazos que non ofrecen seguridade ou benestar cara a outros que si o fan; e porque a nova poboación pode implicar a reactivación económica, a expansión territorial, o incremento dos servizos a cidadanía, a apertura de novos nichos de emprego etc.

1.2. A despoboación, un problema para os contornos rurais

1.2.1. A despoboación en España

O informe da Comisión de Despoboación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) (2017) indica que, dos 8.125 concellos españois, 4.995 tiñan no 2016 menos de 1.000 habitantes; e de estes, 2.652 tiñan censados menos de 500 habitantes. E é máis, dous de cada dez non pasaban dos 100 veciños; isto significa que a metade dos concellos estaban xa “en risco de extinción” (FEMP, 2017, p. 8). Nesta liña tamén alertaba Pérez (2016), cando facía referencia ao número de aldeas abandonadas rexistradas en España, que xa ascendía a principios do 2016 a 3.287.

Cabe salientar que a dita problemática non está presente de igual maneira en todos os lugares, e Galicia, Asturias, A Rioxa, Castela-A Mancha, Castela León e Aragón son os territorios máis afectados. Estes territorios ocupan o 52,8 % da superficie do país, e concentran o 55 % dos municipios, aproximadamente uns 4.463; con todo, neles só vive o 21 % da poboación total (Civieta, 2018).

Se a isto lle sumamos que a crise demográfica afecta con maior virulencia a “ruralidade remota” (Saco, 2010); é dicir, as zonas cunha dispersión demo-

² Non ten en consideración a liberdade de elección, entendida como o non condicionamento das persoas con relación aos distintos fenómenos sociais que as afectan; de xeito que obvia-
lois enmascara as distintas realidades e dificulta o éxito das iniciativas.

gráfica máis acusada e localizadas fóra do ámbito de influencia das urbes, o panorama preséntase desolador para gran parte do noso territorio.

1.2.2. A despoboación en Galicia

Segundo Pérez (2015, 2016) Galicia encabeza a clasificación da despoboación española, en tanto que a metade de aldeas baleiras (1.614 no 2014 e 1.669 no 2015) pertencían á nosa comunidade, ao igual que o 70 % das que se atopaban “en perigo de extinción” (1.960 no 2014 e 1.971 no 2015).

Ademais, Galicia é unha das comunidades con maior dispersión poboacional (conta con máis de 30 000 núcleos poboacionais). Esta particularidade, xunto co envellecemento poboacional e a falta de relevo xeracional do que se fai eco o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (OGDD) (2018), supón que as cifras de despoboación superen as do resto de comunidades, á vez que posiciona a Galicia como un dos territorios máis afectados.

Neste sentido a xornalista manifesta que a desertización do rural galego é unha constante que se agrava ano a ano, polo que fai fincapé en que cada semana unha aldea galega perde os seus últimos poboadores; e como exemplos representativos atopamos a contorna do interior de Lugo e Ourense.

1.2.3. A despoboación en Ourense

Ourense caracterízase por ser unha das provincias máis rurais da comunidade, e por albergar a poboación máis avellentada de Galicia; tanto é así que a media de idade para o ano 2017 estableceuse nos 51,88 anos, fronte aos 48,31 e 44,22 anos de media para Galicia e España (OGDD, 2018).

Non obstante, Pérez (2015) matiza que Ourense é a provincia con menos núcleos poboacionais deshabitados de Galicia. Este paradoxo débese -entre outros factores- á resistencia das persoas maiores a abandonar as súas casas; o que posibilita o mantemento de moitos núcleos poboacionais pequenos.

Con todo, a situación tórnase moito máis complexa nas zonas de alta montaña; onde a orografía e climatoloxía adversas, e a inviabilidade do relevo xeracional, contribúen a que as poboacións se atopen “en perigo de extinción”.

1.3. Implicacións da despoboación

Para Pérez (2016), a intensidade do fenómeno en Galicia explícase pola dispersión demográfica, o avellentamento poboacional, a migración cara á

cidade e a insuficiencia das políticas de reequilibrio territorial e de apoio ao rural. En cambio, a FEMP (2017) pon o foco no desequilibrio territorial, na perda de potenciais activos de riqueza polo desaproveitamento dos recursos endóxeos, e no compromiso económico que a desertización supón para as arcas públicas. Sobre estas cuestións tamén fala Saco (2010) cando afirma que a diminución da actividade agrogandeira, a falta de adaptación aos novos contextos, así como o abandono das propiedades ou a escasa migración pon en perigo calquera futuro baseado nas producións de calidade e no turismo rural. Por tanto, coa despoboación desaparecen os produtores de alimentos e de paisaxe, increméntase o risco de incendios, diminúen os servizos e as opcións laborais, redúcense os investimentos en comunicacións, pérdese o acervo cultural e desdebúxanse as identidades e modelos de vida dos pobos.

Para garantir a viabilidade do rural a FEMP (2017) propón que as administracións implementen medidas para o mantemento da poboación, mentres que Saco (2010), avoga tamén por estudar a dimensión socio-espacial do desenvolvemento e o cambio social para definiren as problemáticas e necesidades do rural, así como as actuacións para contrarrestalas.

En definitiva, debemos promover iniciativas que revertan a tendencia actual co menor custo e o maior impacto posible, achegando un “óptimo de despoboación” (Lazovski e Saco, 2015) que permita manter os servizos á cidadanía, dinamizar a economía local, ampliar a oferta de traballo para ocupacións relacionadas coas actividades turísticas ou de servizos; e posibilitar o intercambio de experiencias e coñecementos cos indíxenas, coñecedores das estratexias máis axeitadas ou mellor adaptadas.

1.4. Antecedentes históricos da repoboación

1.4.1. A “repoboación” na época dos Imperios

A repoboación é un feito que se repite historicamente en diferentes contextos. Na antigüidade era habitual utilizar o método da implantación³ para asentar novas poboacións nos territorios engadidos pola exploración e a conquista; como nos casos do Imperio tsarista na súa expansión cara ao leste e o sur, do imperio turco na expansión por Oriente Próximo e a Península Balcánica ou dos imperios francés e inglés.

Outro exemplo sería América, xa que para a conquista se empregaron modelos de asentamento e control do territorio. Mentres que tras a inde-

³ Consistía en adxudicar o territorio a unha institución con poder para mobilizar unha porción de poboación “de rango inferior”, coa que se levaba a cabo a repoboación.

pendencia optaron por unha repoboación selectiva -que aumentara a produción e riqueza-, a través dun efecto chamada cara aos países considerados “máis laboriosos”.

1.4.2. Australia: repoboación mediante poboación reclusa

Australia é un claro exemplo de país construído por migrantes. Segundo Gil (2015), entre finais do século XVIII e mediados do XIX, Australia converteuse nunha colonia penitenciaria inglesa, cunha dobre función; como vía de escape para reducir a pobreza na capital e “desfacerse” da poboación reclusa, á vez que contribuía ao mantemento e ordenación do territorio de mans de Inglaterra.

Aínda que a primeira flota chegou a Australia cunhas 1.400 persoas, ferramentas, útiles agrícolas, especies vexetais e animais, e todo o necesario para crear unha comunidade dende cero (Arenal, 1999), a planificación contra a vontade do colectivo desprazado, e a falta de previsión no tocante á súa capacitación, demorou medio século a prosperidade da comunidade.

É por isto que, o máis salientable desta iniciativa é entender a importancia da capacitación e da participación activa das persoas para o desenvolvemento endógeno; así como fomentar a resiliencia e as inquedanzas por emprender.

1.4.3. O movemento kibutzim

De cara ao deseño e implementación de novas iniciativas apoiadas nos piares do traballo social parécenos interesante revisar este experimento polo seguinte. Por ser un dos movementos comunais voluntarios máis importantes da historia; polas similitudes entre as circunstancias que motivaron o seu desenvolvemento e a realidade do rural galego de alta montaña; así como pola perdurabilidade e efectividade dunha iniciativa baseada na idea do “ben común” (Santo Tomás de Aquino, citado por Parent, 1999).

Estas organizacións xorden no século XX, nun momento no que a agricultura independente non era práctica nin rendible, e nun lugar onde as condicións non eran beneficiosas. A partir desta realidade créanse comunidades rurais integradoras e multixeracionais caracterizadas pola vida en comunidade, a administración democrática, a corresponsabilidade social, a copropiedade dos medios de produción e de consumo, a especialización e a división da produtividade para maximizar os beneficios (Decreemento, 2013).

1.4.4. A repoboación na Península ibérica

A repoboación na época da Reconquista ía acompañada de privilexios á nobreza ou ao clero para a administración dos territorios; un exemplo constitúeno as pobras e cidades espaxeadas polo territorio así como a existencia de multitude de mosteiros, que cumpriron as funcións de ordenación e control territorial, recadación de impostos etc. ata finais da Idade Media.

Máis próximas no tempo, atopamos iniciativas promovidas polo franquismo, que buscaban sustentar o réxime e facer fronte ao illamento internacional. Deste xeito, xurdiron os poboados de colonización, dotados cos servizos básicos (vivendas, escolas, regadíos, infraestruturas) para o asentamento de novas poboacións en zonas especialmente deprimidas; un exemplo é o Plan Badajoz, protagonizado por axencias (IRYDA, ICONA e SEA) que cumprían unha función relevante no asentamento e mantemento das poboacións e dos recursos naturais que trataban de explotarse co amparo do Estado.

1.4.5. Benposta, a Cidade dos “Muchachos”

Tamén na época franquista, pero cun pensamento -de entrada- máis acorde coa protección dos dereitos das persoas atopamos un proxecto que contribuíu a fixar poboación no territorio, e a poñer Ourense no panorama internacional.

Algo que cómpre destacar é que durante os 50 anos que se mantivo esta comunidade autoxestionada, pasaron por ela máis de 50 000 “rapaces” de todo o mundo (López, 2013); aínda que só vivían habitualmente unhas 200 persoas. É dicir, a meirande parte das que participaron no proxecto eran poboación flotante.

Por estar en sintonía coa ideoloxía do traballo social, dende o punto de vista da capacitación e do apoderamento da cidadanía, e a promoción do cambio social pese ás condicións adversas, fixémonos eco desta iniciativa ourensá.

1.5. As políticas rurais dos últimos 30 anos

A concepción de Pérez e Gardey (2015), baseada no control, acumulación e mantemento do territorio, é o fundamento da meirande parte das repoboacións.

1.5.1. As administracións no desenvolvemento rural

Co tempo as administracións constituíronse coma impulsoras dos procesos migratorios enfocados a revertir a regresión demográfica (Saco,

2010); os concellos comezaron a ofertar bolsas alugueiro, inventariaron os recursos etc.

Un exemplo é o proxecto do Grupo Operativo Resurgir Alto Navia. Segundo publica Campo Galego (2018) crearon un banco de terras co obxectivo de ofertalas, para que as produtoras as transformen en explotacións agrícolas ou forestais sustentables; e dese modo conservar o medio físico, incentivar o emprego, reactivar a economía local e recuperar poboación.

A niveis supraterritoriais puxéronse en marcha varios programas de desenvolvemento rural financiados por Europa; mais estes incentivos, por si sós non garantiron a consecución do fin último para o que foron ideados. Igual que aconteceu coas políticas de desenvolvemento rural.

1.5.2. Marco lexislativo

No artigo 1 da Lei 25/1982 de agricultura de montaña, xa se contemplaban as necesidades de establecer “un réxime xurídico especial para as zonas de agricultura de montaña co fin de posibilitar o seu desenvolvemento social e económico”, de manter “un nivel demográfico adecuado” e de atender “a conservación e restauración do medio físico, como hábitat das súas poboacións”. Non obstante, ata a Lei 45/2007 para o desenvolvemento sustentable do medio rural non se fixo política rural (Carrasco, 2012).

Tamén resulta significativo que na actualidade, existindo unha lei nacional⁴ e outra autonómica⁵, as políticas rurais continúen a ser illadas ou sectoriais; no canto de ser integrais e de teren en consideración tanto as características comúns como as especificidades de cada territorio.

O que queremos destacar, é que xa nos anos 80 era evidente a necesidade de implementar políticas que contemplasen as particularidades da zona, de cara a fixar poboación na ruralidade remota. De xeito que, o fin último das leis era manter o equilibrio demográfico e conservar o medio natural grazas á proximidade dos asentamentos humanos; en clave de sinerxía e sustentabilidade.

1.6. Iniciativas privadas para revitalizar o rural

Sabemos que a vontade das persoas para emprender un proxecto vital no rural non é sinónimo de éxito; por tanto, prestarémoslles especial atención

⁴ Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural. *Boletín Oficial do Estado*, 14 de decembro de 2007, núm. 299, pp.51339-51349.

⁵ Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 31 de decembro de 2002, núm. 252, pp.18025-18094.

aos factores que poden condicionar o resultado, e tentaremos identificar aquelas particularidades que poidan mellorar a nosa intervención.

1.6.1. Os movementos “neorrurais”

Na liña das iniciativas comunais, en Galicia podemos atopar: a comuna de “neohippys” que se estableceu mediante o método da ocupación en Negueira de Muñiz (Lugo); e os grupos de familias “neorrurais” que se asentaron en Fornelos de Montes e A Lama (Pontevedra) ou en Tronceda (Ourense).

Independentemente do resultado, este tipo de iniciativas achegan coñecemento. Do caso de Negueira de Muñiz poderíamos destacar a lixeira recuperación dos índices de natalidade (González, 2002). Pero o realmente sorprende, é a falta de oposición das familias propietarias das vivendas ocupadas; ben porque descoñecen a dita ocupación (o que faría patente a situación de esquecemento do rural), ben porque a consideran favorable para o mantemento das vivendas.

E do caso dos asentamentos neorrurais destacamos o estudo sociolóxico realizado por Martínez (citado por González, 2002). Nel, o autor conclúe que existe desconfianza e falta de entendemento entre indíxenas e persoas neopoboadoras, debido a que as persoas locais consideran as que acaban de chegar como “xente rara”, “sen raíces” na zona que queren revitalizar. Ante esta contrariedade cabe pensar que, na medida en que existan sinerxías e retroalimentación entre poboación nativa e foránea, decrecería a desconfianza, e promoveríase un clima de convivencia e comunidade favorable.

Este estudo tamén recolleu a experiencia dun plan europeo de cooperación transnacional entre grupos de desenvolvemento rural de distintas comunidades autónomas españolas e da rexión francesa de Limousin; proxecto, con concreción en 2004 baixo o nome “Abraza la Tierra”, que intenta recuperar varias aldeas abandonadas de Aragón, Castela-A Mancha e Castela León. Mentres, pensamos que proxectos similares son susceptibles de fracasar, pola ausencia de formación e/ou apoio para adecuar os proxectos vitais ao rural.

1.6.2. A experiencia dos centros de desenvolvemento rural

Pese a non implicar procesos de repoboación, os CDR contribúen á mellora da calidade de vida das persoas, ao mantemento da poboación local, e á promoción e posta en valor do rural. Con todo, o máis interesante destas iniciativas é a participación social en beneficio da comunidade, e a posibilidade de replicar e implementar moitos dos seus programas, proxectos e servizos.

1.7. A importancia do tecido social

Como di Carrasco (2012), a explotación actual dos recursos do rural dálles resposta a outro tipo de intereses, distintos aos de anos atrás; non obstante, as cuestións de fondo son as mesmas por varios motivos. En primeiro lugar, porque o modelo fonde as súas raíces na memoria da escaseza e na cultura do minifundismo, de xeito que na práctica prímase os intereses individuais sobre os da comunidade; e o incremento da poboación é un estorbo para o modelo de explotación inscrito na lóxica do individualismo. E en segundo lugar, porque perduran os desequilibrios e as ameazas para a sustentabilidade que xeran as ditas prácticas, así como o risco para a conservación doutros recursos, como os vinculados ao patrimonio; xa que as actuacións adoitan ser invasivas e pouco respectuosas co medio e cos bens públicos.

Por estas cuestións consideramos que a existencia de poboacións dinámicas -concienciadas e formadas- e dun tecido social vivo e organizado é a única forma de contrarrestar o modelo de explotación actual. E en consecuencia, cremos necesario que os grupos de acción local participen activamente na creación das políticas territoriais; e que estas impliquen a poboación de modo responsable, de cara a xerar solucións ás necesidades locais.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

Os procesos de despoboación do rural e de abandono progresivo do campo responden á interacción dunha serie de casuísticas que se concretan nunha realidade única e irrepetible; que no noso caso, é aínda descoñecida por non dispoñer de localización física concreta para implementar o proxecto piloto.


Unha vez que teñamos identificada a comunidade na que se vai intervir faremos estudos pormenorizados para realizar un diagnóstico e planificación adecuados (CEDDAR, 2017). Así a todo, quixemos facer unha radiografía do rural galego, intentando dar protagonismo ao Macizo Central Ourensán; como exemplo dunha das zonas máis amplas e castigadas da nosa contorna.

O territorio que ocupa o Macizo Central Ourensán non ten correspondencia con ningunha demarcación administrativa, polo que resulta complicado facer un estudo demográfico representativo da zona. Por esta razón, e co fin de obter unha análise que poida ser representativa da ruralidade remota, optamos por facer mostraxes nos concellos de Terra de Trives. Esta comarca atópase no dominio das terras máis altas de Galicia (Fernández, 2007), en tanto que máis de dous terzos do seu territorio están por riba dos 800 metros de altitude.

2.1. O impacto das políticas rurais europeas

Dende 1986, o rural de alta montaña sofre as consecuencias das políticas agrarias europeas en tanto que as novas condicións impostas provocaron a inviabilidade de numerosas explotacións, coa consecuente redución do número de cabezas de vacún (Figura 1). De feito, a partir desta data, existe un paralelismo entre a redución do gando e o número de habitantes da provincia, de xeito que é moi posible que estas políticas contribuíran ao descenso notable da poboación e da explotación das vantaxes comparativas do rural de montaña; no que se atopan presentes recursos naturais susceptibles do seu aproveitamento sustentable baixo novas condicións e con nova poboación.

Figura 1: Paralelismo entre poboación e gando bovino na provincia de Ourense dende 1985 ata 2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A perda da poboación nas áreas rurais chegou nos concellos máis afectados ao 70 % entre 1986 e 2011. Panorama demográfico que afectou, á calidade de vida e ao mantemento da poboación; debido ao peche de instalacións e á redución de infraestruturas e servizos (sanitarios, educativos, sociais e medios de comunicación entre outros).

Esta realidade tamén lles afectou a outras actividades do sector terciario que achegarían novas fontes de ingresos, especialmente na rama do turismo. Neste sentido, resulta evidente que o abandono da actividade agropecuaria e forestal, e a falta de renovación dos sectores produtivos teñen consecuencias que contribúen á deterioración da paisaxe (degradación do bosque, incendios forestais, peche de camiños e corredeiras) e dificultan un

maior desenvolvemento do turismo, ao carecer de poboación residente que preste os servizos de proximidade ás visitas.

Este criterio, podémolo aplicar tamén ao coidado da paisaxe e do patrimonio; xa que, a ausencia de poboación favorece tanto a deterioración como as dinámicas de espolio dos recursos por parte de axentes alleos e presentes na zona.

2.2. Situación actual do territorio

2.2.1. Delimitación xeográfica

O Macizo Central Ourenán forma parte do Macizo Galaico; e á súa vez, está formado pola Serra de Queixa (ao leste), a Serra de San Mamede (ao oeste) e as Penas Libres (ao sur).

Este espazo natural montañoso protexido de aproximadamente 458,29 km² esténdese polo municipio lucense de Quiroga, e polos concellos ourensáns de O Bolo, Chandrexa de Queixa, Larouco, Laza, Manzaneda, Montederramo, Pobra de Trives, Viana do Bolo e Vilariño de Conso (Turismo de Galicia, 2020).

Dentro deste territorio atopamos tamén outras zonas e paisaxes protexidas como o Parque Natural do Invernadeiro, o Souto de Rozabales (monumento natural) ou o Val do río Návea; así como a única estación invernal de Galicia.

Para comprender as superficies de emerxencia, Foucault na súa obra *A orde do Discurso* (1970), indaga en varios campos de actuación e un deles é a educación, por medio da cal, investiga as superficies de emerxencia do obxecto denominado formación, calidade e disciplina entre outros, permítenos propoñernos diversas interrogantes como: por que foi nomeado así, como, por que emerxeu este obxecto e non outro, como foi nomeado ao longo do tempo. De igual xeito sería importante propor de que forma está nomeado e renomeado este concepto e por medio de que dimensións. Todas estas cuestións que nos expomos, trasládanos a designar as desigualdades que son proporcionadas por medio da exclusión dalgúns individuos en razón da teorización conceptual, de regras xa fixadas por parte da institución xa normalizada histórica e socialmente.

Outra ferramenta de análise que Foucault nos propón son as instancias de delimitación. Para o autor todo campo de coñecemento está delimitado, marcado e separado, por iso se producen as instancias de delimitación. Volvendo ao campo da educación, podemos dicir que existe a instancia privilexiada que é posuidora de determinados saberes e prácticas (recoñecidas), respecto doutros. Valería saber por que se privilexia a algunhas prácticas e saberes e á súa vez por que se exclúe a outros, que nin sequera se nomean ou se evita nomear. A partir de aquí poderíamos expor a interrogante de que tipo de formación se nomea como privilexiada, que tipo de subxectividades intenta promover, que tipo de procesos favorece e como define o suxeito educado e que lugar ocupa nesta trama.

A terceira instancia que Foucault nos ofrece para analizar os obxectos son as reixas de especificación. Seguindo no campo da educación e baixo a análise de Foucault, pode ser empregada para intentar separar, opoñer, reagrupar, clasificar e derivar entre outros os distintos elementos que aparecen articulados no concepto de “formación” ou as distintas formas de nomear os obxectos do discurso educativo. É dicir, as reixas de especificación son instancias que sistematizan os nosos coñecementos, o que provoca que fixemos a nosa mirada, a nosa linguaxe e nosa forma se enlazar as cousas entre aquilo que vemos e dicimos.

Foucault no ano 1999, sinala unha ferramenta máis por medio da cal se pode analizar a formación dos obxectos, para iso expón no seu libro *A orde do discurso*, o seguinte, “o discurso é outra cousa distinta do lugar ao que se veñen depositar e superpoñer, como nunha simple superficie de inscrición, uns obxectos instaurados de antemán”. Polo tanto, do que se trata é de “saber o que os fixo posible, e como estes “descubrimentos” puideron ser seguidos doutros que se volveron ocupar deles, rectificándoos, modificándoos ou eventualmente emulándoos” (Foucault, 1999, p.69).

O anteriormente exposto guíanos a comprender os dispositivos de formación existentes e de que forma os suxeitos se encontran atados ás liñas de saber e poder.

Biopolítica e poder

Unha vez explicado o poder e o significado do discurso para Foucault, farase unha análise do concepto de poboación, sociedade civil e Estado.

De cordo coa análise foucaultiana o concepto de “poboación” aparece cun dobre referente. A especie humana é entendida na súa dimensión biolóxica, tamén denominada público², e na súa dimensión de “naturalidade”, que neste caso aparece como obxecto de goberno, este feito depende de variables que deben ser coñecidas para actuar coas opcións administrativas ou modificadoras e así conseguir resultados específicos a nivel poboacional. De aí que sexa a biopolítica, definida ante todo como unha técnica de goberno ambiental, na que a poboación está composta por suxeitos libres gobernables indirectamente. As accións levadas a cabo polos gobernos oriéntanse como a administración de intervencións sobre o espazo natural e artificial habitado por unha multiplicidade de individuos. En efecto, preténdese actuar de forma indirecta sobre o individuo, isto significa que a influencia é exercida sobre o medio, os seus elementos e os factores que inflúen sobre a poboación, tanto na súa dimensión pública como na do corpo vivente. En consecuencia, as tecnoloxías de seguridade (exercicio de poder) crearán unha orde de acción sobre o posible campo de acción dos suxeitos. Así, a seguridade funcionará como unha tecnoloxía de poder onde o obxecto estratéxico será como sempre a administración dun determinado corpo poboacional, estabilizado estatisticamente arredor de regularidades útiles economicamente e que non poñan en perigo a política, a través da produción controlada ambientalmente da liberdade.

De acordo con Foucault, o estudo do liberalismo, forma o marco xeral da biopolítica, xa a limitación da práctica gobernamental, xera unha dobre función, porque os suxeitos de dereito sobre os que se exerce soberanía política xorden como unha “poboación” que o goberno debe manexar. Esta explicación dá a coñecer o concepto de “sociedade civil”, entendida como unha realidade de transacción por medio da cal se lle intenta dar resposta á problemática de: como respectar o dereito dun espazo de soberanía e a dificultade de facelo por medio de suxeitos económicos³. Neste sentido, a

² denomínase público, dende o punto de vista das súas opcións, as súas maneiras de facer, os seus comportamentos, os seus hábitos, os seus temores, os seus prexuízos(...): o conxunto susceptible de sufrir influencia da educación, das campañas, das convicións. (Foucault, 2018, p.127)

³ Os suxeitos económicos son entendidos como procesos de produción e intercambio (Blengino, 2018, p.132).

tecnoloxía liberal de goberno e segundo as definicións de Foucault, é un goberno omnipresente e axustado ao dereito, orientada á administración da sociedade, e respectuosas coas regras da economía. Polo tanto, o liberalismo, limita os seus obxectivos gobernamentais na esfera económica e na medida en que se exerce como unha administrador da sociedade por medio da produción de liberdades controladas.

Foucault tras analizar a tradición liberal que presentan os gobernos, suñña que esta artimaña, implica un goberno biopolítico de sociedade que ten por obxectivo a administración desta a partir de dispositivos de seguridade orientados a produción e o consumo de liberdades.

Por último, debemos comprender o triángulo soberanía, disciplina e goberno todas eles en termos de gobernamentalidade que se debaten entre si: gobernamentalidade na verdade, na racionalidade do Estado e na racionalidade dos gobernados. Dentro destas liñas de tendencias dominantes na modernidade e como forzas de goberno, Foucault sitúa tanto a gobernamentalización na racionalidade económica dos gobernos⁴, como a gobernamentalidade dende o punto de vista do social⁵ e a gobernamentalidade de partido. Todas estas maneiras de exercer poder sobre a poboación e sociedade civil son definidos polo autor como formas de diminución e afastamento das gobernamentalidades de épocas anteriores, principalmente, da forma de gobernar en racionalidade co Estado.

Microfísica do poder

Como puidemos observar nos apartados anteriores, a noción de poder para Foucault non é un elemento que se adquira, o poder exerceuse en relacións non igualitarias. Está presente en todos os ámbitos da sociedade, todo está impregnado de poder. A maiores, o autor sostén que toda a sociedade é un complexo de relacións de poder (Álvarez-Uría, & Varela, 1994, p.83).

Para Foucault a concepción do poder vai dende arriba e en todas as direccións, xa que non existe unha estrutura xeral que identifique todas as relacións de poder existentes. O que ocorre é que se deben analizar as forzas conxugadas nunha determinada sociedade e por iso temos que analizalas. Por iso o filósofo francés ten como obxectivo: “(...) asimilalo en todas as

⁴ Liberalismo clásico, poñer significado

⁵ Liberalismo embridado, concepto de Harvey (2007:17), fai referencia ao neoliberalismo e permite captar tanto a inclusión na devandita tradición liberal como a súa especificidade. Polo tanto o concepto de embridado, remite a idea de rede de construcións sociais e políticas que baixo a gobernamentalidade liberal restrinxen ou planifican a estratexia económica e industrial. (Blengino, 2018, p.132)

súas formas e institucións máis rexionais, máis locais, sobre todo alí onde, saltando por riba das súas regras de dereito que o organizan e o delimitan, esténdese máis alá delas, invístese en institucións, adopta a forma das técnicas e promove instrumentos de intervención material” (Álvarez-Uría, & Varela, 1994, p.142).

Foucault sostén que as relacións de poder teñen un efecto asimétrico entre os suxeitos, en todas os ámbitos da sociedade, debido ao seu carácter inherente. A parte, este tipo de poder sempre está asociado a unha relación dual, onde o poder é exercido sobre o outro, un exemplo claro sería o poder exercido polo mestre sobre o estudante. Así que para Foucault a noción de poder non é a que exerce o Estado soberano sobre a poboación, se non tal e como escribe na súa obra *A Microfísica do Poder*: “(...) máis ben é o solo movedizo e concreto sobre o que ese poder se incardina” (Álvarez-Uría, & Varela, 1994, p.157)

Neste sentido, o filósofo tenta que comprendamos que a base do poder son intereses, e sono xa que a natureza así o esixe. Foucault fai unha análise máis detallada e distingue entre poder e os mecanismos de poder -o control- o que pode entenderse como verdade e o efecto da verdade, polo tanto e tal e como nos diría o autor, o home nunca pode escapar do poder.

En suma, o poder debe concibirse como un conxunto de manobras, tácticas ou técnicas que compoñen unha estratexia, cruzando as institucións e os aparellos estatais, pero a súa multiplicidade non se esgota nestes, porque percorre todo o corpo social. Foucault suxire un modelo relacional de poder, materializado nun campo de forzas sen finalidade identificable.

Deste xeito, o discurso para Foucault sobre o poder pretende afastarse da política pero, ao longo do seu percorrido, a política incide no social, xa que o poder, segundo nos comenta o autor, xerese, como xa mencionamos con anterioridade, dende a relación social como unha xenealoxía e como unha topografía de cada espazo e ámbito do social, está determinado polo poder nas súas máis invisibles redes.

O poder sería polo tanto unha estratexia e os seus efectos non poden ser atribuídos a unha apropiación, senón a disposicións, tácticas, técnicas ou funcionamentos que non son adquiridos ou conservados polas clases dominantes, senón que son o efecto dun conxunto de posicións estratéxicas. En resumo, o poder carece de homoxeneidade, pero defínese polas singularidades que atravesa. Foucault mostra que o Estado aparece como un efecto de conxuntos ou como resultado dunha multiplicidade de engrenaxes e núcleos que se sitúan a un nivel completamente distinto e que constitúen por si mesmas unha “microfísica de poder”.

O PODER COMO RELACIÓNS DE FORZA

Características xerais da xenealoxía

Para comezar a explicar os trazos xerais da xenealoxía para Foucault, temos que mencionar a Nietzsche, autor moi influente e presente nas múltiples obras do filósofo francés. Esta conexión entre ambos os autores débese ao desexo de comprender a proposta xenealóxica, o seu alcance e utilidade para as ciencias sociais.

Foucault, unha vez impregnado pola xenealoxía nietzscheana, realiza un xiro e encamiñase cara a un pensamento máis xenealóxico ca en etapas anteriores, onde a súa transmisión era máis arqueolóxica⁶ e marcada polo estruturalismo reinante. Polo tanto, a xenealoxía para Foucault, propónse como unha forma de facer historia e ten como meta, a conformación de saberes e de discursos onde non é necesario destacar un suxeito que sexa transcendente nos acontecementos que se estudan ou se analizan.

Foucault sinala que a xenealoxía se opón un a un aos postulados da busca da orixe e por iso nos di que “Detrás das cousas hai unha “cousa ben distinta”: en absoluto o seu segredo esencial é sen data, senón o segredo de que non ten esencia, ou de que a súa esencia foi construída peza por peza a partir de figuras que lle eran estrañas” (Foucault, 1971, p.138), isto significa que a xenealoxía non presupón esencias, senón que as nega radicalmente, e este é o seu primeiro principio. As esencias son producidas, construídas historicamente a partir de elementos heteroxéneos e dispersos. Tal e como nos di Nietzsche: “Toda “cousa” ten unha historia “a historia enteira é unha “cousa”, dun órgano, dun uso, pode ser así unha ininterrompida cadea indicativa de interpretacións e reaxustes sempre novos, cuxas causas non teñen sequera necesidade de estar relacionadas entre si, antes de que sucedan e se releven dun modo meramente casual”.

Tras facer unha pequena explicación do que significa para Foucault a xenealoxía e que obxectivo principal pouse. Debemos concluír este apartado facendo un breve resumo do que a xenealoxía lle interesa, este concepto mostra interese polo discontinuo, o diverso, o múltiple e o baixo. Dirixe os seus ataques cara á “esencia” das cousas, mostrando o seu estado real de dispersión. Non trata a historia como un todo que se pode reducir a unha finalidade orixinal e máis alta. Non busca a orixe, senón o comezo: a procedencia do acontecemento singular na articulación do corpo e historia, na súa irrupción nun estado de forzas, loitas e dominacións que se ven modificadas.

⁶ Historia de la locura en la época clásica, Las palabras y las cosas, La arqueología del saber

Limiars de modernidade

Para dilucidar a idea de limiar de modernidade, faremos referencia a obra de Foucault *Arqueoloxía do saber* (1999), na cal se emprega o concepto de “limiar” para trazar as emerxencias distintas dunha formación discursiva. Nesta explicación o autor, diferencia entre limiar de positividade, limiar de epistemoloxía, limiar de cientifidade e limiar de formalización para indicar que as formacións discursivas non están suxeitas a unha cronoloxía regular e homoxénea⁷.

Por conseguinte, o concepto de limiar permítenos eludir a creación dun corte único e a diminución dunha serie de desprazamentos heteroxéneos que constitúen os diversos limiars. Posto que nun sentido semellante, as formacións discursivas deben ter en conta os diferentes limiars e a análise de poder toma en consideración os desprazamentos ou os distintos limiars que sinala Foucault, e que lle dá o nome de “limiar de modernidade”, potenciando a heurística do concepto de limiar, realizada no período arqueolóxico do autor, e permítenos examinar as mutacións históricas na súa heteroxeneidade, a través da lóxica estratéxica. É así, que neste xuízo, o concepto de limiar é artellado por medio de conceptos como o de emerxencia ou de procedencia⁸, os cales fixan a análise xenealóxica das relacións de poder.

De xeito que, os limiars de modernidade permiten estudar os acontecementos nesgados polos fins últimos⁹ ou orixes impolutas, a partir dos acontecementos históricos. Estes feitos, corren a Foucault e permítenlle utilizar a idea de limiar como o seu obxecto principal de estudo histórico, aludindo ao termo como o punto inicial dun diagnóstico do presente que se articula arredor do concepto de universalización¹⁰ do saber-poder de occidente.

Unha vez situado o concepto de limiar de modernidade, Foucault, delimita a un período situado entre 1580 e 1650, e para unha maior acotación e distinción do seu estudo diferencia tres desprazamentos cruciais para o noso presente. O primeiro sería o que denominou como “movemento cartesiano” ou “limiar de modernidade filosófica”, nel indica o desprazamento

⁷ As formacións discursivas non pasan de maneira sucesiva polos distintos limiars, senón que se transcorre polos estadios naturais dunha maduración biolóxica en que a única variable sería o tempo de latencia e a duración dos intervalos.

⁸ A categoría de “procedencia” significa, segundo Foucault na súa obra *Microfísica do poder*: “(...) é descubrir que a raíz do que coñecemos e do que somos non é en absoluto a verdade nin o ser, se non a exterioridade do accidente”

⁹ “Estes fins aparentemente últimos non son nada máis que o episodio actual dunha serie de servilismos: o ollo serve antes para a caza que para a guerra” (Álvarez-Uría, & Varela, 1994, p.15).

¹⁰ A partir do limiar de modernidade, o discurso europeo desenvolveu poderes universais xigantescos. (Pons, 2006a)

da filosofía como práctica espiritual, a filosofía como modo coñecemento (científico-racional). Tamén sinala que o “movemento cartesiano” actuou de dúas maneiras: revalorizando filosoficamente o “coñécete a ti mesmo” e desvalorizando o “cóidate a ti mesmo”.

Por conseguinte, Foucault trae o limiar de modernidade filosófico-científico, na súa obra *Dits e Écrits I* como: “a forma de pensamento que se interroga sobre o que lle permite ao suxeito ter acceso á verdade, a forma de pensamento que intenta determinar as condicións e os límites do acceso do suxeito á verdade”.

O segundo, relata o que designa como “movemento hobbesiano” ou “limiar de modernidade xurídica”, esta corrente clarifica a soberanía como un contrato entre dous individuos que temen pola seguridade da súa vida e pactan co fin de protexela, ingresando así a vida na conta política e o dereito soberano de facer morrer ou deixar vivir, e que gradualmente, orixinará a emerxencia dun biopoder oposto, que o complementará empregando o facer vivir e deixar morrer, é dicir, créase unha ruptura entre soberanía antiga e moderna.

O terceiro desprazamento, é o “movemento antimachiaveliano” ou “limiar de modernidade governamental”, atopado na reflexión e exercicio do goberno político como relación do goberno político de principado¹¹ ao modelo de exercicio inmanente e múltiple de dispositivos de poder, no que o seu branco é a relación existente entre homes e cousas e a súa finalidade morará nas mesmas cousas que se pretenden administrar¹². Polo tanto este concepto encamiñáranos na arte de gobernar no campo da reflexión política.

As tres transformacións mencionadas con anterioridade, conflúen nun punto que Foucault denominou *A vontade de saber* ou “limiar de modernidade biolóxica” (Foucault, 2000b), este nomeamento acepta abrir o noso presente á dimensión biopolítica, a cal se converteu nunha forma dominante de exercer o poder mediante a hexemonía liberal.

Gobernamentalidade e a súa política de verdade

Este apartado permitiranos afondar un pouco máis nas relacións de forza que exerce o Estado sobre a poboación como especie¹³ e como público¹⁴. Unha vez feita esta diferenciación, Foucault volve estudar xenealoxicamente

¹¹ Concibido por Maquiavelo (Blengino, 2018, p.69).

¹² Para administrar utilizan tácticas diversas que non poden reducirse ao uso de instrumentos legais (Blengino, 2018, p. 69).

¹³ Poboación considerada bioloxicamente (Blengino, 2018, p. 221)

¹⁴ Poboación considerada dende; “as súas opinións, as súas maneiras de facer, os seus comportamentos, os seus hábitos, os seus temores...” (Blengino, 2018, p. 221)

te a emerxencia do público (poboación) e da tecnoloxía de “gobierno de espíritos” (Blengino, 2018, p.221), e este é punto de partida para explicar o nacemento da gobernamentalidade moderna, creada a apartir dos economistas e publicistas que aprenden a manipular a opinión, por medio da distorsión do campo da realidade.

Esta distorsión da realidade encamiñanos cara a unha política onde a opinión do público comezará a ser imprescindible para esta nova forma de gobernamentalidade, onde o goberno intenta axustar a verdade a racionalidade do propio Estado ou dos seus gobernantes. Isto implica que o público será constituído como suxeito-obxecto¹⁵ dun poder que se aproveita da “opinión” pública para dirixir, controlar e conducir a maneira de actuar da poboación por medio dos seus comportamentos como sucesos políticos e económicos.

A formación histórica do campo de actuación dos gobernos, esténdese ata o neoliberalismo, por medio deste tipo de intervención, onde se pretende gobernar por medio da constitución dun consenso que queda en mans dos *Mass Media*. Pero para obter o devandito consenso utilízanse elementos heteroxéneos como: prexuízos, temores e a esixencia da opinión pública, todo este sistema de correlación en que se organizan os efectos, permitíranos expoñer como este consenso actúa como reforzo dunha tecnoloxía ambiental, delimitando e creando así unha orde social.

Este control exercido polo Estado, pertence á época do Estado gobernamentalizado e dálle consistencia á configuración dunha arte de gobernar baseada no estímulo do perigo. Este estímulo de perigo, ten unha dobre abordaxe (un xogo estratéxico). A primeira serían as *tecnoloxías securitarias*, as que condicionan o medio para construír individuos sometidos a unha situación de perigo constante e a segunda serían as *tecnoloxías de subxectivación*, neste caso condicionan os individuos para que “experimenten a súa situación, a súa vida, o seu presente e o seu futuro como portadores do perigo” (Pons, 2007). É así que a investigación realizada por Foucault sobre a forma liberal de gobernar o público: “Vemos en todas partes esa estimulación do temor ao perigo que en certo modo é a condición, o correlato psicolóxico e cultural interno do liberalismo. Non hai liberalismo sen cultura do perigo”. (Pons, 2007).

Polo tanto, o control das tecnoloxías de seguridade e da súa organización racional, xera limitacións nas funcións estatais, facendo do liberalismo unha tradición gobernamental que intervén a través dun medio perigoso e a partir da difusión dun discurso que potencie e constrúa unha cultura de perigo. Este discurso é reactualizado, adaptando e animando a situación do público

¹⁵ Suxeito-obxecto: suxeito dun saber que é a “opinión” e obxecto dun saber que fai foco sobre esa opinión. (Blengino, 2018, p.222).

que debe implantar a cultura de perigo, isto significa que dará lugar a políticas secundarias, “toda unha educación de perigo”, vinculada a estímulos de medo. Esta cultura de perigo, denota que sen ela o liberalismo non existiría e non se conxugaría nunha forma de gobernamentalidade máis penetrante como é o neoliberalismo. En efecto, os individuos están sometidos a un constante perigo, subxugados baixo unha economía de competencia que orixina medo por conservar a calidade de vida ou simplemente por conservar esta. Aínda así, o maior dos perigos dos gobernos neoliberais é o medio ambiente -unha forma sofista de loitar pola supervivencia-, xa que fan unha loita entre os máis aptos para e en competencia do mercado. Por outro lado, os gobernos utilizan métodos psicolóxicos, procesando unha cultura de perigo, nunha sociedade cohesionada polo temor dunha serie de perigos que ameazan a súa vida.

O consenso social é xerado pola acción de determinados grupos que interveñen como instrumentos do Estado a partir da difusión de certas ideas e prexuízos, que provoca así unha difusión organizada de ideas concretas empregadas para instalar unha orde interior. A difusión de prexuízos “é paradigmático” xa que o consenso despreparará diferentes opcións políticas pero sempre baixo a hexemonía neoliberal.

Foucault relata que existe a necesidade de expoñer o exilio político, os seus efectos ideolóxicos, teóricos e prácticos, xa que foron os exiliados “un notable axente de difusión” (Blengino, 2018, p. 225) e tamén crearon a concienciación política do mundo contemporáneo. Por outra banda, o filósofo describe as prácticas centrais construídas por medio dun consenso liberal como: “o cinismo dunha crítica mercantil oposta a acción do poder público”, isto provocou que se fortalecesen actitudes críticas ante calquera política de intervención governamental.

O estado: poder, liberdade e dominación

Retomando a ética do coidado dun mesmo e a transformación que o Estado xera arredor do concepto de liberdade, debemos comprender as relacións de poder como “afirmativas e produtivas” (Foucault, 2000b, p. 234).

Para ser máis exactos, o que se pretende por medio do poder, é a súa comprensión, e neste caso, en termos de gobernamentalidade, tal e como Foucault o fai no seu libro *A vontade de saber* (2000), onde analiza os eixes das relacións de poder-produción da liberdade-prácticas de resistencia.

Como xa se sabe o poder é produtivo, isto significa que compón suxeitos nun dobre sentido: o primeiro sería os suxeitos prendidos polo control e a dependencia do outro e o segundo serían os suxeitos amarrados a propia

identidade polas diferenzas técnicas de si. Esta dobre vertente derívanos no concepto de gobernantalidade, noción que levamos explicado ao longo do traballo e que nos axuda a entender o control das condutas do outro e como esta dominación actúa sobre as accións do outro provocan delimitacións na súa acción. Así que exercer o poder dentro dun marco conceptual como é o de gobernantalidade, implica actuar sobre a conduta do outro, na medida que o outro suxeito é actuante. Polo tanto, e baixo o criterio do filósofo Foucault, “onde hai poder hai resistencia” (Blengino, 2018, p. 234), isto significa que as resistencias non parecen ser externas ao poder, senón coextensivas e contemporáneas a el.

Para seguir, temos a obriga de buscar os fundamentos e caracteres da liberdade e a resistencia, e as súas implicacións dentro do poder en termos gobernantais. Estes cuestionamentos, abren dous binomios que é necesario explicar. O primeiro sería estado de dominación-liberación, conceptos linde vinculados á fixación física e á naturalidade, tamén teñen a tarefa de relacionar poder e práctica da liberdade, a través da cal se delimitan e constitúen os seus significados.

Para continuar, concibimos que falar de liberdade e dominación de forma tan xeral implicaría non poder entender os significados que o propio autor lle dá.

Así que para unha maior aclaración, o concepto de liberación, entendido como unha correlación represiva do poder, significa: “natureza ou un fondo humano que se viu enmascarado, aliñado ou aprisionado en e por mecanismos de represión” (Álvarez-Uría, & Varela, 1996). De maneira correlativa, Foucault define o concepto de estados de dominación como relación de poder unilaterais, onde os suxeitos están baixo o dominio doutro, transformándose o individuo nun monifate sobre o que exercer unha “violencia infinita e ilimitada”. Deste xeito, as relacións de poder son heteroxéneas, móbiles, reversibles e supoñen liberdade en ambos sentidos, mentres que os estados de dominación obstrúen calquera oportunidade de practicar a liberdade e a resistencia. Como aclaración, as prácticas de liberdade e resistencia están en correlación coas relacións de poder xa que se trasladan ao interior desta, pero a liberdade pola contra exprésase como a exteriorización do poder, identificada en certa medida como natural do ser humano que da mesma forma se ve coaccionada e non lle permite ao home avirse coa súa natureza.

O sentido absoluto dos conceptos de “liberación” e “estado de dominación”¹⁶, significa entender a análise das relacións de poder como a exclusión da determinación física e a naturalidade por principio.

¹⁶ Fan alusión a esfera da naturalidade e determinación física

PODER NO TRABALLO SOCIAL

Xurdimento do traballo social crítico

As teorías críticas, son en certa medida formas contemporáneas recentes na historia do traballo social, por iso non será ata finais dos anos sesenta e principios dos setenta cando xurdan os fundamentos intelectuais e políticos necesarios para a reorientación crítica da teoría e da práctica. Pero aínda que haxa un gran entusiasmo intelectual, é difícil traducir todo este fervor nunha práctica diaria.

Os novos pensadores estaban collendo a ideoloxía e o poder cara a novas direccións, novas formas de explicar como a estrutura social afectou a psicoloxía persoal da poboación. Será nos anos oitenta cando se orixinen avances significativos na práctica do traballo social, dando ferramentas como a información para poder influenciar na práctica profesional e poder seguir progresando nas ciencias sociais e alimentar o coñecemento do traballo social.

Como parte desta transición, os académicos buscaron maneiras prácticas e teóricas para poder avanzar máis rápido e levar á práctica toda a teorización exposta. Comezaron por aceptar que os traballadores sociais actuaban como axentes do control social e para reducir este impacto axudaron a clase obreira a expoñer o funcionamento inxusto do sistema no que estaban inmersos e con isto puxeron no seu poder o coñecemento político necesario (Corrigan and Leonard, 1978), para entender a verdadeira natureza da situación e recuperar así algo de poder e control.

Máis poderosa sería a acción grupal, esta podería levar a cabo demandas para reclamar dereitos como: a vivenda digna ou ter voz visible para o desenvolvemento da comunidade. A unión dos clientes e dos servizos podería significar cambios políticos e lexislativos, subministrar de dereitos a todas esas persoas ás que lles foron negados.

Foron estes cambios, dos anos sesenta, setenta e sobre todo oitenta os que fixeron posible a posta en marcha destas novas prácticas e teorías sociais.

O traballo social crítico, polo tanto, foi inspirado por moitas ideas xeradas pola teoría crítica social e radical entre outras. Os teóricos críticos examinaron o carácter socialmente construído e ensinan como existen grupos sociais poderosos e dominantes que son capaces de xustificar as inxustizas mediante o control da linguaxe dos medios de comunicación, da educación e da política e de todos aqueles ámbitos que o sistema pode controlar.

Outra parte que os teóricos críticos expoñen como parte do problema social son as influencias tradicionais da psicoloxía cognitiva de comportamento

e psicodinámica, son os psicólogos os que lles axudaron aos traballadores sociais a patoloxizar os usuarios, isto significa que os profesionais apartaban a vida da causa real, das necesidades e dificultades das persoas, afastando o poder das estruturas sociais inxustas e a distribución desigual de poder. Non obstante, son moitos os pensadores que sentían que unha análise marxista do poder e do dominio en termos rigorosos de clases e economía era demasiado sinxela, isto non explica a opresión e a dominación sufrida por moitos outros grupos da sociedade. Os problemas de poder e de control afectaron o día a día, a vida ordinaria, esta preocupación chamou a unha nova análise, unha que fixaba a súa visión crítica na sociedade, na política, na vida diaria e nas relacións habituais. De todas maneiras os grandes trazos da sociedade seguían estando ordenados e estruturados en reflectir os intereses dos poderes (control dos medios de comunicación, educación, tecnoloxía).

Polo a tanto a práctica do traballo social crítico, pretende subministrarlles aos traballadores unha teoría baseada na práctica e a relevancia desta, proporcionar coñecementos formais e analizar o dinamismo do poder, pretendendo “utilizar a práctica para interrogar a teoría e viceversa” (Howe, 2009, p. 20)

Identidade profesional, as representacións do poder e o poder produtivo e o reconsideración da orde social

O poder e a identidade son materias fundamentais para a teoría do traballo social crítico. Estes enfoques críticos resaltan o carácter político do traballo social e amosan como elementos opostos a relación entre traballadores e usuarios, debido a súa experiencia, o seu acceso ao poder e os seus intereses.

Os autores críticos distinguen o privilexio do poder, derivado da clase social e da categoría profesional, isto denota a constante opresión que sofren os usuarios (Ward e Mullerder, 1991). As declaracións do traballo social crítico no ámbito colaborativo entre traballador e usuario están dominadas polo obxectivo de potenciar as igualdades na práctica profesional, pero o poder do traballador vese condenado a moral con respecto á práctica igualitaria e de diálogo, e ten como efecto a diminución do poder do usuario en contraste cos traballadores sociais.

A distinción entre traballadores e usuarios como elementos opostos, poñen en manifesto as relacións entre estruturas sociais globais e relacións locais de poder e identidade. Á parte estes enfoques toman como referencia as dimensións opresivas da práctica profesional, en especial das desigualdades, da explotación e das relacións existentes entre traballador e usuarios do estado de benestar.

Os pensadores críticos distinguen tres elementos oriúndos do poder ao que acceden os traballadores. O primeiro é o poder concedido pola categoría ou clase social media a que pertence o traballador. Outra distinción que realizan os autores críticos, é o interese persoal dos traballadores, este beneficio persoal vese afectado polo mantemento do seu statu quo comprometendo a súa capacidade e compromiso coa transformación social. O segundo elemento é a autoridade que o estado de benestar concede aos traballadores para reprimir os desacordos que existen entre as masas (Healy, 2001, p. 97). O resultado de ser traballadores por e para o estado prioriza as leis e as normas antes que os intereses dos usuarios.

O terceiro elemento orixinario do poder é o derivado da categoría profesional. Esta identidade profesional submínistralle, de forma indirecta e directa, poder ao traballador social. As relacións entre os suxeitos e os traballadores parten da desigualdade, ao traballador concédeselle o prestixio da voz experta mentres que o usuario se categoriza nunha voz inexperta e marxinaada.

É así que os autores críticos afirman que as relacións de poder entre traballadores e usuarios son unilaterais, xerárquicas e desiguais, entenden o poder profesional como acceso ao poder e ao saber lexítimo que é transmitido por medio desa situación privilexiada, dentro dunha estrutura social e que é inmutábel en calquera contexto. As estratexias da práctica crítica alenta a redistribución do poder, pero tamén reconece que as diferenzas de poder entre os traballadores e os usuarios non se poden erradicar por completo.

Por outra parte, na teoría crítica o poder aparece como unha posesión das clases privilexiadas dentro dunha estrutura social global. Ao ser destacado o carácter político da práctica profesional, os traballadores sociais críticos representaron os traballadores e os usuarios de forma dualista: os “poderosos” e os “indefensos”. Pero autores como Foucault, mostran o poder como ubicuo. Foucault rexeita a idea de que o poder estea vinculado a determinadas identidade como é neste caso a do traballador social profesional. O poder opera por medio de discursos e prácticas que son específicas de determinadas situacións institucionais. A igual que os teóricos críticos Foucault, reconece que os traballadores que están en contacto directo cos usuarios, encarnan o poder en comparación cos demais.

A análise de Foucault indica que a orde social se atopa en todos os traballos que están en relación directa con persoas, aínda que o poder adoita adoptar formas distintas segundo o contexto da práctica.

Dada a idea negativa de poder que invade gran parte da teoría do traballo social crítico, quizais provocou que non se predispón o poder e o control,

elementos que son necesarios someter a crítica para que se produza unha interacción máis produtiva entre a teoría da práctica crítica e social.

Polo tanto, as teorías críticas esixen un recoñecemento completo e constante da desigualdade estrutural, aínda que permita a coexistencia e o desenvolvemento no tempo doutras relacións de poder e de identidade.

O traballo social como aparello ideolóxico do estado

Os traballadores sociais críticos e outros teóricos postestruturalistas críticos, en especial (Foucault, 1991), comparten que o poder exercido polos profesionais que están en contacto directo coas persoas é maligno. Este poder profesional non debe ser entendido como o poder inmerso en todas as partes, xa que xeneralizar o poder dende un só punto de vista provoca que pasen desapercibidas outras activacións deste.

A crítica do poder profesional habilita a capacidade dos usuarios para que recoñezan os coñecementos e capacidades conseguidos mediante a súa experiencia, orientando as prácticas cara unha potenciación do usuario e un desengano da mestría profesional ou dese saber hexemónico.

A existencia dunha identidade profesional como núcleo do poder nas relacións da práctica profesional, ocultou a importancia das identidades do traballo nos tipos de poder e de saber que os traballadores sociais transmiten na súa práctica profesional. A transmisión de información é transversal, as experiencias vividas dos usuarios, concordan coa formación de relacións entre traballador e usuario, pero hai que destacar que se o usuario converte o saber vivido no centro indiscutible da verdade, pode ter efectos contraproducentes para o diálogo entre profesional e usuario. Ao igual que o saber profesional serviu para destacar outros saberes non profesionais, o traslado do núcleo da verdade a experiencia vivida pode pasar por alto a complexidade deste saber vivido. A posibilidade dunha excesiva simplificación, deriva en que hai certos saberes vividos evidentes; por exemplo podemos asumir que as persoas comparten un saber común a causa das súas identidades de xénero ou raza (Healy, 2001, p.117), pero outras formas de saber, como o coñecemento histórico dá orixe de clases sociais e das experiencias pasadas, non sempre son evidentes nin ten porque ser axeitado descubrilos no contexto da práctica.

A crítica do profesionalismo promovida polas teorías críticas é limitada porque non pasa por alto a diversidade das relacións de poder e saber que se orixinan nas formas de traballo dos servizos directos. Os traballadores sociais realizan tarefas que van dende problemas íntimos, vitais ou prácticos ata os seus propios coñecementos e destrezas, estas capacidades axudan a

expandir o seu campo de discusión e levalos a depender máis das identidades independentes que dos traballos técnicos concretos.

O diálogo crítico entre usuario e traballador impón que se poida interrogar e cuestionar o saber profesional, como todos os saberes. Non obstante, a ausencia de diferenciación entre o poder e o saber que xorden en determinados modos de traballo directo coas persoas usuarias, leva a estratexias da práctica profesional que impulsan unhas críticas indiscriminadas do persoal de benestar social. Estas críticas son fomentadas polo Estado son o efecto dos procesos de dominación e como diría Foucault (1980d): “non quero dicir que o Estado non sexa importante; o que quero dicir é que as relacións de poder e, polo tanto, a análise que debe facerse delas esténdese máis ala dos límites do Estado”. Para Foucault, o poder e os discursos están interrelacionados, non hai ningún espazo sen poder e como é algo que sempre está presente o traballador social crítico debe comprender o poder para utilizalo e potencialo en determinados contextos locais da práctica (Healy, 2001, p.161).

Esta potenciación está danada e reflíctese no libro *A vontade de saber* de Foucault do ano 1981, nel afirma que as ciencias sociais, nas que se basean os profesionais asistenciais, puxeron en marcha a vixilancia e a disciplina das poboacións marxinaadas.

CONCLUSIÓN

O percorrido trazado a través destas páxinas fai posible mostrar como a noción de poder expón por Michel Foucault outorga novas miradas sobre o exercicio do poder no ámbito do Traballo Social. Neste sentido, Foucault ofrece importantes alternativas de análise da noción de poder para realizar un estudo das sociedades contemporáneas de cara o predominio de posturas que abordaron o poder dende unha perspectiva instrumental e negativa, que non da resposta aos cambios sociais. Problematizar sobre o exercicio de poder co obxectivo de observar criticamente a realidade social e profesional, invita a involucrar elementos conceptuais das Ciencias Sociais, neste caso particular, os que provee o filósofo Michel Foucault, dado que os seus expoñentes crean a rotura coas formas tradicionais de abordar o poder e proporcionar unha visión estratéxica na que o poder se concibe como un espazo de relacións, dentro da cal xurde a subxectividade, elemento que a súa vez se transforma e se produce mediante as prácticas sociais nas cales se exerce poder. Os estudos sobre o poder que se analizan ao longo do traballo, revelan a existencia de diversos enfoques e aproximacións en torno ao concepto de poder, así como a importancia de conceptualizar sobre el, sobre a finalidade do exercicio e as persoas que se ven involucradas. Neste traballo predomina a noción de poder como ferramenta de xestión por parte do Estado, o cal quere que haxa uns resultados esperados e uns obxectivos antepostos.

De maneira adicional, a idea de poder que prevalece neste estudo está sustentada como unha noción positiva e produtiva. É así que o poder está en continuo movemento, cambio, transformación e asociado aos requirimentos do orde produtivo.

Frente ao anterior Foucault permite comprender como o poder disciplinario se integra no cotián dos individuos, dos procesos e relacións sociais, en concreta as relacións entre profesional e usuario do sistema. O exercicio de poder, a interiorización e a reprodución das súas técnicas de disciplinamento e vixilancia, provoca que os individuos modifiquen de forma consciente ou non, as súas accións.

Toda esta forma de pensar exposta por Michael Foucault mostra tamén como os discursos implantados están cheos de poder, isto fai virar a mirada as distintas formas de poder exercidas sobre e que exerce o propio individuo, isto crea que a verdade, o poder e o saber estean intimamente relacionados.

Para finalizar, temos que ter claro que o poder non o posúe un pequeno grupo de poboación, non é propiedade de ninguén, é a estratexia. Neste sentido, o poder non se posúe, exercese e os seus efectos non son atribuíbles a unha apropiación se non a certos dispositivos que lle permiten funcionar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez-Uría, F., & Varela, J. (1994). *Microfísica del poder*. Madrid: Las Ediciones de La Piqueta Seseña.
- Álvarez-Uría, F., & Varela, J. (1996). *El orden del discurso*. Madrid: La Piqueta.
- Blengino, L. (2018). *El pensamiento político de Michel Foucault*. Madrid: Escolar y Mayo Editores S.L.
- Castro, E. (2004). *El vocabulario de Michel Foucault*. Buenos Aires:
- UNQUI-Prometeo.
- Corrigan, P and Leonard, P. (1978). *Social Word Practice under Capitalism*. London: Macmillan.
- Foucault, M. (1986). *Vigilar y castigar. Nacimiento se la prisión*. Madrid: Siglo XXI
- Foucault, M. (1993). *Poderes y estrategias*. Madrid: La Piqueta

- Foucault, M. (2000b). *Historia de la sexualidad 1: La voluntad de saber*. México: Siglo xxi editores.
- Foucault, M. (2003). *Vigilar y castigar: nacimiento de la cárcel*. Buenos Aires: Siglo XXI Editores.
- Bouchard y S. Simon (1997). *hystory of systems of thought*. Oxford, Basil Black.
- Healy.K (2001). *Trabajo Social: Perspectivas contemporáneas*. Madrid: Ediciones Morata.
- Howe. D (2009). *A brief introduction to Social Work*. London: Palgrave.
- Nietzsche, F. (1887). *La genealogía de la moral*. Madrid: Alianza.
- Pons. H (2006a). *Seguridad, territorio, población*. Buenos Aires: Fondo e Cultura Económica.
- Pons. H (2007), *Nacimiento de la biopolítica*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.
- Vázquez. J (2008). *Nietzsche la genealogía la historia*. Madrid: La Piqueta.
- War, D and Mullender, A. (1991). “Empowerment and oppression: an indissoluble pairing for contemporary social work”, *Critical Social Policy*. London: HMSO

MEDIACIÓN INTERCULTURAL PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS NO ÁMBITO SANITARIO

Andrea Blanco Lodeiro

*Traballadora social do Servizo Galego de Saúde (Sergas) Colexiada nº 3618
andrea.blanco.lodeiro@sergas.esz*

RESUMO

A chegada de inmigrantes de países con distintas culturas presenta retos na sociedade receptora. A mediación intercultural xorde pola chegada de inmigrantes na última década e a necesidade de entendemento entre as diferentes culturas e a sociedade autóctona para favorecer una sociedade multicultural. O obxectivo deste traballo é facer unha reflexión sobre a mediación intercultural en saúde. Entre as barreiras que se atopan no contexto da mediación intercultural encóntrase a dificultade na interpretación, que non exista formación conxunta de mediadores e axentes de saúde, a carga psicolóxica e unha formación non estandarizada. O escaso recoñecemento por parte dos profesionais sanitarios e o gasto económico que supón a introdución dunha nova figura profesional da lugar a que non se vexan os efectos positivos que provocan os mediadores interculturais nos sistemas sanitarios de saúde.

PALABRAS CLAVE

Traballo social, saúde, migración, conflito, mediación.

RESUMEN

La llegada de inmigrantes de países con distintas culturas plantea retos en la sociedad receptora. La mediación intercultural surge por la llegada de inmigrantes en la última década y la necesidad de entendimiento entre las diferentes culturas y la sociedad autóctona para favorecer una sociedad multicultural. El objetivo de este trabajo es hacer una reflexión sobre la mediación intercultural en salud. Entre las barreras que se encuentran en el contexto de la mediación intercultural están la dificultad en la interpretación, que no haya formación conjunta de mediadores y agentes de salud, la carga psicológica, una formación no estandarizada. El escaso reconocimiento por parte de los profesionales sanitarios y el gasto económico que supone la introducción de una nueva figura profesional hacen que no se vean los efectos positivos que provocan los mediadores interculturales en los sistemas sanitarios de salud.

PALABRAS CLAVE

Trabajo social, salud, migración, conflicto, mediación.

ABSTRACT

The arrival of immigrants from countries with different cultures set challenges in the receiver society. The intercultural mediation emerges because of the arrival of immigrants during the last decade and the understanding necessity between the different cultures and the autochthonous society in order to promote a multicultural society. The objective of this study is to think about the intercultural mediation in health, by means of a bibliographical analysis, as the factor of being a link between people from different cultures does not enable for being considered as intercultural mediators. Between the barriers that exist in the context of the intercultural mediation are the difficulty in the interpretation, the fact that there is no common formation of mediators and health agents, the psychological load and a non-standarized formation. The lack of recognition on the half of the health professionals and the economic expense that the introduction of a new professional figure supposes make that the positive effects that provoke the intercultural mediators in the health-care systems are not seen.

KEY WORDS

Social Work, health, migration, conflicto, mediation.

1. INTRODUCCIÓN

- *Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde*. (2019, 7 de abril). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/pdf/2003/BOE-A-2003-10715-consolidado.pdf>
- *Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social*. (2019, 26 de maio). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2003-21187>
- *Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios*. (2019, 10 de abril). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-13554-consolidado.pdf>
- *Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública*. (2019, 8 de xuño). Recuperado de <https://www.boe.es/boe/dias/2011/10/05/pdfs/BOE-A-2011-15623.pdf>
- *Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís*. (2019, 27 de marzo). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2012-9112>
- Llevot, N. (2005). 'El mediador intercultural perfiles y profesionalización'. I *Jornadas de mediación intercultural en Canarias*. Recuperado o

26 de marzo de 2019 de http://www.comuniversidad.com/jornadas_mediacion/contenidos

- Mnoookin, R. (1997). *Mediación una respuesta interdisciplinaria*. Buenos Aires: Eudeba
- Moore, C. (1995). *El Proceso de mediación*. Buenos Aires: Granica.
- Munduate, L., Butts, T., Medina, F.J., y Matínez-Pecino, R. (2018). *Guía para la mediación laboral*. Recuperado o 20 de abril de 2019, de <http://www.mediacion.icav.es/wp-content/uploads/2018/01/GUIA-MEDIACI%C3%93N-LABORAL-THELMA-BUTTS-1.pdf>
- Ponce Márquez, N. (2011). *Interpretación social y mediación intercultural: Juntos pero no revueltos. El caso de Sevilla Acoge*. Traducción e interpretación nos servizos públicos nun mundo interconectado. Alcalá de Henares: Universidade de Alcalá.
- *Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para os efectos da asistencia sanitaria en España*. (2019, 10 de abril). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2012-10477>
- *Real decreto Lei 16/2012, do 20 de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións*. (2019, 5 de maio). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2012-5403>
- Rozemblum de Horowitz, S. (2014). *Mediación: Convivencia y resolución de conflictos en la comunidad*. Recuperado o 15 de abril de 2019, de <https://www.casadellibro.com/libro-mediacion-convivencia-y-resolucion-de-conflictos-en-la-comunidad/9788478274796/1126329>
- Rubin, J. Z., & Brown, B. R. (1975). *The social psychology of bargaining and negotiation*. New York: Academic Press.
- Stulberg, J. (1987). *Taking charge/managing conflict*. Ohio: Lexington Books.
- Soares, M. (2005). *Mediación: Conducción de disputas, comunicación y técnicas*. Madrid: Paidós Iberica
- Vecchi, S. y Greco, S. (1999). *La mediación como recurso de intervenciones democratizadoras en las relaciones de poder*. Recuperado o 27 de marzo de 2018, de <http://www.fundacionlibra.org.ar/publicaciones/MediacionBerardoGrecoVecc hi.PDF>

CALIDADE DA VIDA LABORAL NOS SERVIZOS SOCIAIS E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

*Isabel Piñeiro Portela. Colex. número 1626
Premio Día Mundial do Traballo Social 2020. Modalidade TFG/TFM*

RESUMO

Este traballo pretende reflexionar sobre a calidade de vida laboral dos/as traballadores/as sociais nos servizos sociais comunitarios, tendo en conta o alto risco de afectación da saúde dos profesionais ante a exposición a factores psicosociais que inciden na aparición de riscos laborais.

O actual modelo xestor imperante en servizos sociais para a consecución do estado de benestar leva os/as traballadores/as sociais a unha actividade laboral onde parecen primar as necesidades da poboación susceptible de atención e a institución, e o benestar do profesional queda relegado. Se esta profesión se dedica ao coidado do usuario e a alcanzar o benestar, non resulta difícil caer na seguinte reflexión: quen cuida o/a que cuida? Os/as profesionais do traballo social están expostos a presións internas por parte da institución, así como externas polo seu labor coa poboación, o que repercutirá no seu benestar psicolóxico e físico, o que afecta os/as usuarios/as e a propia institución.

A entidade como o/a profesional, deben ser conscientes dos riscos derivados do exercicio profesional, tendo en conta a especial casuística do traballo social e mobilizar as medidas preventivas oportunas. A satisfacción laboral supón unha cuestión de saúde pública pola súa incidencia no/a traballador/a social e na propia cidadanía.

PALABRAS CLAVE

Calidade de vida laboral. Riscos laborais. Prevención. Servizos sociais comunitarios. Factores psicosociais.

RESUMEN

Este trabajo pretende reflexionar sobre la calidad de vida laboral de los/as trabajadores sociales en los servicios sociales comunitarios, teniendo en cuenta el alto riesgo de afectación de la salud de los profesionales ante la exposición a factores psicosociales que inciden en la aparición de riesgos laborales. El actual modelo gestor imperante en servicios sociales para la consecución del Estado de Bienestar lleva a los/as trabajadores/as sociales a una actividad laboral donde parece primar las necesidades de la población susceptible de atención y la institución, quedando relegado el bienestar del profesional. Si esta profesión se dedica al cuidado del usuario y alcanzar el Bienestar, no resulta difícil caer en la siguiente reflexión: ¿quién cuida al que cuida? Los/as profesionales del trabajo social están expuestos a presiones internas por parte de la institución, así como externas por su labor con la población, lo que repercutirá en su bienestar psicológico y físico, afectando a los/as usuarios/as y a la propia institución.

La entidad como el/la profesional, deben ser conscientes de los riesgos derivados del ejercicio profesional, teniendo en cuenta la especial casuística del trabajo social y movilizar las medidas preventivas oportunas. La satisfacción laboral supone una cuestión de salud pública por su incidencia en el/la trabajador/a social y en la propia ciudadanía.

PALABRAS CLAVE

Calidad de vida laboral. Riesgos laborales. Prevención. Servicios Sociales Comunitarios. Factores Psicosociales.

ABSTRACT

This essay tries to reflect on the quality of working life in Social Services of those professionals working at community social services and the high health hazards to which they are subjected to in account of their exposure to several psychological risk factors which are likely to have an impact on their occupational risk.

The prevailing model in social services nowadays aims towards achieving a welfare State. In order to achieve this welfare, social workers' needs are

frequently put behind those of the people requiring the Social System's aid and also behind the needs of the system itself. If this profession consists on caring for the users of the social system, would it not be a sensible question: who cares for the caregiver? Social work professionals are frequently subjected not only to internal pressures from the institution in which they work but also to external ones due to their close contact with the social system's users, circumstances both that can end up taking a toll on their physical and psychological wellbeing and ultimately affect their users as well as the institution itself.

Both, the institution and worker must be aware of the risks concerning this profession and bear in mind its special casuistry in order to take the pre-emptive measures that may be required. Social workers' satisfaction must be dealt with as a matter of public health due to its impact not only on the worker himself or herself but on the population they work for as a whole.

KEY WORDS

Quality of work life. Occupational risks. Prevention. Community Social Services. Psychosocial risk factors.

LIMIAR

Os servizos sociais comunitarios achegan o sistema de servizos sociais á cidadanía, á vez que a práctica diaria dos/as traballadores/as sociais é enfocada, baixo o cumprimento das distintas normativas e o código deontolóxico, ao acompañamento do/a usuario/a durante a clarificación da súa situación de dificultade e á procura de solucións para emendala.

O labor dos/as profesionais do traballo social pretende promover o apoderamento dos/as usuarios/as, mobilizando as súas capacidades e recursos para lograr que eles mesmos incidan no seu propio cambio. Isto require o establecemento dun vínculo para poder facer efectiva a intervención social, o/a profesional faise cómplice das distintas situacións, testemuños, dificultades e traumas, o que implica unha importante carga emocional e unha alta responsabilidade no manexo da relación. Por outra banda, as expectativas dos/as usuarios/as non sempre se cobren no contacto co departamento ou na intervención social, o que sumado a distintos factores de risco na contorna laboral, pode levar a frustracións e reaccións violentas cara ao/a profesional. A burocracia e o vórtice da dinámica laboral actual, coa sobrecarga de tarefas de sistematización, administrativas, de xestión e control, levan consigo altos índices de tensión laboral que mesmo chegan a desvirtuar a intervención social.

Como profesional da axuda na procura do estado de benestar, o/a traballador/a social, ponse ao servizo das necesidades do usuario/a e a institución, podendo quedar relegado o benestar do propio profesional (Cuartero, 2018). Se esta profesión se centra no coidado do usuario/a e no benestar, non resulta difícil caer na reflexión de quen coida o/a que coida. Os profesionais do traballo social expóñense a presións de carácter interno por parte da institución, así como externo coa poboación, o que chega a repercutir no seu benestar psicolóxico e físico e tamén afecta á institución e aos/as propios/as usuarios/as atendidos/as. Como recolle Mazuecos (2016) a Administración implicouse en ofrecer uns servizos de calidade conforme á demanda dos/as usuarios/as, con implicación e compromiso por parte dos profesionais, pero non se valoraron suficientemente as consecuencias das devanditas presións no/a empregado/a.

Distintos estudos (Mazuecos, 2016; Cañedo, 2011; Celdrán, 2015; Beraluze e Berrio-Otxoa, 2008; Cerros, 2016; Varría, 2003) fan referencia á incidencia de tensores laborais nos profesionais da axuda, analizando os factores facilitadores do estrés e facendo fincapé na necesidade dos coidados preventivos por parte do propio profesional, sendo pouco precisos en apuntar cara a medidas concretas a adoptar pola organización, a pesar de que inciden en que a prevención organizativa é imprescindible para incentivar o autocoidado profesional.

Este traballo pretende abordar a prevención de riscos laborais nos servizos sociais comunitarios, analizando os factores psicosociais así como o desenvolvemento de medidas preventivas a nivel individual e organizativo.

O colectivo profesional do traballo social en servizos sociais comunitarios está a evidenciar certo malestar como recollen diversos autores (Cañedo, 2011; Puig, 2005) no que inciden diversos tensores psicosociais. Como indica Caballero (2018, p.41) “os datos relativos aos problemas derivados da tensión nos traballadores a nivel tanto global como a nivel europeo e nacional son certamente preocupantes”. O estrés ou tensión laboral xa é considerado como un problema de saúde pública nos informes sobre o benestar laboral da Organización Mundial da Saúde (Rey e Pena, citado por Caballero, 2018) e esta profesión non é inmune a el. A devandita temática considérase de especial relevancia atendendo a que a calidade de vida laboral do/a profesional repercute positivamente en todos os niveis, considerando os custos que supón para o propio traballador/a (malestar), entidade (absentismo laboral, conflitos, etc), usuario/a (dilación na intervención, riscos) e cidadanía (agravamento de dificultades, exclusión).

Este artigo versa nunha revisión bibliográfica centrada no exercicio do traballo social en Servizos Sociais Comunitarios Básicos, con base na normativa vixente no contexto da Comunidade Autónoma de Galicia e á normativa de prevención de riscos laborais a nivel estatal. Enfócase esta actividade

laboral no marco da relación de axuda como alicerce básico na intervención social, onde moitos profesionais coinciden no carácter complexo da relación de axuda, así como na dificultade intrínseca de manter e manexar as relacións nuns límites (Rodríguez-Valladolid, 2010).

Esta vinculación profesional-usuario/a, baseada no acompañamento, tenta desmontar as relacións de poder xeradas pola entidade, cara a unha estratexia na que a propia alianza debe guiar a necesidade de cambio, dunha forma consensuada. Este proceso leva á afectación de ambas as partes, entendendo a relación de axuda como o propio tratamento (Rodríguez-Valladolid, 2010) e o profesional como o recurso. Deste modo a finalidade da intervención recae no apoderamento do/a usuario/a e conduza á posterior desvinculación da entidade, evitando situacións de dependencia e inmovilización.

Tendo en conta que todo/a traballador/a é susceptible de ver afectada a calidade da súa vida profesional, dáse por feito a influencia das características persoais dos/as profesionais no afrontamento das diversas dificultades laborais; eponse o foco nos principais factores de risco psicosocial e nas medidas preventivas, onde se lle presta especial atención á tensión laboral, á violencia no ámbito laboral, ao desgaste por empatía e á síndrome de Burnout.

Partiuse dunha revisión bibliográfica de tipo narrativo tendo como premissa a necesidade dunha cultura preventiva de riscos laborais na nosa actividade laboral como profesión vinculada á relación de axuda. O obxectivo principal recae en coñecer os principais factores de risco psicosociais que inciden no/a profesional do traballo social. Tendo como obxectivos específicos:

- Valorar a vinculación da relación usuario/a-profesional como tensor laboral.
- Considerar a incidencia do actual modelo xestor- burócrata dos servizos sociais comunitarios como tensor laboral.
- Analizar a proposta de medidas preventivas a nivel individual e organizativo.
- Estimar a promoción dunha cultura preventiva como vía de apoderamento do colectivo profesional dos/as traballadores/as sociais na procura da calidade de vida laboral.

Na procura de material bibliográfico, empregáronse ferramentas como google académico e dialnet como procedemento de recuperación de información de distintas fontes (revistas, teses, investigacións, comunicacións en congresos, libros...) co fin de poder contrastala e elaborar un documento reflexivo sobre a materia. A busca resultou unha tarefa complicada dadas as

dificultades para atopar literatura específica centrada no traballo social e na prevención de riscos laborais. Polo que a estratexia de rastrexo iniciouse a través de estudos relacionados cos principais riscos psicosociais na relación de axuda (o Burnout, desgaste por empatía, tensión laboral e violencia), así como a procura de medidas de prevención de riscos e calidade de vida laboral para poder seguir un fío condutor cos obxectivos expostos.

Cabe engadir, en referencia a aspectos legais, que o presente artigo cumpre os preceptos legais que se establecen na normativa reguladora de propiedade intelectual, fundamentalmente con respecto ás referencias bibliográficas utilizadas para a elaboración do traballo, citándose debidamente a súa autoría.

DISCUSIÓN: A NECESIDADE DUNHA CULTURA PREVENTIVA ANTE RISCOS PSICOSOCIAIS

A liña de partida sitúase no ideal posible básico, entender as organizacións de benestar social como organizacións saudables, é dicir, como entidades que se centran na saúde tanto do persoal como da organización no seu conxunto. Nelas xestiónanse e estrutúranse os procesos de traballo, onde se inclúe o deseño dos postos, os horarios de traballo, o estilo de dirección, a efectividade organizativa, así como as estratexias para a adaptación dos/as empregados/as (Barranco e Herrera, 2010). Os autores indican que é necesario crear e manter organizacións saudables polos efectos positivos para o persoal traballador, responsables e para as persoas ás que se destinan os servizos, así como para a sociedade en xeral. Por saudable tómase como referencia o concepto da Organización Mundial da Saúde que fai mención á saúde como o benestar físico, psicolóxico e social.

Tendo en conta o exposto, pódese distinguir entre organizacións sas e enfermas en función da implicación da entidade no coidado do seu conxunto, é dicir, tanto do persoal traballador como dos/as destinatarios/as destas.

Dentro do Benestar social, entendido como o desenvolvemento e materialización dos dereitos sociais para satisfacer as necesidades humanas fundamentais, ten especial relevancia a dimensión laboral como vía para o desenvolvemento e fortalecemento dos suxeitos e as sociedades. A cidadanía activa demanda organizacións laborais máis xustas, responsables e que recoñezan os dereitos non só dos seus usuarios/as, senón tamén dos seus traballadores/as; incluída á Administración pública na devandita demanda (Calderón, 2013).

As condicións vinculadas coa organización, co contido do posto, realización da tarefa e mesmo coa contorna, enténdense como os factores psicosociais que poden afectar a realización da actividade e polo tanto, á calidade

de vida laboral das persoas traballadoras. Estes factores poden ser favorables ou desfavorables, os primeiros contribúen ao desenvolvemento persoal e os segundos son os considerados como factores de risco psicosocial ou tensores que poden afectar a nivel psicolóxico, físico ou social aos individuos, durante o desempeño do seu traballo e mesmo fóra del. (Gil-Monte, 2008).

Todo emprego implica riscos, pero non por iso hai que presupoñer que hai actividades profesionais cuxos riscos son “inevitables”, ou especificamente hai que dar por feito que no traballo social non existen riscos laborais (Contreras, 2008). Un profesional debe coñecer os riscos aos que se expón e actuar para a prevención destes, así como a entidade, debe garantir a prevención e protección, xa que son consideracións básicas na cultura preventiva, segundo recolle a normativa vixente.

A Constitución española de 1978 no seu artigo 40.2 indica que “os poderes públicos velarán pola seguridade e hixiene no traballo” e a Lei de prevención de riscos laborais do ano 1995, define a prevención como “o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo”. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) asume a dirección, análise e o estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, editando Notas Técnicas de Prevención (NTP), algunhas delas están relacionadas con factores vinculados á actividade laboral dos/as traballadores/as sociais como as que versan sobre a tensión/estrés, prevención da tensión, violencia no lugar de traballo, risco psicosocial, Burnout, carga mental, ambigüidade e conflito de rol, entre outros.

Pero é a partir da promulgación de directivas europeas sobre esta materia cando se reforza en España a consideración da concepción da saúde a nivel laboral e a necesidade de que fose promovida nos lugares de traballo (Caballero, 2018). Evidenciouse a necesidade de considerar os danos psicosociais como consecuencia dunha inadecuada prevención de riscos e puxo en relevancia os factores psicolóxicos que incrementan a vulnerabilidade ante os devanditos riscos.

Así no ano 2003, a reforma do marco normativo de prevención de riscos laborais fixo fincapé en reforzar as obrigas das entidades, co obxectivo de integrar de forma eficaz a prevención en todos os estratos das organizacións. Neste ano atopamos o único documento do INSHT específico en traballo social: “Guía para a acción preventiva, avaliación de riscos, serie microempresas: traballadores sociais”. Neste documento rexístranse riscos extremadamente daniños como “problemas co trato cos/as usuarios/as”, faise referencia a tensión crónica (Burnout), a comportamentos violentos como agresións, coaccións, ameazas etc. Expón un protocolo para combater os riscos desde a súa orixe, adaptando o traballo á persoa, especialmente no que respecta á concepción dos postos e métodos de traballo, co obxecto de

reducir os seus efectos na saúde do/a traballador/a, e dar as debidas instrucións aos/as traballadores/as para evitar que o risco teña lugar.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) na *Enciclopedia de saúde e seguridade no traballo* fai referencia aos servizos sociais e ás funcións dos/as traballadores/as sociais, na que recolle o estrés e a violencia como principais riscos aos que se enfrontan os/as traballadores/as sociais.

Contreras (2008) establece tres riscos frecuentes: tensión, Burnout e a violencia, considerados estes como factores de risco psicosocial, enfocados na relación traballador/a-usuario/a. A literatura analizada corrobora que desenvolver o rol de traballador/a social leva consigo un custo relacionado coa degradación das capacidades e competencias. Os factores psicosociais constitúen unha serie de tensores laborais que inflúen na saúde dos individuos, sendo unha das principais causas de enfermidades e de accidentes laborais (Gil-Monte, 2009).

A relación de axuda que desenvolven os/as profesionais cos usuarios/as está marcada por un conxunto de relacións e emocións intensas que afectan a ambos e que se manifestan a través da ansiedade, tensión e emocións expresadas e sentidas. A dimensión (Casado, citado en Campos, Cardona e Cuartero, 2017) fisiolóxica vinculada á tensión e a ansiedade, xera un desgaste físico e mental inevitable dado o intenso e en ocasións tóxico, contexto emocional na relación usuario/a-profesional.

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (1997) refírese aos factores psicosociais como:

“Aquelas condicións que se atopan presentes nunha situación laboral que están directamente relacionadas coa organización, o contido do traballo e a realización da tarefa e que teñen capacidade para afectar tanto o benestar ou á saúde (física, psíquica ou social) do traballador, como ao desenvolvemento do traballo.”

Son varias as clasificacións dos factores de risco psicosocial que poden atoparse. A proposta do INSHT (Royo, Salavera, Teruel e Royo, 2016) agrúpaas en tres categorías:

1. Organización do tempo de traballo: fai alusión á organización e ao contido da actividade en función de aspectos temporais (horarios, quendas, horas extras).
2. Tarefas: son os diversos aspectos esixibles no desempeño da función laboral e inclúen aspectos referentes ao ritmo de traballo, o conflito e a ambigüidade de rol, a monotonía e repetición da tarefa, a autonomía, a carga mental, a cualificación e o status profesional.

3. Estructura da organización do traballo: dinámica laboral que combina a tecnoloxía, os sistemas, os materiais e o traballo no servizo xunto ao deseño da organización formal, os procesos de traballo, as normas, as prácticas de recursos humanos e a cultura interna que inciden na produtividade, a satisfacción e a saúde dos/as empregados/as. Resaltando a importancia da comunicación eficaz, o estilo directivo, a interacción participativa, así como outros elementos organizativos como a promoción ou estabilidade no emprego.

Gil-Monte (2012 p. 238) inclúe unha cuarta categoría con relación a “características do emprego: deseño do lugar de traballo, salario, estabilidade no emprego e condicións físicas do traballo”.

A Lei de prevención de riscos laborais (31/1995), inclúe os factores de risco dentro do concepto de condicións de traballo que afectan negativamente ao traballador/a, xeralmente chamado estrés ou tensión laboral. Fai-se referencia á tensión negativa (distress) diferenciándoa daquela positiva, eustrés que é necesario experimentar en distintos momentos da vida para que o individuo reaccione e se motive de maneira adecuada, como resposta de adaptación a unhas circunstancias especiais (Gil-Monte, 2005).

A nivel laboral, o eustrés caracterízase por aumentar a capacidade de render e mellorar as habilidades do/a traballador/a, estimula a actividade e enerxía, agudizando o pensamento, producindo equilibrio e benestar, á vez que a súa percepción é pracenteira. Poderíase vincular co termo “engagement” ou compromiso, pola conexión positiva creada entre o/a traballador/a e a súa actividade laboral, xa que os efectos que produce o eustrés levan á satisfacción e percepción de calidade de vida laboral por parte do empregado/a en organizacións saudables.

En cambio, os desaxustes do/a traballador/a no seu quefacer, levan consigo unha reacción de ameaza que conduce ao distrés, é dicir, a desequilibrios e trastornos bio-psico-sociais tendo en conta a súa cronicidade.

O estrés ou tensión laboral segundo a definición de Mc Grath recollida pola Nota Técnica Preventiva 318 indica que é un desequilibrio (percibido) entre a demanda e a capacidade de reaccionar (do traballador/a) baixo presión na que o fracaso ten importantes consecuencias (percibidas) (INS-HT, 1993).

Os estresores que hai que ter en conta no exercicio do traballo social a partir dos expostos na NTP 318 (INSH, 1993), reafirmados por distintos autores, serían os seguintes:

- Sobrecarga de traballo: volume, magnitude ou complexidade da tarefa en función do tempo dispoñible.

Cañedo (2011) recolle testemuños que denuncian a masificación dos servizos e o ritmo acelerado da actividade laboral, polo exceso de traballo. As achegas de Idareta e Ballesterro (2013) indican que apenas se dispón do tempo mínimo suficiente para poder atender o/a usuario/a adecuadamente, ante a ausencia de persoal de apoio administrativo e/ou redución de persoal nos equipos de traballo.

- **Infrautilización de habilidades:** as funcións que se realizan non se axustan á actividade laboral.

Evidénciase a imposición dun modelo de xestor de recursos (Cañedo, 2011; Celdrán, 2015), ausencia de compensacións-competencias-tarefas, asignación demanda-recurso-control en detrimento da relación de axuda e redución da actividade profesional.

- **Repetición:** tarefas rutineiras en ciclos de tempo, que se reflicten ao burocratizar a actividade laboral, incidindo na actividade conforme a obxectivos operativos. Distintos estudos evidencian que a presión pola cuantificación do rendemento, os criterios económicos e a avaliación conduce ao malestar laboral, que son percibidos de forma negativa e incidindo na tensión do/a traballador/a.
- **Ambigüidade de rol:** inadecuada información sobre o rol laboral e organizativo, o/a profesional non coñece con exactitude cales son os límites da súa competencia, os obxectivos do seu traballo, os procedementos e métodos para alcanzalos e que esperan os demais para alcanzalos (Royo et al., 2016).
- **Conflito de rol:** demandas conflitivas ou que o/a traballador/a non desexa cumprir, e leva implícitos dilemas éticos e conflitos de rol (Aguilar, 2013) que xeran oposición ás distintas esixencias do traballo e/ou conflitos de competencia. Prevalece o control aos/as usuarios/as ao acompañamento, dificultade de resolver dilemas éticos no exercicio (Álvarez, 2009). O/a profesional descoñece que ante unha posible actuación contraria aos seus principios, pode decidir inhibirse. Para iso pode recorrer tanto á obxección de conciencia como á desobediencia civil, como formas de insubordinación ao dereito ou ás ordes administrativas que como traballadores/as deben cumprir (Román, 2016).

Frecuentemente a tensión entre o ideal do profesional e a tarefa asignada lévao ao dilema coidado-control, percibindo que as barreiras administrativas impiden chegar ao usuario/a, e imperan os principios vinculados á xestión e burocracia: economía, eficiencia e eficacia. A crecente burocracia co obxectivo de controlar, centralizar e coordinar as accións dos/as profesionais ten consecuencias como o illamento, a fragmentación e a desprofesionalización (Lázaro, 2004). Dentro dos conflitos de rol, existen dilemas éti-

cos que levan en moitas ocasións a minimizar conflitos e agresións sufridas e a non actuar en consecuencia con esta. Isto leva a desenvolver un alto nivel de tensión, agravado pola exposición do profesional que non advirte que en tales circunstancias invalídase a relación de axuda, pois créase unha loita de poder contraria á alianza que se pretende crear co/a usuario/a.

- Relacións persoais: intensidade da relación con superiores/subordinados ou/e compañeiros/ as ou usuarios/as. Control político, ausencia de implicación/coordinación, illamento, coaccións, ameazas (Maroto, 2008; Celdrán, 2015). Como sinalan Moreno e Baez (2013, p. 29) “a exposición á violencia física xera nos empregados medo nun primeiro lugar, e unha diminución dos recursos emocionais e cognitivos do traballador en segundo lugar”.
- Inseguridade: incerteza de futuro por inestabilidade contractual. Ausencia/atraso de posibilidade de consolidar o posto laboral (Gil-Monte, 2012).
- Promoción: dificultades ou ausencia de expectativas de ascenso (Maroto, 2008).
- Falta de participación: non se facilita a iniciativa, toma de decisións ou consulta sobre as propias tarefas do traballador/a. O análise de Cañedo (2011) recolle que ao burocratizar os servizos, o deseño dos programas segue xeralmente un leito vertical, de arriba-abaixo, e sitúa como meros xestores os/as traballadores/as, sen posibilidade de participación nos aspectos relevantes.
- Control: restrición de autonomía e estrita supervisión vertical.
- Formación: falta de adestramento ou aclimatación ao desempeño dunha nova ou determinada tarefa. Aumento de tarefas administrativas, de rexistro, de plataformas en liña sen tempo a formarse (Berasaluze e Berrio-Otxoa, 2008).
- Cambios na organización: que supoñan grande esforzo, como a sobreprogramación, cambios políticos, abandono do traballo en equipo (Celdrán, 2015).
- Responsabilidade: ante tarefas, persoas, afrontamento de dilemas éticos (Idareta et al., 2013), existen acontecementos disruptivos como urxencias e emerxencias que corresponden a situacións nas que se require unha intervención rápida (Cañedo, 2011) que levan a unha reorganización de tarefas. O labor do/a traballador/a social ten lugar nun marco institucional de dereitos e deberes definidos por lei, pola institución e o código profesional, así como o dereito legal e/ou o deber de realizar intervencións ante situacións de vulnerabilidade, risco ou desamparo.

Na actividade laboral diaria, os/as profesionais teñen que facer fronte á burocracia da xestión, esixencia da entidade e a demanda de usuarios/as. Lázaro (2004) indica que as áreas de intervención actual se ven condicionadas polo enfraquecemento do Estado de Benestar e unha crecente globalización o que conduce a un aumento da presión exercida sobre os/as profesionais que se ven inmersos entre as esixencias das institucións, as demandas da cidadanía, así como os seus valores e principios profesionais.

Evidénciase como os servizos sociais comunitarios básicos están baixo a influencia deses tres ámbitos: a esfera política, onde se persegue a satisfacción pública e a igualdade; a xestión, é dicir, a esfera administrativa na que se pretende alcanzar a eficacia e a eficiencia, e terceiro, o ámbito do servizo que tenta alcanzar a satisfacción do/a usuario/a. O/a traballador/a social afectado/a por tensores laborais vinculados ao primeiro e segundo ámbito verá danada a súa capacidade de apoio ao/a usuario/a, e viceversa.

O traballo social como profesión enmarcada na relación de axuda, precisa da creación dun vínculo co/a usuario/a polo que debe ir máis aló da simple asignación dun/dunha profesional de referencia no actual sistema xestor-burócrata imperante en servizos sociais. Require a capacidade de empatizar coa persoa, comprender desde o punto de vista cognitivo e emocional o que lle sucede e desenvolver unha alianza para a intervención, mediante un compromiso activo con obxectivos comúns.

A praxe laboral baséase na creación dun espazo dialóxico cooperativo, conseguindo que o/a usuario/a perciba que a relación de axuda ten base no respecto, confianza e o afecto (Cardona et al., 2017).

Todos os momentos do proceso de intervención entre o/a traballador/a social e o/a usuario/a son importantes, sendo os primeiros encontros cruciais, onde se expón a vulnerabilidade de ambos. Por unha banda o usuario/a (medorento/a, angustiada/a e/ou triste) e por outra o/a traballador/a social (expectante, atento, receptivo) tratando de crear un escenario de axuda baseado na colaboración, implicación e alianza, que destaca pola súa fragilidade e alerta continua do profesional.

A síndrome de desgaste por empatía (SdE), utilizada como sinónimo de fatiga por compaixón, (Cuartero, 2018) é o resultado progresivo e acumulado de exposición á tensión crónica e á intensa vinculación con persoas que sofren. Pode aparecer como un proceso agudo, súbito e inmediato tras unha relación de axuda, e pódense diferenciar tres momentos (Campos, 2017): 1) Disconfort por compaixón, aparición de causas que levan cara ao malestar; 2) Tensión por compaixón en progresivo aumento, superando niveis de tolerancia e 3) fatiga por compaixón.

A práctica diaria en servizos sociais está marcada polo contacto continuo con persoas en situación de dificultade, de sufrimento (Maroto, 2008), coas que é imprescindible vincularse para unha intervención eficaz. A intervención social, como establecemento de relación-alianza require involucrar a ambos (profesional-usuario/a), nunha afectación mutua, para chegar a obxectivos conxuntos e realizar un traballo eficaz con base nas boas prácticas.

Carmina Puig (2005) fai referencia a que na intervención social, o profesional debe integrar a dimensión profesional e persoal (experiencias vividas) abordando que a atención ás persoas con necesidades é moi delicada e fráxil, en moitos casos dolorosa e pode derivar en esgotamento e malestar no/a traballador/a social. A incidencia do estrés laboral a nivel organizativo prexudica a capacidade do traballador/a.

Os autores Campos, Cuartero, Rise e Cardona (2016) consideran que os/as profesionais que realizan a súa actividade en contacto directo cos seus usuarios/as son propensos a experimentar síntomas de desgaste físico, psicolóxico e emocional, ao empregar na praxe habitual e de forma intencionada a súa capacidade empática.

Por iso, os profesionais que sofren DpE vense afectados a nivel físico, cognitivo, na súa capacidade de proceder, de relación e na esfera emocional. Moitos dos/as profesionais que están afectados pola síndrome continúan desempeñando os seus traballos vendo afectada a súa satisfacción e rendemento. Se ante os primeiros signos non se toman solucións para desacelerar o proceso, é fácil terminar padecéndoo. Se estes signos agrávanse a través dunha maior exposición ao trauma ou ben con condicións laborais pouco adecuadas, a síndrome poderá derivar en Burnout (Stamm, citado por Campos, 2017).

Cuartero (2018) facilita unha relación dos posibles factores de risco que poden derivar en DpE como son a exposición continua á dor allea, identificación cos clientes, exposición a niveis altos de angustia, mal ambiente no traballo, niveis altos de empatía, traballar na área de infancia en dificultade, historias de trauma non resoltas na vida do/a profesional, altos niveis de carga de traballo e insuficientes prácticas de supervisión.

Táboa 1.

Características e signos da Fatiga por compaixón.

HIPERACTIVACIÓN	EVITACIÓN	REEXPERIMENTACIÓN
Problemas de sono	Desexo de evitar pensamentos.	Pensamentos intrusivos
Irritabilidade	Esquivar sentimentos.	Soños intrusivos.
Estalidos de ira	Eludir conversas asociadas á dor do cliente.	Distrés psicolóxico e/ou fisiolóxico.
Hipervixilancia	Perda de enerxía.	Asociación a experiencias traumáticas dos/as usuarios/ as.
Acrecentamento da ansiedade	Evitación de saídas extralaborais cos compañeiros.	Pensamentos e sentimentos de falta de idoneidade como profesional.
Impulsividade	Automedicación e/adicción.	
Reactividade		
Incremento da percepción de esixencias e de ameazas		
Aumento da frustración		

Nota: Fte: adaptación de Cuartero, M.E. (2018) Estudio sobre la prevalencia del desgaste por empatía (compassion fatigue) en los/as trabajadores/as sociales de los centros de servicios sociales de Mallorca. Tesis doctoral no publicada, Universitat de les Illes Balears, Mallorca, España.

O desenvolvemento dunha intervención social eficaz e equilibrada dentro da relación de axuda, proporcionalle ao profesional elementos gratificantes que incrementan o seu fortalecemento profesional, do/a usuario/a e da entidade. Estes elementos englóbanse no termo satisfacción por compaixón, que fai alusión ao gozo de traballar axudando os demais, asociándoo ao proceso de curación recíproco entre o profesional e o cliente, á autoconexión interna, conexión cos pares, elevada sensibilidade de espiritualidade e alto grao de empatía (Acinas, citado por Cuartero, 2018).

Os devanditos factores serán tidos en conta en medidas preventivas a desenvolver tanto a nivel individual, como grupal e organizativo. Pero por moito que o/a profesional sexa consciente dos riscos, precisa do apoio da entidade e dos/as compañeiros/as, o apoio social e profesional é unha medida imprescindible para impedir a súa sobreexposición. A cronicidade desta leva á síndrome de queimarse polo traballo (SQT) ou Burnout.

Para Román (2016, pp.122) o Burnout é

“Froito dun mal trato por parte da organización, pola súa mala relación cos profesionais, por non saber distribuír con eficiencia o traballo, por non delegalo responsablemente, ou non recoñecer a dedicación”.

Algúns dos elementos crave que poden desencadear Burnout son o propio contexto organizativo, marcado por unha excesiva burocracia, uns límites difusos, saturación dos servizos ou desaxuste en xestión do tempo e a relación co/a usuario/a.

As dimensións que compoñen o Burnout (Maslach, citado en Varría, 2003), son:

- Esgotamento emocional: cansazo físico e psicolóxico, con diminución dos recursos persoais; sensación de sobre esforzo e desacougo emocional polas continuas interaccións entre traballadores/as-usuarios/as e entre eles/as.
- Despersonalización: insensibilidade no trato, actitudes negativas e un certo grao de cinismo cara ás persoas que deben recibir os seus servizos.
- Falta de realización persoal: valoración negativa da propia actividade, sensacións de insuficiencia, que se acompañan de baixo nivel de autoestima e respostas negativas cara a un mesmo.

O/a profesional chega a esa etapa como un proceso de dó, unha perda do ideal, expresada con dor e cólera (Freudenberger, citado en Puig, 2005). O devandito dó estaría ligado ás fases da síndrome (Ander-Egg, citado en Varría, 2003): caracterizado por un entusiasmo inicial da actividade laboral con gran despregamento de enerxía, choque coa realidade con perda de entusiasmo, instalándose nun proceso de rutina e frustración que leva ao abandono da profesión ou en termos alternativos a unha actividade rutineira burocrática e despersonalizada.

Aínda que as investigacións sobre o predominio da síndrome de Burnout no colectivo de traballadores sociais son escasas, a literatura na materia identifica esta profesión como grupo de risco, dada a presenza de múltiples factores relacionados habitualmente cun predominio alto de padecemento (Facal, 2012).

Recentemente a Organización Mundial da Saúde incluíu oficialmente o Burnout, na Clasificación Internacional de Enfermidades, que recibe o nome de ICD-11 e que entra en vigor o 1 de xaneiro de 2022. O que pode dar lugar a que en España poida pasar de ser só considerada como accidente laboral

conforme á sentenza do Tribunal Supremo, a ser catalogada como unha enfermidade laboral.

A diferenza do desgaste por compaixón, a síndrome de queimarse polo traballo (SQT) ou Burnout é unha patoloxía que ten a súa orixe na contorna laboral, en resposta á tensión crónica, e debe de ser entendida “como unha forma de acoso psicosocial no traballo” (Gil-Monte, 2005, pp.35), onde o profesional se ve impotente para abordar as dificultades que lle xera o seu ámbito de traballo.

Táboa 2

Diferenzas entre Fatiga por Empatía e Síndrome de Burnout

Eixes	Hiperactivación. Evitación e embotamento. Reexperimentación.	Esgotamento emocional. Baixa realización persoal. Despersonalización.
Relacionado con	Traumatización secundaria e por estrés postraumático	Estrés laboral.
Causas	Relacionado co esquema cognitivo do profesional	Relacionado coas condicións de traballo
Concepto	Estado	Proceso
Evolución	Súbito, rápido e sen sinais previos. Abrupto e agudo	Progresivo. Acumulado no tempo por inmersión intensa.
Manifestación	Menos insidioso	Agravamento posterior
Nivel emocional	Sentimentos de indefensión, sensación de illamento e falta de apoios.	Extenuación emocional

Nota: Fonte: Cuartero, M.E. (2018) Estudio sobre la prevalencia del desgaste por empatía (compassion fatigue) en los/as trabajadores/as sociales de los centros de servicios sociales de Mallorca. Tesis doctoral no publicada, Universitat de les Illes Balears, Mallorca, España.

Dentro da relación de axuda e como entidades saudables, os servizos sociais teñen unha función de acougo para o/a usuario/a e para o/a profesional, onde se xeran vínculos simbólicos e vivenciais importantes, polo que

deben facilitar o desenvolvemento persoal-profesional ao tempo que a consecución dos obxectivos da entidade. Se non lle brindan o adecuado sostén ao profesional, condicionarán o resultado do labor profesional repercutindo negativamente no/a usuario/a do servizo.

As institucións “son contextos que permiten ordenar e conter as expresións de necesidade da sociedade, asegurando o control, a repartición de bens, regulamentando posibilidades e prohibicións” (Puig, 2005, p.3). Seguindo a Puig (2005), a existencia de certos niveis de satisfacción ou de malestar é inherente á práctica do sistema profesional, xa que o conflito é intrínseco ao quefacer laboral. Segundo a autora hai catro eixes fundamentais nos que os/as profesionais presentan conflitos ou dificultades:

- Grupos de persoas: relacións entre profesionais, axentes sociais, empregados e membros de entidades.
- Entre o profesional e a institución.
- Co seu obxecto de traballo: os/as usuarios/as, o asunto para tratar, as necesidades ou o malestar destes.

A existencia de riscos ou as consecuencias destes na praxe ao longo da vida laboral, é escasamente estudada, pero algunhas investigacións indican que a maioría dos/as profesionais viuse implicado algunha vez; sendo o risco máis habitual o relacionado coas persoas usuarias (Berasaluze e Berrio-Otxoa, 2008). Faise referencia a que as agresións xa sexan a nivel físico, condutas verbais ameazantes, intimidatorias, abusivas e/ou acosantes acontecen de forma illada ou esporádica, pero isto non lles resta gravidade ás devanditas situacións (Santás, 2010). É no ámbito dos servizos sociais comunitarios onde se ven máis expostos a situacións de risco segundo o estudo de Barreira, (Malagón e Sarasola, 2015), polo tanto debe terse en conta na cultura preventiva que se vai tratar.

O actual modelo xestor que se desenvolve nos departamentos de servizos sociais provoca malestar no/a profesional, entre outros motivos, porque non lle permite realizar o modelo de intervención social propio do traballo social e causa tamén malestar no usuario/a (Idareta, 2013). O labor dos/as traballadores/as sociais pódese contemplar como símbolo do estado de benestar ou na súa faceta máis criticada e falsamente creada, como culpables do destino dos seus usuarios e usuarias (Franklin, citado por Banks, 1997), froito da burocracia nos servizos sociais, levando en moitas ocasións a un vilipendio agresivo da profesión por parte de prensa, usuarios/as, mesmo profesionais.

Gil-Monte (2005) fai referencia a que os cambios na cultura da poboación, levan á esixencia dunha maior “calidade” no trato que reciben como

usuarios/as, conforme aos seus ideais e expectativas, facendo que algúns presenten demandas en ocasións desmedidas, amparándose nos seus dereitos como cidadáns. Deste xeito converten os servizos en bens de consumo, a cidadanía en consumidores con dereitos a esixir, non como colaboradores participantes da calidade no servizo. Este patrón de condutas vén a ser denominado a “sociedade da queixa” (Gil-Monte, 2005) que leva ao desprestixio dos profesionais do sector servizos e ao incremento do número de agresións e condutas violentas, das que os/as traballadores/as sociais non se libran e moitas veces silencian.

Partindo dunha praxe eficaz do traballo social, nace unha situación de relación traballador/a social-usuario/a, onde ambos se atopan en situación de vulnerabilidade. Onde a intervención pode xurdir por propia iniciativa, de forma voluntaria, ou forzada por derivación e na cal o/a usuario/a está en situación de dificultade e o/a traballador/a atópase na ardua tarefa de iniciar/continuar/recuperar a intervención colaboradora. Unha situación violenta, non necesariamente física, provoca no/a profesional o aumento dos niveis de ansiedade (Lázaro, 2004) abocando no impacto psíquico e emocional, xa que atenta contra a súa integridade moral. A agresión pode producir secuelas graves, que traspasan a contorna laboral, afecta a vida persoal e familiar, como acontece ante a tensión laboral crónica, con diminución do rendemento laboral, síndrome de tensión postraumática, ansiedade, depresión, secuelas físicas, mesmo morte (Santás, 2010).

A agresión leva consigo á ruptura da relación de axuda, por canto rompe o vínculo de confianza e respecto mutuo e fai inviable unha axeitada intervención social. O código deontolóxico da profesión, establece no seu artigo 12, que os/as traballadores/as sociais deben intervir en estreita colaboración cos/as usuarios/as. Como indica Santás (2010), o exposto é incompatible con situacións nas que se dean comportamentos violentos, e é imposible unha adecuada atención. Aí radica a necesidade de activar os protocolos oportunos, para que, sen impedir que o/a usuario/a exerza os seus dereitos, poida salvagardarse a integridade do/a profesional e que este exercite os seus propios dereitos laborais.

A Administración responsabilízase de garantir o dereito da cidadanía para acceder aos recursos públicos, ao mesmo tempo que debe avala a salvagarda e o dereito á seguridade dos/as profesionais, como cidadáns/as e como parte da función pública. Cómpre tomar en consideración o exercicio profesional dentro da Administración, para considerar o/a traballador/a social como unha autoridade pública na execución das funcións do seu cargo con independencia da vinculación laboral coa entidade (Álvarez, 2008). As situacións de violencia no marco laboral supoñen a agresión directa ao profesional e indirecta á contorna, e ao resto de traballadores/as e usuarios/as, o que crea un clima de vulnerabilidade. Por iso, o centro de traballo debe reunir e activar aquelas condicións que faciliten o adecuado desempeño da actividade laboral.




Figura 1. Incidencia de medidas preventivas sobre factores de risco.

No exercicio diario, os profesionais chegan a obviar os seu propio dor/ malestar, centrando a súa atención no/a usuario/a, e o autocoidado persoal e profesional son actividades pouco frecuentes (Le e Miller, citado por Cuartero, 2018; Gil, 2016), silenciando situacións de risco.

Resulta fundamental que os/as traballadores/as sociais tomen conciencia do perigo real de afectación da súa saúde polos factores de risco psicosociais aos que están expostos, co obxecto de que se impliquen en reclamar estratexias de coidado e prevención desde o colectivo profesional, a nivel institucional e non esquecer o autocoidado.

A literatura analizada ademais de afondar nos factores de risco, amosa propostas nas que se incide na necesidade do autocoidado individual, relegando a responsabilidade da entidade a garantir e facilitar o coidado do/a profesional. Darlle visibilidade e relevancia á cultura preventiva debe ser unha tarefa continua na vida profesional dos/as traballadores/as sociais, a pesar de que nin o Libro branco de traballo social, nin no código ético do traballo social nin no código deontolóxico do traballo social faise mención concreta a este tipo de prácticas, como afirma Cuartero (2018).

Tendo a intervención como piar da relación de axuda, resulta de grande interese en materia de prevención, as propostas de Puig (2015), baseadas en tres eixes: o dereito para coidar, coidarse e que o coiden, enmarcadas na relación institución-equipo-profesional-usuario/a. Fundaméntase na procura do vínculo, do traballo en equipo, atendendo á subxectividade e confianza do espazo dialóxico, fuxindo da globalidade dos aspectos negativos da burocracia, activando a empatía e o recoñecemento da vulnerabilidade mutua e promovendo a investigación e a supervisión como fonte de coñecemento e coidados, con base no traballo colaborativo. Neste último, procúrase o apoio profesional reforzado polo equipo e o colectivo profesional, desenvolvendo as competencias e potencialidades dos mesmos, é dicir diríxese cara o apoderamento dos profesionais na práctica laboral, rexeitando a individualidade.

Dedúcese como imprescindible que o/a profesional coide de si mesmo para poder axudar os demais. O autocoidado persoal e profesional é un mecanismo que incide positivamente sobre a saúde, os recursos físicos, intelectuais e sociais, aínda que foi un gran descoñecido durante moito tempo no marco do traballo social (Le e Miller, citado por Cuartero, 2018). O profesional é o principal recurso da entidade e esta debe garantir e promover a óptima protección dos seus recursos, facilitando os medios (temporais, técnicos etc) necesarios e implicar o persoal nas medidas preventivas, incidindo no propio interese de cada traballador/a.

No ámbito laboral, o autocoidado enténdese como o proceso de activación intencionada de estratexias que promoven de forma efectiva e apropiada, o uso dun mesmo no rol profesional (Le e Miller, citado por Cuartero 2018). É considerado como o principal factor para aumentar os efectos positivos xunto cos recursos físicos, intelectuais e sociais do/a profesional.

Así o autoconhecimento, como parte do propio coidado, é unha competencia profesional básica para a práctica, pois esixe un alto grao de coñecemento persoal para poder intervir no marco dunha relación de axuda. Posibilita coñecer os sentimentos e sensacións, as reaccións propias (conscientes e inconscientes) fronte á dor/dificultade do usuario/a e os tensores da entidade, e permítelle ao profesional a contención e establecemento de límites na intervención.

Durante a praxe social, resulta imprescindible o mantemento dunha tensión equilibrada entre empatía e ectapía. Este último concepto fai referencia á capacidade de controlar a reacción empática mediante a evitación de influencias por parte dos/as usuarios/as (Gil-Monte, 2005). A activación e mantemento da capacidade de resiliencia e empatía persoal, sumada a unha formación continua, fortalecen a autoconfianza e eficacia. Como indica Puig (2005) faise preciso reaprender de novo durante toda a vida profesional, identificando a formación como un elemento mitigador e fonte de apoio ante factores de estrés, sinalando asemade a necesidade de abeiro no equipo técnico, do colectivo e colexio profesional. A entidade debe evitar o illamento xestor, promovendo o traballo en equipo e motivar que o/a profesional participe nas iniciativas de apoio técnico: espazos de supervisión e reunións de equipo e de coordinación. Entendendo estas reunións de equipo, “como espazos onde se poidan compartir experiencias de dificultade como exitosas” (Radey e Figley, citado por Cuartero, 2018) nas que se evite posturas negativas e promóvanse reflexións e resolucións positivas conxuntas.

Actualmente as novas promocións contan con formación en satisfacción laboral, prevención de riscos psicosociais e adestramento en competencias individuais ao considerar de interese a súa inclusión curricular nos programas académicos universitarios do Grao en Traballo Social, ante a realidade laboral.

En resumo, como medidas de coidado individual para os profesionais Cuartero na súa tese “Estudo sobre o predominio do desgaste por empatía (compassion fatigue) nos/as traballadores/as sociais dos centros de servizos sociais de Mallorca” (2018) recompila os factores de protección detectados en estudos fóra de España: altos niveis de satisfacción por compaixón, prácticas de autocoidado, apoderamento psicolóxico, distancia emocional adecuada entre o cliente e o profesional, traballo en equipo e apoio dos compañeiros de traballo, supervisores ou xefes, acceso á información de cuestións laborais, altos niveis de formación, alta experiencia profesional e resiliencia.

Ante o dominio do sistema burocrático imperante en servizos sociais, resulta de grande importancia a posta en marcha destas posibles estratexias de prevención a nivel organizativo co obxecto de incidir na mellora do ambiente e o clima da organización, xa que isto repercutirá no benestar do/a profesional. Sen a implicación organizativa a prevención individual non poderá ser efectiva.

A literatura actual en prevención suxire abordar o coidado e protección dos recursos humanos (Caballero, 2018) por ser este o principal activo dunha entidade. A nota técnica preventiva 438 (INSHT, 1993) recolle o que distintos autores veñen sinalando, é preciso fortalecer os vínculos sociais entre os/as traballadores, favorecer o traballo en grupo e evitar o illamento, desenvolvendo estratexias de colaboración e cooperación grupal.

Algunhas das medidas preventivas que se van desenvolver pola entidade a este nivel, serían:

- Promover e planificar o apoio social no traballo.
- Impulsar grupos de apoio para discutir a relación co traballo por parte dos/as profesionais.
- Dirección de forma positiva e cun estilo axeitado. Formar os xestores no adestramento en habilidades sociais.
- Establecer sistemas democráticos-participativos no traballo.
- Consolidar a dinámica grupal para aumentar o control do/a traballador/a sobre as demandas psicolóxicas do traballo.
- Establecer traballos de supervisión profesional (en grupo) para os/as traballadores/as.
- Establecer protocolos de actuación ante agresións contra os/as traballadores/as sociais, co obxecto de salvagardar os intereses de usuarios/as e profesionais.

Facilitar desde a entidade a cultura preventiva do autocoidado favorecendo espazos de formación, supervisión e investigación, xa que benefician ao individuo e á organización.

CONCLUSIÓNS

Este breve e sinxelo achegamento á prevención de riscos laborais dentro da actividade dos/as traballadores/ as sociais nos servizos sociais comunitarios, lévanos á necesidade de facer visible o concepto de calidade de vida profesional neste sector. A baixa calidade de vida laboral non só ten consecuencias sobre a saúde física e psicolóxica do/a traballador/a social, senón que afectan á súa capacidade de intervención na relación de axuda, afectando tamén á poboación susceptible de atención. Polo que incidir na consecución duns bos niveis de calidade de vida laboral, reverten na implicación profesional, xerando beneficios nos/as usuarios/as e na propia entidade e levan a unha óptima vinculación con esta, con repercusións positivas a todos os niveis. Poderíase relacionar co termino avir ou “engagement”, é dicir, con compromiso por parte do profesional na súa actividade laboral e coas entidades saudables das que falabamos ao comezo do artigo.

Unha entidade saudable tenta equilibrar os factores persoais individuais coas condicións laborais e organizativas, de forma que o traballo xera no/a profesional motivación, autoconfianza, aumenta as capacidades e o benestar do/a profesional, é dicir a súa satisfacción laboral, o seu compromiso. O benestar laboral repercute na entidade e no/a profesional a nivel económico (ao estar vinculado directamente co absentismo laboral ou mobilidade ante a existencia de riscos) e na calidade do servizo (ligado ao benestar do/a usuario/a). O benestar persoal e a calidade de vida do traballador/a manteñen unha influencia mutua positiva a nivel laboral (Mazuecos, 2016), de aí a importancia e necesidade de minimizar os efectos dos tensores laborais.

A literatura analizada levounos a valorar a necesidade de adoptar medidas preventivas ante a incidencia dos factores psicosociais no exercicio profesional dos servizos sociais comunitarios. A súa análise denota malestar no colectivo como é evidenciada por distintos autores (Zamanillo, 2012; Puig, 2005) e que se pode resumir na falta de satisfacción ao non poder realizar un traballo social en condicións óptimas, sen verse afectados polos distintos factores de estrés analizados. Como desenvolvemos anteriormente, a tensión laboral, a fatiga por compaixón, o Burnout e mesmo as situacións de violencia son consecuencias graves de non activar medidas preventivas a nivel organizativo. Por moito que o profesional sexa consciente dos devanditos riscos, se a entidade non repara, apoia e emenda, tomando parte na súa evitación, as medidas individuais serán de dubidosa eficacia (Bernardo e Baez, 2010).

Constatouse que a vinculación entre usuario/a e profesional actúa como tensor laboral. Polo que a intervención social leva o profesional a manter un equilibrio continuo para actuar con mesura, de forma eficaz, empática co obxecto de chegar ao usuario/a en termos de igualdade e non verse afectado/a na creación do vínculo durante a intervención; chegando a realizar un esforzo de encaixe entre o distanciamento protector como indican certos autores (Cuartero, 2018; Maroto, 2013) e a proximidade (Puig, 2005).

O actual modelo xestor burócrata evidénciase tamén como fonte de estrés. Como analizamos anteriormente, distintos estudos abordan de diversas maneiras a afectación dos/as profesionais polo devandito motivo. Destaca o malestar de non poder desenvolver a intervención social da relación de axuda na que están formados/as e capacitados/as e vense inmersos nun modelo xestor consumista baseado na acción inmediata irreflexiva e xustificación dos intereses administrativos (da entidade) e políticos que levan a unha sobrecarga laboral e mental. Este desencanto podería dar lugar ao técnico burócrata distante que nace da claudicación e adaptación do profesional aos obxectivos operativos do sistema neoliberal que impera na actualidade e á chamada desprofesionalización, ao adaptarse aos intereses cuantitativos da entidade e degradación da profesión.

O porque do rexeitamento dese modelo, débese a que centra a intervención en demanda-recurso, obviando as dificultades implícitas do/a usuario/a e por outra banda satura por sobrecarga e conflito de rol ao profesional. É dicir, a burocracia operativa evidenciaría certo menosprezo ao verdadeiro recurso que é o propio traballador/a social e iso supón unha negación do carácter científico da profesión, a súa capacidade de diagnóstico e intervención, ao non valorar, nin coidar, nin respectar as funcións e particularidades que leva consigo a práctica profesional diaria e por tanto, tampouco ten en conta os seus riscos. Reivindicar a relación de axuda, non nega a xestión como unha parte desta. Debe ser entendida como unha actividade máis aló da tramitación, como indica Zamanillo (2012, p. 106), “negociar e formalizar os asuntos que tratamos co propósito de coidalos para obter o máximo beneficio para as persoas que atendemos”, forma parte da intervención, da análise da tarefa, pero non por iso debe copar a actividade laboral restando espazo e tempo ao diagnóstico e ao vínculo.

Só valorando que o profesional é o principal recurso, poderase demandar a implantación dunha cultura preventiva no colectivo profesional e nas entidades onde se exerce. Só desde esta postura, prestando atención ás peculiaridades e idiosincrasia do traballo social, poderase previr por exemplo o desgaste por empatía, o Burnout, as agresións ou o conflito de rol.

Con todo, empezouse o traballo partindo dun ideal posible, entendendo as organizacións de benestar social como organizacións saudables, centradas no coidado da saúde tanto dos/as empregados/as como da propia

entidade. Polo cal, enténdese que permitirían o óptimo desenvolvemento do/a traballador/a social na execución da relación de axuda e exercicio da profesión como tal.

Considérase que o colectivo debe facer visible a súa vulnerabilidade ante os riscos no exercicio profesional, reivindicando a prevención como dereito intrínseco tanto como tamén reivindica a necesidade de que a cidadanía exerza os seus dereitos (Mazuecos, 2016).

As medidas preventivas analizadas fan especial fincapé no autocoidado e prevención individual pois o/a profesional resulta o principal interesado e afectado, aínda que xa se abordou que non é o único, pois usuarios/as e a propia entidade sofren os efectos negativos das distintas incidencias que afectan o/a traballador/a social. Cabe resaltar que a praxe profesional é un exercicio de aprendizaxe continua durante toda a vida laboral e a intervención en equipo de forma colaboradora actúa como reforzo protector, polo que debe buscar e recibir o amparo social dos seus membros en todo momento.

O/a traballador/a social en servizos sociais comunitarios básicos debe encadrarse no organismo administrativo no que se atopa conforme ao réxime interno, ás normativas e lexislacións pertinentes. Estas recoñecen dereitos e deberes aos usuarios/as cuxo exercicio e cumprimento debe ser promovido polo profesional, conforme ao seu código deontolóxico. Esta normativa tamén recolle os dereitos do profesional para poder exercer o seu labor como tal, por tanto, considérase que existe unha estrutura cuns límites que marcan e axudan a situar a ambos na relación profesional-usuario/a. Con todo, a diferenza doutros colectivos por exemplo o sector sanitario ou educativo, no traballo social as situacións violentas que a miúdo se presentan son sistematicamente silenciadas. Analizouse, que o dereito do/da usuario/a a ser atendido ante situacións de emerxencia, vulnerabilidade ou desamparo, non lexitima a atención en calquera circunstancia. Unha reacción violenta invalida calquera tipo de relación co e coa profesional agredidos, polo que ampararse no marco legal facilita manter un equilibrio de poderes onde o usuario/a debe axustarse ao cumprimento dunhas normas.

O establecemento de protocolos de actuación ante agresións, denuncias, solicitudes de cambio de traballador/a social etc., axuda a unha actuación efectiva e obxectiva con base nos dereitos de ambas as partes implicadas e supón unha folla de ruta para manter unha intervención eficaz. Debe ser a entidade a que debe facer valer as súas normas de funcionamento, así como a activación de medidas, xa que sitúan ao usuario/a en reconducir os seus comportamentos disruptivos á vez que ampara o profesional. A ausencia de protocolos diante de situacións violentas nega a responsabilidade e capacidade de actuación do usuario/a e leva de novo a un modelo asistencial e paternalista.

Dito o anterior, tórnase imprescindible a existencia de medidas preventivas a nivel organizativo, xa que facelas efectivas pon en valor a figura do profesional e a toma en consideración da necesidade do seu coidado, facilitando o exercicio dos seus dereitos laborais (Mazuecos, 2016).

A literatura analizada recolle a necesidade de lles facilitar soporte aos/ás profesionais. O apoio social, o traballo participante e a mención da supervisión como medidas preventivas son reiterativas. Considérase que a supervisión, como recurso independente á entidade, pode ser unha óptima ferramenta a poñer en marcha e ser reclamada polos/as traballadores sociais e os colexios profesionais, non como espazo de control, senón de apoio aos/as traballadores/as sociais, co obxecto de minimizar as situacións de estrés na práctica laboral.

Pódese entrever que no noso país, a profesión do traballo social centrou a atención no benestar dos/as usuarios/as e non tanto nos profesionais (Mazuecos, 2016), e cando se fixo detívose en situacións extremas finalistas como a síndrome de queimarse no traballo, en clara alusión á ausencia dunha cultura preventiva dos riscos psicosociais sen un enfoque previo desde o colectivo profesional. Nos últimos anos iniciáronse estudos e valoracións da afectación do profesional da relación de axuda, o que afondou na necesidade de coñecer os riscos propios da vinculación efectiva cos usuarios/as. Isto incide na necesidade de anticipación preventiva ao ter en conta aspectos como o desgaste por empatía e evitar afectacións maiores e extremas como as derivadas por factores de estrés que poidan derivar en situacións de Burnout ou mesmo agresións. Cabe destacar a necesidade de promover a investigación na realidade actual da calidade de vida laboral do colectivo profesional e incidir en medidas preventivas ante riscos psicosociais co obxecto de minimizar os tensesos analizados.

Se o apoderamento en servizos sociais relaciónase normalmente coa potenciación das capacidades do usuario/a ante as súas dificultades, neste sentido chegou o momento de aplicalo ao colectivo profesional. Así, unha maior implicación na prevención tanto a nivel individual como colectivo (colexios profesionais, universidades, plataformas etc.) supoñería un reforzo do colectivo que podería levar ao apoderamento da profesión, axudando a desenvolver as potencialidades do/a profesional e camiñar cara a consecución da satisfacción laboral.

Como recolle Contreras (2008):

“Faise necesario que os profesionais do traballo social dean pasos decididos, persoais e colectivos, que lles permitan construír unha cultura preventiva”

REFERENCIAS

- Aguilar, M.^a J. (2013) *Trabajo Social. Concepto y Metodología*. Madrid: Paraninfo, Consejo General de Trabajo Social.
- Álvarez, J.I. (2009). El riesgo propio del ejercicio profesional. *Trabajo social hoy*, 57, 45-47. Recuperado de <http://www.comtrabajosocial.com/documentos.asp?id=1142>
- Álvarez, J.I. (2008). Las agresiones a los trabajadores sociales que realizan funciones públicas. *Trabajo social hoy*, 54, 41-47. Recuperado de <http://www.comtrabajosocial.com/documentos.asp?id=1139>
- Banks, S. (1997) *Ética y valores en el Trabajo Social*. Barcelona. Paidós
- Barranco, C. y Herrera, J.M. (2010). Organizaciones saludables de bienestar social y trabajo social. Visión sobre el engagement, burnout y los sistemas de calidad integrados. *Revista de trabajo social y salud*, 65, 273-290. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3641794>
- Barrera, E., Malagón, J.L. y Sarasola, J.L. (enero, 2015). Trabajo Social, su contexto profesional y el Síndrome de Burnout. *Comunitaria: revista internacional de Trabajo Social y Ciencias Sociales*, 9, 51-71. Recuperado de <http://revistas.uned.es/index.php/comunitania/article/view/18904/15796>
- Barría, J. (2003). Síndrome de Burnout en asistentes sociales del Servicio Nacional de Menores de la región metropolitana. *Trabajo Social y salud*, 45, 7-37. Recuperado de http://www.researchgate.net/profile/Javier_Barría_Munoz/publication/35482345
- Berasaluze A. y Berrio-Otxoa, K. (2008). *El ejercicio profesional del Trabajo social hoy*. Bilbao. Colegios Oficiales de diplomados/as en Trabajo social de Álaba, Bizkaia y Gipuzcua.
- Caballero, F. (julio, 2018). Afectación del síndrome de estar quemado en el trabajo o burnout. Medidas preventivas y de intervención actuales. *Revista de Innovación Didáctica de Madrid*. Nº 52. Pág. 39-82. Recuperado de <https://www.csif.es/contenido/comunidad-de-madrid/ensenanza/205631>
- Calderón, M. (octubre-noviembre, 2013). El rol de las unidades de bienestar laboral de la administración pública en la seguridad social de los funcionarios públicos. Comunicación presentada al XVIII Congreso Internacional del CLAD. *La Reforma del Estado y de la Administración Pública*.

Montevideo. Recuperado de <https://cladista.clad.org/bitstream/handle/123456789/7357/0074830.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

- Campos, J.F., Cuartero, M. E., Riera, J.A. y Cardona, J. (abril, 2016). Cuidado profesional y mecanismos paliativos del desgaste por empatía. Comunicación presentada en II Congreso Internacional de Trabajo Social. *Respuestas transdisciplinares en una sociedad global. Aportaciones desde el Trabajo Social*. La Rioja. Recuperado de https://publicaciones.unirioja.es/catalogo/online/CIFETS_2016/Monografia/pdf/TC361.pdf
- Cardona, J., Campos, J.F. y Cuartero, M. E. (2017). Afrontar el desgaste: cuidado y mecanismos paliativos de la fatiga por compasión. *Alternativas. Cuadernos de Trabajo social*, 24, 119-136. Recuperado de https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/72150/6/Alternativas_24_07.pdf
- Cañedo, M. (2011). ¿Y esto a quién se lo cuento, al ayuntamiento?: trabajadores sociales entre la vocación y la burocracia. Un análisis antropológico del modelo de intervención de los Servicios Sociales a partir de la etnografía de una red asistencial madrileña. *Cuadernos de Trabajo social*, 24, 135-153. Recuperado en <https://core.ac.uk/download/pdf/38813269.pdf>
- Cerros, E. (2016). Una mirada hacia las emociones que experimentan los trabajadores sociales que atienden a enfermos terminales. *Trabajo Social Global. Revista de Investigaciones en Intervención Social*, 11(6), 78-98. Recuperado de https://www.researchgate.net/publication/311985839_Una_Mirada_hacia_las_emociones_que_experimentan_los_trabajadores_sociales_que_atienden_enfermos_terminales
- Celdrán, D. (2015). Ratio y funciones de los trabajadores sociales en las unidades de trabajo social. *Trabajo social hoy*, 75, 89-102. Recuperado de <http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2015.0011>
- Contreras, D. (2008). Trabajo Social y Prevención de Riesgos Laborales. Un enfoque desde el Estrés, el Síndrome de estar quemado (SQT) y la violencia. *Trabajo Social Hoy*, 54, 143-158. Recuperado de <http://www.comtrabajosocial.com/documentos.asp?id=1139>
- Consejo General del Trabajo Social (2012). Código Deontológico del Trabajo Social. Recuperado de http://www.consejotrabajosocialcyl.org/codigo_deontologico_2012.pdf
- Cuartero, M.E. (2018). *Estudio sobre la prevalencia del desgaste por empatía (compassion fatigue) en los/as trabajadores/as sociales de los centros de servicios sociales de Mallorca*. Tesis doctoral no publicada, Universitat de les Illes Balears, Mallorca, España. Recuperado de <https://www.>

tesisenred.net/bitstream/handle/10803/666350/tmecc1de1.pdf?sequence=1&isAllowed

- Cruz, B., Bembibre, J. y Barranco, J. (2015). *Herramientas para la reflexión de la práctica de la intervención social*. Granada: Libros del Genio Maligno.
- Decreto 99/2012, del 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiación. DOG, 63, del 30 de marzo de 2012. Recuperado de https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120330/AnuncioCA05-270312-14010_es.html
- Facal, T. (2012). Prevalencia del Síndrome de Burnout en trabajadores sociales de los servicios sociales comunitarios, *Portularia*, 1(12), 59-69. Recuperado de http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/5740/Prevalencia_del_sindrome_de_Burnout.pdf?sequence=2
- Fidalgo Vega, M. (2006). Síndrome de estar quemado por el trabajo o “burnout” (I): consecuencias, evaluación y prevención (NTP 704). INSHT. Recuperado en http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/701a750/ntp_704.pdf
- Fidalgo Vega, M. (2006). *Síndrome de estar quemado por el trabajo o “burnout” (II): consecuencias, evaluación y prevención (NTP 705)*. INSHT. Recuperado en http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/701a750/ntp_705.pdf
- Gil Bermejo, J.L. (2016) *El cuidado en la intervención social. Una práctica en la ética del trabajo social*. Recuperado de https://publicaciones.unirioja.es/catalogo/online/CIFETS_2016/Monografia/pdf/TC363.pdf
- Gil-Monte, P. (2009). *Algunas razones para considerar los riesgos psicosociales en el trabajo y sus consecuencias en la salud pública*. *Revista Española de Salud Pública*, 2(83) Recuperado de http://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1135-57272009000200003
- Gil-Monte, P. (2009). Riesgos psicosociales en el trabajo y salud ocupacional. *Revista Peruana de Medicina Experimental y Salud Pública*, 2(29). 237-241. Recuperado de <http://www.scielo.org.pe/pdf/rins/v29n2/a12v29n2.pdf>
- Gil-Monte, P. (2008). El síndrome de quemarse por el trabajo (burnout) como fenómeno transcultural. *Informació Psicológica*, 91-92, 4-11. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2551783>
- Gil-Monte, P. (2005). *El síndrome de quemarse por el trabajo (burnout)*. Madrid: Pirámide.

- Idareta-Goldaracena, F y Ballestero-Izquierdo, A. (2013). Ética, paternalismo, y burocracia en Trabajo Social. *Portularia*, XIII(1), 27-35. Recuperado de <http://www.redalyc.org/pdf/1610/161026336003.pdf>
- INSHT. (2003). *Guía para la acción preventiva, evaluación de riesgos, serie microempresas: trabajadores sociales*". Madrid. INSHT. Recuperado de https://www.insst.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/TextosOnline/Guias_Acc_Preventiva/Ficheros/gap_026.pdf
- Lázaro, S. (2004). El desgaste profesional (síndrome de Burnout) en los trabajadores sociales. *Portularia*, 4, 499-506. Recuperado de <http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/191/b15139372.pdf?sequence=1>
- *Ley 31/1995, de 8 de noviembre de prevención de riesgos laborales*. BOE nº 269, de 10 de noviembre.
- Maroto, A.L. (2008). Cuando ayudar puede hacerme daño. Estrategias para la prevención y abordaje del burn-out en trabajadores sociales. *Trabajo Social Hoy*, 54, 91-105. Recuperado de <http://www.comtrabajosocial.com/documentos.asp?id=1139>
- Martín, F. (1993). *El estrés: proceso de generación en el ámbito laboral (NTP 318)*. INSHT. Recuperado de http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/301a400/ntp_318.pdf
- Martín, F. y Cuixart, N. (1994). Prevención del estrés: intervención sobre la organización (NTP 438). INSHT. Recuperado de https://www.insst.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/401a500/ntp_438.pdf
- Mazuecos, F.J. (marzo, 2016). Revisión crítica del Bienestar Psicológico y repercusión en trabajadores sociales dentro de su entorno laboral. Comunicación presentada en *VI Congreso de Trabajo Social*. Madrid. Recuperado de <http://www.comtrabajosocial.com/documentos.asp?id=2215>
- Moreno, B. y Báez. C. (2013). Factores y riesgos psicosociales: formas, consecuencias, medidas y buenas prácticas. INSHT. Madrid. Recuperado en <http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/PUBLICACIONES%20PROFESIONALES/factores%20riesgos%20psico.pdf>
- Molleda, E. (2007). ¿Por qué decimos que no podemos hacer intervención social? Cuadernos de Trabajo social, 20, 139-155 recuperado en <https://enfoc.cat/uploads/2878/files/Diagnostic%20Social.PDF>
- OIT. (1998). Enciclopedia de Seguridad y salud en el Trabajo. Madrid: Ministerio de trabajo y Asuntos Sociales.

- Pérez, J. (1998). Violencia en el lugar de trabajo (NTP 489) INSHT. Recuperado en https://www.insst.es/documents/94886/326962/ntp_489.pdf/4f149448-058e-4cf6-b82d-02e20404e762
- Puig, C. (2015). Diez propuestas para cuidarse y cuidar en las profesionales sociales. Hacia una construcción de una cultura del cuidado en los profesionales. *Revista Alternativas. Cuadernos de Trabajo Social*, 22. Recuperado de <http://rua.ua.es/dspace/handle/10045/33645>
- Puig, C. (2011). La supervisión en los equipos de Servicios Sociales: una oportunidad para la reflexión, el pensamiento y el cuidado de los profesionales. *Cuadernos de Trabajo Social*, 24, 123-133. Recuperado de <https://revistas.ucm.es/index.php/CUTS/article/view/36863/35678>
- Puig, C. (2005). El malestar de los profesionales, el agotamiento y la importancia de la supervisión. *Trabajo Social y Salud*, 50,11-25. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1155638>
- Román, B. (2016). *Ética de los Servicios Sociales*. Barcelona: Herder.
- Rodríguez-Valladolid, N. (2010). De la relación de Ayuda en la Intervención Social. *Documentos de trabajo social*, 48. 31-54. Recuperado de http://www.trabajosocialmalaga.org/archivos/revista_dts/48_02.pdf
- Royo, C., Salavera. C., Teruel, M^a.P. y Royo, D. (2016). Factores de riesgo psicosocial en los profesionales de los Servicios Sociales. *Documentos de trabajo social*, 57, 173-190. Recuperado de <http://www.trabajosocialmalaga.org/revistadts/index.php?numero=57>
- Santás, J.I. (Coord.). (2010). *Manual Orientativo de prevención y actuación ante agresiones a trabajadores/as sociales*. Madrid: Colegio oficial de trabajadores sociales. Recuperado de <http://www.comtrabajosocial.com/documentos.asp?id=876>
- Soto-Rosales, A. y González-Losada, S. (enero-junio 2018). Satisfacción laboral y desgaste profesionales en trabajadores de servicios sociales de atención a la infancia. *Trabajo Social Global-Global Social Work*, 8(14), 80-107. Recuperado de http://digibug.ugr.es/bitstream/handle/10481/52019/TSG%20V8_N14_4%20Soto%20y%20Gonz%c3%a1lez.pdf?sequence=1&isAllowed=y
- Vega, S. (2001). Riesgo psicosocial: el modelo demanda-control-apoyo social (I) NTP 603. INSHT. Recuperado de https://www.insst.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_603.pdf

- Vega, S. (2001). Riesgo psicosocial: el modelo demanda-control-apoyo social (II) NTP 604. INSHT. Recuperado de https://www.insst.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_604.pdf
- Zamanillo, T. (2012). La intervención Social. *Servicios Sociales y Política Social*, 100. 103-112. Recuperado de https://www.cgtrabajosocial.es/app/webroot/revista_digital/publicas/no_100_intervencion_social/

VITHAS NEURORHB- SERVIZO DE NEURORREHABILITACIÓN

“A PERSPECTIVA SOCIAL NA ATENCIÓN A PERSOAS CON DANO CEREBRAL”

Raquel Fernández Míguez
Traballadora social en Vithas- NEURORHB Servizo de
Neurorrehabilitación do Hospital Vithas Vigo



Vithas NEURORHB- Servizo de Neurorrehabilitación é unha unidade ubicada no Hospital Vithas Vigo, que traballa no coidado e tratamento daquelas persoas que sofren un dano cerebral adquirido, así como enfermidades de carácter neurolóxico. A unidade de Vigo comezou a súa andaina no ano 2018, aínda que NeuroRHB existe na Comunidade Valenciana e Andalucía dende hai máis de vinte anos.

NEURORHB ofrece rehabilitación neurolóxica integral a persoas con dano cerebral, abarcando poboación adulta e infantil, tanto de forma ambulatoria como con ingreso hospitalario.

As etioloxías máis atentidas son:

- Ictus
- Traumatismos craneoencefálicos (accidentes de tráfico, accidentes laborais, agresións, ect.)

- Tumores cerebrais
- Anoxia cerebral (parada cardiorespiratoria, afogamentos...)
- Enfermedades neurodegenerativas (Parkinson, Esclerose Múltiple...)
- Encefalitis e outras enfermidades infecciosas do Sistema Nervioso Central
- Lesión Medular

NEURORHB en Vigo conta cun equipo interdisciplinar especializado no campo da Neurorrehabilitación dende distintas disciplinas como son:

- Neuropsicología e Psicología Clínica
- Fisioterapia
- Terapia Ocupacional
- Logopedia
- *Traballo Social*
- Medicina e Neuroloxía

Os programas cos que traballamos inclúen:

- *Programa de Valoración e Consulta Médica*: primeira valoración documentada por parte dos e das profesionais do Servizoo daccordo á situación clínica de cada paciente.
- *Programa Cognitivo-Conductual*: manexo e supervisión clínica e farmacolóxica das principais dificultades cognitivas (memoria, atención e problemas de conduta e personalidade; apatía, irritabilidade, desinhibición, etc.).
- *Programa de Formación e Atención a Familiares*: información e asesoramento en axudas e recursos sociais, así como sesións formativas e terapéuticas individuais e grupais para afectados/as e os seus familiares.
- *Programa de Avaliación e Asesoramento en axudas técnicas e axuste de axudas Ortopédicas*: valoración funcional personal e do entorno así como entreno en habilidades básicas (vestido, aseo, hixiene, etc.) e instrumentais (uso de transportes, manexo de cartos, etc.) da vida diaria.

- *Programa de Diagnose e Tratamento da Disfagia*: valoración otorrinolaringolóxica e logopédica mediante fibroscopia, videofluoroscopia, adaptación dietética e alimentaria, etc.
- *Programa para Estados Alterados de Conciencia* (Coma, Síndrome de Vixilia sen Resposta/ Estado Vexetativo, Estado de Mínima Conciencia): valoración clínica e neurolóxica, farmacoloxía dos estados de baixa conciencia, estimulación multisensorial, fisioterapia e medidas posturais, etc.
- *Peritación Médico-legal*: realización de informes periciais e orientación legal.

Ao interior deste tipo de equipos, atopamos tamén a *figura do/a traballador/a social*, como xeito de darlle un carácter integral a toda intervención terapéutica. Normalmente, atopamos a figura do/a traballador/a social no ámbito, social ou educativo, pero tamén ten unha presenza relevante no ámbito sanitario, posto que se entende que integrar “o social” na vida dos e das pacientes favorece os seus procesos de recuperación. Todo isto concorda coa definición de saúde da OMS (Organización Mundial da Saúde), que indica que “a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades”. O concepto de saúde pois, abarca máis dimensións como a contorna sociocultural, os aspectos subxectivos como os sentimentos ou as emocións, ademais dos aspectos puramente biolóxicos.

O Traballo Social como disciplina profesional nace xa vencellada á ciencia médica a finais do século XIX, mantendo dende entón unha estreita relación con ela. O denominado Traballo Social Sanitario, caracterizouse por facilitar unha asistencia directa aos/ás pacientes e á súa contorna, baseada no contacto persoal, a comprensión das problemáticas e o soporte emocional daquelas persoas que atravesaban un proceso de enfermidade.

Dende o punto de vista do noso Servizo, para que un equipo poida funcionar de xeito interdisciplinar, vai a depender da capacidade, actitude e esforzo que presenten cada un/a dos/as membros que o conforman. Para elo é fundamental partir da base de participación horizontal, na que non existan desequilibrios de poder, e cada profesional poida expoñer, opinar e participar dende unha posición de igualdade con respecto ao outro. Neste sentido, o/a traballador/a social está afeito a afrontar as problemáticas multidimensionais, buscando apoio noutras disciplinas (Psicoloxía, Socioloxía ou Antropoloxía Social), o que fai deles profesionais versátiles e cunha mirada ampla á hora de integrarse en equipos multidisciplinares.

O/a traballador/a social, forma parte de equipos sanitarios como o Servizo de Neurorrehabilitación dende a perspectiva do traballo integral cos/

as pacientes e coa súa contorna, co obxectivo primordial de humanizala intervención clínica. O/a traballador/a social realiza diferentes accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida dos/as pacientes e as súas familias e a atender as necesidades sociais dos/as mesmos.

Para iso, a súa intervención está centrada en:

- A atención ás familias, orientándoas e axudándoas a afrontar a nova situación sociofamiliar.
- Previr a sobrecarga familiar, acompañándoos na resolución de problemas de índole social que se xeran durante o proceso de recuperación.
- Conseguir unha reintegración social e familiar, buscando o maior benestar de cada paciente e o/a seu/a cuidador/a.
- Fomentar, na medida do posible, unha reinserción sociolaboral. Intervén en todos os ámbitos onde se desenvolve o paciente (familia, amigos, escola, traballo e contorna social), adecuando cada intervención de forma individualizada, buscando alcanzar a maior autonomía en cada caso e a súa reinserción familiar, social e laboral.

Que funcións concretas desempeña dentro do equipo de Neurorrehabilitación?

- Estudo da situación legal, social, laboral, escolar e familiar para realizar unha intervención adecuada. Información e orientación dos recursos existentes para atender aos problemas detectados. Orientación ao resto do equipo dos mesmos.
- Tramitación e xestión dos recursos, aliviando así a sobrecarga da familia.
- Coordinación con organismos públicos e privados para a derivación de casos cando sexa necesario, así como elaboración do informe de derivación en cuestión.
- Seguimento de cada caso.
- Procura de novos recursos que faciliten a integración sociolaboral dos/as afectados/as.

CONTACTO

Vithas NEURORHB- Servizo de Neurorrehabilitación
Hospital Vithas Vigo (4ª pranta)
Rúa Vía Norte, nº 48, Vigo
Tfno: 634.362.036
raquelfernandez@neurorhb.com
www.neurorhb.com

ENTREVISTA A RODRIGO GIL CEDILLO, EDUCADOR SOCIAL E MEMBRO DOS COLECTIVOS CIDADÁNS POLA RENDA BÁSICA UNIVERSAL

M^a Xosé Vázquez Vázquez

Rodrigo Gil Cedillo, educador social e membro dos colectivos cidadáns pola renda básica universal, en 2019 forma parte do comité organizador das xornadas Renda Básica: o novo dereito social necesario realizadas na Coruña e ese mesmo ano defende o seu traballo fin de grao ao redor deste tema “*Renda básica e educación social: cara un novo paradigma nos servizos sociais*”, autor de varios artigos publicados en xornais galegos e estatais ao redor do tema, sen dúbida pode achegarnos nesta entrevista unha visión ampla do que é e non é a renda básica universal así como analizar outros aspectos desta medida da que se ven falando xa dende hai varias décadas pero que sen dúbida cobrou protagonismo neste último ano.

Pois imos a empezar por aclarar que é a renda básica universal , e concretamente cal é a proposta que se defende dende os colectivos cidadáns pola renda básica?

A renda básica que defendemos é unha asignación monetaria pública incondicional a toda a poboación, independentemente do nivel de renda que posúa a persoa. Esta asignación ten que ser igual ou superior ao limiar da pobreza. Significa isto que gaña toda a poboación? Non, porque para levar a cabo a implantación dunha renda básica é necesario levar a cabo unha reforma fiscal para que pague máis quen máis teña. O estudos levados a cabo no Reino de España polos economistas da Red Renta Básica Daniel Raventós, Lluís Torrens e Jordi Arcaróns amosan que cunha reforma fiscal que financie

a renda básica sairía gañando o 80 % da poboación e perdería o 20 % máis rico. Iso non quere dicir que deixen de ser ricos, senón que simplemente pagarían máis do que pagan agora.

A renda básica que defendemos debe ter unha serie de características establecidas pola Basic Income Earth Network (BIEN), a organización a nivel mundial que traballa a prol desta idea.

A primeira característica é que debe ser básica. Isto significa que debe ser unha transferencia corrente que lles permita ás persoas sobrevivir, en canto ao acceso a alimentación, vivenda, formación e coidados médicos. Debe ser unha renda que lles asegure ás persoas una participación efectiva na sociedade.

A segunda característica é a universalidade. A RB é pagada a toda a cidadanía, independentemente doutra fonte de ingresos. A configuración actual condúcenos a unha proposta que ten que ver coa cidadanía entendida como os dereitos que ten unha persoa por residir ou ser nacional dun determinado lugar. Como sinala o profesor Guy Standing, a universalidade da renda básica é unha cuestión política que debe ser decidida a través de medios democráticos.

A terceira característica é a individualidade. A renda básica é lles aboada ás persoas e non aos fogares, co obxectivo de non discriminar segundo a situación familiar destas. Isto último ocorre coa meirande parte das prestacións condicionadas en tanto que tómase como referencia a chamada unidade familiar ou de convivencia. A individualidade da renda básica significa uniformidade.

A cuarta característica é a incondicionalidade. Esta característica implica tres aspectos. O primeiro é que a renda básica debe ser pagada independentemente dos ingresos, o que implica non ter que comprobar requisitos persoais, económicos e familiares. As persoas non terían que probar a súa situación de pobreza. A renda básica non condiciona o uso que se fai do diñeiro. O segundo aspecto é que o cobro da renda básica non implica requisitos de comportamento e o último aspecto é que non esixe a busca de emprego, formación ou outras actuacións análogas.

A última característica é a regularidade. Trátase dun pago periódico. Debe ser abonada de forma regular -por exemplo, mensualmente-. Cabe resaltar que estas cantidades serían pagadas dunha forma automática, normalmente, eliminando os innumerables trámites burocráticos que caracterizan o sistema actual de protección social.

Nós defendemos unha renda básica que supoña unha redistribución total e xusta da riqueza para poder garantir a existencia material da cidadanía.

Sen ter garantida a existencia non podemos falar de liberdade. É incompreensible que na Europa do S. XXI teñamos taxas de pobreza insoportables.

Mais alá das variables económicas que contén a proposta, cal é o sentido filosófico e ético que sustenta a proposta?

A idea de renda básica que defendemos está baseada no republicanismo. A concepción da liberdade republicana ten 2.500 anos. Concretamente, o modelo republicano defendido pola maioría de autores sobre renda básica é o republicanismo democrático. O republicanismo democrático fundamenta que ser libre é estar exento/a de pedir permiso a outro para vivir ou sobrevivir, para existir socialmente. Quen depende doutra persoas para vivir non é libre.

Os conceptos de liberdade e igualdade están moi vencellados á idea da renda básica, e ambos os conceptos non poden ser variables para escoller. A desigualdade crea un problema profundo de liberdade para a gran maioría, porque quen non ten a existencia material garantida ten que pedir permiso a outras persoas para poder vivir.

Cómpre resaltar que a renda básica busca algo tan sinxelo pero tan importante como garantir unha vida digna. É difícil pensar que eticamente alguén poida estar en contra de que cada membro da sociedade teña unhas condicións mínimas para unha vida que mereza ser vivida. O artigo 22 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos di que toda persoa, como membro da sociedade, ten dereito á seguridade social, e a obter a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais, indispensables á súa dignidade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade. Só cunha renda básica poderemos garantir estes dereitos na súa totalidade.

A universalidade é un dos aspectos mais controvertidos da proposta, por que unha prestación económica tamén para quen non a precisa? Por que non concentrar os esforzos en quen mais o necesita?

Ata hai pouco máis dunha década, no Reino de España o emprego era a única forma de garantir unha vida máis ou menos digna. Agora, nin sequera o emprego impide estar en situación de pobreza. Levamos décadas vendo como o sistema de protección social intenta acabar coa pobreza e non é capaz. Desde o punto de vista da eficiencia económica e social, as cifras de pobreza e exclusión social cada vez son maiores porque a condicionalidade asociada ás rendas de inclusión social fai que estas non cheguen a alcanzar á totalidade da poboación que potencialmente podería ser beneficiaria delas. A condicionalidade leva á estigmatización social por ter que conver-

ternos en suplicantes de axuda, cando a incondicionalidade, e polo tanto, entender a renda básica como un dereito, elimina ese efecto estigmatizante. Outros efectos da condicionalidade son a infantilización da conduta e o sometemento a arbitrariedades por parte de instancias burocráticas. Isto fai que as persoas beneficiarias destas rendas se sintan fracasadas socialmente, levando á invisibilización da pobreza polo medo a que os veciños e veciñas saiban que fracasaron nesta sociedade e teñen que vivir da caridade da Administración. Malia que algunhas persoas consideran que as rendas condicionadas como o ingreso mínimo vital ou as rendas de inserción autonómicas son un dereito social, non podemos consideralas como tal se temos que suplicar que nolas concedan.

Desde o punto de vista da liberdade republicana, que toda persoa perciba a renda básica supón mudar as estruturas sobre as que está fundamentado o sistema. Axudaría a repensar as relacións humanas, xa que lles daría liberdade a persoas que agora mesmo non o son por motivos económicos. Por exemplo, as situacións de violencia contra a muller nas que as vítimas non poden fuxir por non contar con medios económicos.

A renda básica tamén modificaría o concepto de traballo e poñería en valor o traballo de coidados. Segundo expresa o profesor David Casassas, como sociedade temos a necesidade de instituír mecanismos que apoderen á cidadanía para decidir, tanto de forma individual como colectiva, que tipo de traballos, remunerados ou non, desexamos realizar e en que proporcións. O traballo de coidados vai ligado, indiscutiblemente, á figura da muller. Isto fai que en moitas ocasións a muller quede fóra do ámbito do traballo asalariado ou teña que verse abocada a empregos precarios cos que facer a dobre xornada: na casa e no centro de traballo. Se algunha persoa considera que iso é liberdade, ten un problema serio de empatía.

A renda básica é universal e incondicional para servir como ferramenta de distribución da riqueza nunha sociedade na que o emprego cada vez será máis escaso. Respecto disto, considero que deberíamos celebrar esta falta de empregos porque supón que deixaremos de facer traballos “de merda” para centrarnos noutras cousas máis gratificantes, que realmente lle dan sentido á nosa existencia. A renda básica ten que ser ese mecanismo que nos permita facer a transición cara a unha sociedade na que o emprego ou a renda non definan quen somos.

A día de hoxe aínda hai persoas que consideran a implantación dunha RBU como unha medida que non podería ser viable polo seu custo. Existen distintas propostas para o financiamento desta, varias ben

argumentadas dende o punto de vista económico , ten o noso país marxe para implementar esta medida?

Si, o Reino de España ten marxe para implementar esta medida. A cuestión non é tanto a viabilidade económica, pois penso que está ben argumentada polos estudos dos economistas Raventós, Arcarons e Torrens, senón a vontade política para levala a cabo. Ese é o gran problema. O Reino de España ten unha baixa presión fiscal en comparación coa media dos países da Unión Europea, e malia que igualase a porcentaxe de presión fiscal coa media europea, a recadación non sería a mesma porque hai moita renda baixa e moita temporalidade no emprego, o que minora esta recadación. Ademais, hai máis deducións que noutros países que benefician as rendas máis altas porque as exencións por dividendos ou plusvalías é maior que nos países da contorna. A propia renda básica podería ter efectos positivos sobre a temporalidade e os baixos salarios, xa que na actualidade a precariedade laboral é sostida pola desesperación de moita xente que non ten outra opción que aceptar calquera traballo para subsistir.

O modelo de renda básica que defendemos podería ser financiado cunha reforma ambiciosa do IRPF, pero tamén a través doutros impostos como pode ser o de patrimonio. Jordi Arcarons está traballando nun modelo no que, poñendo un imposto sobre o patrimonio do 10 % ao 10 % máis rico, obteríamos case a totalidade da contía necesaria para financiar a renda básica. Imaxínade se, a maiores disto, fixéramos unha reforma no IRPF e modificásemos os Orzamentos Xerais do Estado para deixar de financiar partidas de utilidade dubidosa para unha persoa progresista como poden ser a Casa Real, a Igrexa Católica ou as Forzas Armadas.

A vontade política é fundamental para a implantación desta idea. Algúns partidos utilizaron esta idea coa intención de atrapar votos, pero á hora da verdade non eran propostas honestas. Algúns levaban a idea sabendo que a relevancia que tiñan no panorama político era case nula e outros que alcanzaron cotas de poder non mantiveron a idea no seu programa pola falsa crenza de que a renda básica resta votos. O partido que aposte pola renda básica dunha forma seria e sincera terá un gran futuro por diante. Debemos ter claro que a cuestión non é se haberá renda básica ou non, xa que iso é inevitable. A cuestión é cando teremos unha Renda Básica, e isto depende da vontade dos partidos e movementos sociais para pular na mesma dirección co obxectivo de acabar coa pobreza e darlles liberdade ás grandes maiorías.

Unha renda básica galega, estatal ou europea, cara onde imos?

Eu considero que a idea dunha renda básica europea sería moi interesante. O proxecto europeo como esforzo común de solidariedade e progreso é potente, e penso que debemos loitar por el. Agora ben, debemos tamén loitar para afastalo da deriva neoliberal na que está inmerso e que tanto dano fixo

a estados como o Reino de España, entre outros. Unha renda básica europea sería un éxito en termos de igualdade social e podería favorecer unha harmonización non só fiscal, senón salarial e de dereitos sociais que noutros membros da Unión Europea xa están consolidados.

Sendo realista, entendo que é máis doado ver unha renda básica a medio-longo prazo no Reino de España porque é quen ten as competencias para levar a cabo as reformas fiscais para facer realidade esta proposta. As comunidades autónomas, coa excepción de Euskadi e Navarra, non teñen competencias nin músculo para afrontar as reformas necesarias, polo que non vexo viable unha renda básica galega na actualidade.

O importante é que siga o debate respecto desta idea, sen importar en exceso a escala de implantación dela. Quen nos diría ás defensoras e defensores da renda básica que se falaría tanto dela, e máis ligada a unha pandemia mundial que amosou a dedilidade do sistema.

Cuns datos nos que o Estado e Galiza se sitúan cuns datos terribles non xa de pobreza material, e que sen dúbida se verá agravada pola actual situación de crise, senón cuns indicadores de desigualdade que soben ata uns niveis que poderíamos cualificar como “obscenos” e que foron obxecto de análise e chamadas de atención por organismos internacionais, como crees que a implementación dunha RBU contribuiría a reducir esta desigualdade?

A nivel estatístico, a renda básica consegue unha drástica redución da desigualdade de renda no Reino de España, xa que o coeficiente de Gini diminúe máis de 11 puntos, e sitúase nun nivel moi similar ao dos países escandinavos. Segundo Eurostat, en 2019 só Letonia, Lituania e Romanía presentaban peores datos que España.

Se garantimos a toda a poboación unha cantidade igual ou superior ao limiar da pobreza, estamos acabando coa pobreza de vez, e polo tanto reducindo a desigualdade, pero non é a única forma. A desigualdade é estrutural neste sistema polo que precisamos dun Estado do Benestar fornecido que loite contra as desigualdades en todos os ámbitos nos que se presenta.

Cando personaxes como Mark Zuckerberg, Jeff Bezos ou Luis de Guindos están a defender publicamente a renda básica universal están a falar do mesmo?

Sen dúbida, non teñen a mesma idea de renda básica que defendemos. É curioso que alguén como Bezos fale de renda básica cando é un dos maiores

evasores fiscais da historia. A idea que defenden moitas destas persoas tan influentes é a desaparición do Estado do Benestar polo pago dun cheque co que a cidadanía podería pagar servizos que antes eran públicos, como a educación ou a sanidade. O exministro Luis de Guindos non é nin sequera tan ambicioso, e aposta por esquemas de rendas mínimas como o ingreso mínimo vital.

Cómpre remarcar que non todo é renda básica, e menos cando ten un enfoque liberal que pretende acabar co público. Algúns millonarios defenden a renda básica porque saben que a consecuencia da súa propia riqueza vai ser o desemprego debido á automatización de procesos. Eu non son ludita, polo que aplaudo os avances tecnolóxicos que nos leven a traballar menos e mellor, fuxindo de empregos alienantes, pero a alternativa non pode ser gañar un cheque cada mes para gastalo en servizos privatizados.

O gran problema que afronta a renda básica é o uso deste termo por medios de comunicación e partidos. O uso interesado para referirse a rendas condicionadas como o IMV leva a que moita xente teña un concepto erróneo do que defendemos. A renda básica ten que ser incondicional, universal, individual e suficiente.

Pasando xa a un plano mais profesional, como cres que a implantación dunha RBU afectaría o día a día das usuarias e dos usuarios dos servizos sociais comunitarios?

O feito de ter garantida a existencia fóra do sistema de rendas condicionadas, o cal ten un punto perverso de sometemento e control sobre as persoas, supón un cambio moi relevante en como as usuarias dos servizos sociais comunitarios se relacionan con estes. A existencia da renda básica non quere dicir que non sexan necesarios os servizos sociais. Malia que a seguridade económica xoga un papel fundamental, vivimos nunha sociedade cunha serie de eivas sociais que transcenden o meramente monetario. É por este motivo que as profesións do sociais seguen a ser necesarias.

Paréceme moi acertada a análise que fan Mullainathan e Shafir no seu libro *Escasez: ¿Por qué tener poco significa tanto?* (2014) sobre o efecto que ten a escaseza sobre o cerebro humano. A escaseza captura a nosa atención e entorpece a habilidade de concentrarnos noutras cousas. Cando intentamos facer outras cousas, a “visión de túnel” da escaseza fainos volver caer nela. A escaseza nun aspecto da vida significa menos atención, e polo tanto menos habilidades cognitivas. A escaseza xera perturbacións internas, termo común nas ciencias cognitivas e na neurociencia. Moitos estudos documentan o profundo efecto dos pensamentos internos na función cognitiva xeral. Os autores utilizan o termo “ancho de banda” para expresar as capacidades cognitivas do ser humano para a vida diaria. O ancho de banda mide a capa-

cidade de cálculo, a habilidade de prestar atención, de tomar boas decisión, de apegarse a un plan e de resistir as tentacións. Se quitamos da ecuación o factor económico, estes efectos redúcense e poderemos traballar coa persoas desde outro prisma totalmente diferente.

E ás súas profesionais?

Melloraría o desempeño das profesionais, xa que elimina a razón de ser do asistencialismo e paternalismo do sistema que supoñen o acceso aos servizos sociais como suplicantes de axuda a cambio dun sometemento e control da Administración. Isto permitiría que as profesionais centren o seu traballo no ámbito comunitario, en materia de prevención. Sempre é moito máis efectivo previr os incendios que apagalos, e máis cando falamos de persoas.

A renda básica aliviaría moito o traballo das profesionais, pero non é a panacea. Malia o que poida pensar algunha xente, nos servizos sociais comunitarios existen malas condicións laborais debido á temporalidade das contratacións, así como un infrafinanciamento que redundna na falta de medios humanos. Esas malas condicións laborais levan á saturación destes, polo que é necesario atacar ese problema.

Pensas que deixar en mans dos servizos sociais comunitarios a xestión, tramitación, control etc. dos subsidios condicionados (rendas mínimas) está sendo un lastre para poder achegarse ás persoas e ás comunidades dende outras posicións que respondan ao seu verdadeiro obxectivo e máis coherentes coa súa misión? Como poderíamos mudar isto?

Si, converter os servizos sociais comunitarios nunha maquinaria burocrática de xestión das rendas condicionadas é un verdadeiro problema. O traballo dunha traballadora social non debería ser a exclusiva tramitación de axudas que sabemos de sobra que non van sacar a xente da situación de exclusión social. Está moi comprobado que o sistema actual de servizos sociais non responde ás necesidades da poboación nin reflicte as funcións que deberían desenvolver as profesionais, xa que ficamos atrapadas e atrapados no “labirinto burocrático”, termo empregado no moi recomendable libro *Silencio Administrativo* de Sara Mesa.

As profesionais do social non somos policías nin burócratas. Quen estea cómoda ou cómodo nese papel quizais se debería dedicar a outra cousa. Non estamos para xestionar a miseria e converter as persoas en suplicantes. Estamos para acompañar e dotar de ferramentas que apoderen as persoas nun mundo que está deseñado para a desigualdade. Mentres estamos pendentes

de cuestións tan sumamente vitais como pagar o alugueiro (se temos a sorte de ter vivenda), que non corten a luz ou ter comida na neveira, é imposible que traballemos outros aspectos relevantes e que moitas veces levan a estar nesa situación de precariedade. Se non atallamos o problema de raíz, os parches non serven, sobre todo cando falamos de persoas.

A renda básica ten a capacidade de mudar esta situación porque elimina factores estresores que limitan o traballo das profesionais do social. Non é a única ferramenta, porque precisamos un enfoque diferente no modelo de protección social que se centre na persoa como suxeito de dereitos adquiridos polo mero feito de nacer nesta sociedade.

Crees que é a RBU unha medida que nos pode traer máis liberdade, máis saúde, máis felicidade ás persoas e ás comunidades

Estou convencido dos efectos positivos asociados á renda básica. A liberdade de non estar baixo o arbitrio doutros para poder existir socialmente é algo polo que debemos loitar porque é unha cuestión de sentido común. A desigualdade social é un constructo creado pola sociedade, polo que podemos e debemos acabar con ela da mesma forma que se crea. Temos que acabar coa naturalización da desigualdade. Obviamente, liberdade e felicidade están intimamente relacionados, polo que unha sociedade máis libre será unha sociedade máis feliz.

Respecto da saúde, a renda básica actúa nas necesidades de subsistencia popularizadas por Max-Neef. Os satisfactores da necesidade de subsistencia son a saúde física, a saúde mental, a alimentación e o contorno social, e a través da renda básica somos capaces de acadalos.

Sergi Raventós, traballador social especializado en saúde mental e doutor en Socioloxía, analizou os efectos da renda básica sobre a saúde mental. Segundo Raventós, as persoas que teñen baixos ingresos, e polo tanto se atopan en situación de pobreza, adoitan estar sometidas a unha grandísima tensión psicosocial de maneira constante, o cal termina por afectar o conxunto do seu ciclo vital. Tamén indica que a depresión está fortemente relacionada coa pobreza, o desemprego e factores vinculados á desigualdade social. Segundo datos do European Study of the Epidemiology of Mental Disorders, a taxa de prevalencia no Reino de España para a xente en paro de calquera trastorno mental era do 14,7 %. Isto é o dobre dunha persoa que ten un traballo remunerado ou dunha persoa estudante.

O custo social da incapacidade das familias para coidar e cubrir as necesidades dos seus fillos significa un problema de saúde pública, polo que a renda básica pode ter un efecto moi positivo sobre a saúde da poboación.

A implantación da renda básica dámos a oportunidade de pensar que presente e futuro queremos ter como sociedade e como persoas, porque supón un cambio de paradigma.

Algunha cousiña máis que queiras engadir?

Quero agradecervos a oportunidade de falar sobre renda básica na vosa publicación e animarvos a coñecer máis, debater e defender unha idea que cambiará por completo as nosas profesións e as persoas coas que traballamos.



SILENCIO ADMINISTRATIVO. LA POBREZA EN EL LABERINTO BUROCRÁTICO.

AUTORA: Sara Mesa

EDITORIAL: Anagrama

ANO: 2019

NÚMERO DE PÁXINAS: 112 páxinas

Begoña Sánchez Roura, traballadora social

Neste libro, Sara Mesa, preséntanos con toda claridade a realidade do maltrato institucional ao que se enfrontan dúas mulleres cando tratan de acceder a unha renda mínima.

Carmen é unha muller sen fogar, enferma, con diversidade funcional, afeita a sobrevivir en situacións extremas.

Beatriz é outra muller que no seu camiño ao traballo pasa todos os días diante de Carmen, e un día, fíxase nela.

Dalgunha maneira, ambas, xuntas, son representativas da cidadanía que nace, vive e relaciónase... ou non, nunha sociedade desigualitaria e solidaria á vez, como é a nosa.

E son rostros concretos como o de Carmen e Beatriz os que interpelan a través desta parcela da realidade que nos presenta este libro: pobreza e labirinto burocrático (subtítulo do libro) que, certamente, son dous vocábulos que non casan ben, e que, por desgraza, xa levan demasiado tempo forxados nun matrimonio cunhas esposas que cada vez pesan máis.

Que fixemos do noso sistema público de servizos sociais? Aquel do que nos dotamos para loitar pola xustiza social e o cumprimento dos dereitos humanos? Como traballadora social esta é a primeira pregunta que me xorde tras a lectura de *Silencio Administrativo*.

Carmen, a súa vida, o seu rostro, os seus pés cansos está a preguntarnos que fixemos para chegar a esta situación na que nos importa máis un can rueiro que a súa dona.

Beatriz, muller de boa vontade, cuestionada pola realidade que se atreve a observar o sufrimento na súa vida cotiá, está a preguntarnos que facemos para simplemente ser capaces de pasar de largo, vivir e traballar coma se a dor e as vidas alleas non nos importasen; esas, que son as que nos permiten chegar a fin de mes a algúns e algunhas... que nos dedicamos a isto da acción social.

Para que están os servizos sociais? Esta é a pregunta que se fai Carmen, que se fai Beatriz, que se fan os nosos veciños e veciñas todos os días, e especialmente neste tempo de pandemia onde vimos como as “colas da fame” se repetían en barrios e cidades...

Certamente existe moito traballo, moito empeño, moita dedicación e desexo de axudar profesionalmente a moitas persoas, como tamén reconece o libro afirmando que a *Beatriz non lle cabe dúbida de que debe de haber traballadores e educadores sociais esforzándose con profesionalidade e rigor, deixando a pel na tarefa, realmente saturados de expedientes*.

Pero, talvez, precisamente por iso, porque hai moitos e moitas deixando a pel, caiba preguntarnos que se espera do sistema de servizos sociais, que se espera de nosoutros e nosoutras “profesionais do traballo social”, por que, despois de anos de existencia, se seguen perpetuando as situacións de pobreza e exclusión?

Con todo, *Silencio Administrativo*, é unha chamada a liberarnos, si, a liberarnos do peso da burocracia, do formalismo, do pretender e non querer realmente. A opción non está entre que expediente resolvo antes ou como

cumprimento mellor o SIUSS ou o IANUS, non, iso espérase de nós, si, que sexamos bos e boas burócratas e ademais nos deixemos a pel, mentres, fóra, Carmen se afai a ser despachada en todos os sitios e a seguir mendigando para sobrevivir malvivindo, aínda que sen protestar xa demasiado...

E os interrogantes continúan acirrando sen piedade... de que sistema de convivencia nos dotamos os seres humanos que perpetúa ano tras ano as situacións de pobreza e de exclusión? Cabe preguntarnos se merece a pena incluír, incorporar a unha sociedade que exclúe ou pola contra habemos de traballar para eliminar un modelo neoliberal construído para xerar pobreza, oprimir, e perpetuar a exclusión.

Que facer pois? A autora do libro, como balance final conclúe... *que entre varios non puidésemos vencer a máquina burocrática da administración pon de relevo que pouco pode facer quen está só e indefenso ante ela....* pois, se a cidadanía se sente así, soa e indefensa ante a máquina burocrática da administración en relación co sistema de garantía de rendas mínimas, o balance é que algo grave está a fallar e non podemos mirar cara a outro lado por máis tempo.

Sara Mesa realmente vai máis aló de definir o que é o maltrato institucional, en realidade está a describirnos o fracaso dun estado de benestar mingado e desigual no que medra a aporofobia, ao que nos seguimos aferrando porque é o único que temos, de momento.

Con este libro non só se pode presentar á cidadanía en xeral esta realidade, sufrida xa por moitos e moitas, senón que, lido desde o traballo social, exponnos como colectivo profesional, un gran dilema: manernos en terreo coñecido, aínda que isto nos incomode un pouco e saibamos que non estamos a ser parte da solución dos problemas ou empezar a construír un novo sistema de protección social diferente, onde todas as persoas sexan protagonistas, as súas necesidades básicas estean cubertas sen necesidade de cuestionamentos previos nin labirintos burocráticos e coas que poidamos poñer as bases dun novo modelo social de convivencia máis humano.

Sara Mesa (Madrid, 1976) é unha escritora española que reside en Sevilla desde nena, e publicou diversos libros. Os seus títulos máis recentes *Cicatriz* (2015) e *Cara de Pan* (2018), ambos editados por Anagrama, foron éxitos de crítica e vendas.

Convido, pois, a lelo con valentía, desde unha clave de transformación social profunda máis necesaria que nunca nestes momentos.

INICIATIVA CIDADÁ POLA INTRODUCCIÓN DUNHA RENDA BÁSICA INCONDICIONAL EN TODA A UNIÓN EUROPEA



Bieito Lorenzo e M^a Xosé Vázquez
Colectivos cidadáns pola Renda Básica de Galicia
<https://colectivoscidadansrbu.wordpress.com/>

O pasado 25 de setembro de 2020 iniciouse a recollida de sinaturas en apoio dunha Iniciativa cidadá europea (ICE) que permita levar unha proposición ao Parlamento europeo sobre a introducción dunha Renda Básica, Universal, Incondicional, Individual e Suficiente para toda a poboación dos países que forman parte da Unión europea.

Que vén sendo isto dunha Iniciativa Cidadá Europea? Unha Iniciativa Cidadá Europea (ICE) é semellante á nosa Iniciativa Lexislativa Popular, permitindo levar unha proposición ao Parlamento Europeo para o seu debate e posible aprobación¹

¹ Aprobación da “Iniciativa Cidadá Europea Introducir a renda básica incondicional (RBI) en toda a UE” <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/PDF/?uri=CELEX:32020D0674&>

Para que se teña en conta debe cumprir certas condicións, concretamente, recoller 1 millón de sinaturas que avalen a iniciativa e deben recollese en, cando menos, sete estados diferentes da Unión Europea (UE) nos que se debe alcanzar un número mínimo de sinaturas (número que se dá a coñecer no Regulamento da ICE e que depende da súa poboación respectiva) O prazo para a recollida de sinaturas é de 1 ano.

O sitio web para asinar (<https://es.eci-ubi.eu/>) corre a cargo da propia Comisión Europea e, ademais de ser sinxelo de usar é, por suposto, seguro e non permite fraudes.

Se a campaña ten éxito, tanto a Comisión Europea como o Parlamento Europeo deben conceder audiencia aos organizadores da ICE e decidir se apoian ou non a proposta e que accións máis adoptarán para implementala.

O obxectivo da ICE a prol da Renda Básica, aprobada por decisión da Comisión Europea² é introducir rendas básicas incondicionais en toda a UE que aseguren a existencia material de cada persoa e a oportunidade de participar na sociedade como parte da súa política económica.

Non cabe dúbida de que a aprobación desta Iniciativa suporía, ademais dunha redución significativa dos niveis de desigualdade, un impulso ás políticas tendentes a reducir as disparidades rexionais e fortalecer a cohesión económica, social e territorial na UE, o que suporía un cambio de rumbo na súa situación actual, cara a unha Europa máis dos cidadáns e dos pobos en troques da actual Europa das empresas e dos estados.

Que ven sendo unha Renda Básica? A Renda Básica consiste nun ingreso regular e suficiente para toda a poboación, sen ningunha condición, e de recepción individual.

Máis en concreto, este ingreso regular ten que ter as seguintes características:

- I) Suficiente: a cantidade ten que ser abonda para permitir vivir con dignidade, por riba do limiar da pobreza (60% dos ingresos medios no territorio de implantación)
- II) Universal: para todas as persoas residentes acreditadas no territorio independentemente da súa situación social e/ou económica.
- III) Individual: recibiríaa o individuo e non a unidade familiar nin ningunha outra comunidade máis ou menos extensa.

² Financiamento da RB: <http://www.redrentabasica.org/rb/que-es-la-rb/financiacion-de-la-rb/>

IV) Incondicional: sen que se esixa o cumprimento de determinados requisitos para poder ter acceso á renda, nin ter que cumprir con proxectos de inserción laboral ou social para mantela.

Outra cuestión que é preciso sinalar é que esta renda básica sería complementaria daqueles dereitos sociais recoñecidos polos actuais sistemas de protección do Estado de Benestar (Servizos sociais, sanidade, educación, etc.) sen substituír en ningún caso estes nin os que se podan desenvolver nas nosas sociedades.

É posíbel a RB? Hai estudos serios que demostran a súa viabilidade. Especialmente ilustrativo o realizado por Arcaróns, Raventós e Torrens a partir dunha reforma da Renda das persoas físicas e do aforro en subsidios que sumen inferior contía a RB, estudo actualizado recentemente, na páxina da Rede Renda Básica³.

É necesaria? A principios da pandemia, o 17 de marzo de 2020, o Colectivo Cidadá pola RB da Coruña expresaba claramente a nosa preocupación:⁴ “É evidente, que a crise socioeconómica iniciada no ano 2008 non tiña rematado para a maioría da poboación, sometida a paro ou traballos precarios, a normativas laborais cada vez máis desfavorábeis, ou convertida en falsa autónoma. Pero agora, atopámonos cunha crise sanitaria, o Coronavirus que vai agravar a crise socioeconómica, especialmente para as persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade.”

O tempo transcorrido non fixo senón darnos a razón. A medida adoptada polo goberno, o Ingreso Mínimo Vital, chegou lamentablemente tarde e está demostrando a súa ineficacia ante a gravidade das situacións creadas pola pandemia. Unha situación que non vai mellorar. Son necesarias medidas máis valentes e rápidas e menos burocráticas, neste sentido os colectivos que forman parte da Rede Renda Básica estatal avogamos no seu momento pola implantación dunha Renda Básica de Emerxencia cunhas características e condicións de acceso adaptadas a situación que se estaba a vivir⁵.

En xaneiro de 2021 os Colectivos Cidadáns pola RBUI reunimos a 10 persoas de diferentes sectores do noso país, para reflexionar sobre a RBUI. Parte das reflexións sacadas destas intervencións recollémolas nun vídeo, *RBUI unha idea deste tempo*, no que profundizan sobre as vantaxes e a necesidade de implantar unha Renda Básica xa no Estado Español e a asinar a

³ Financiamento da RB: <http://www.redrentabasica.org/rb/que-es-la-rb/financiacion-de-la-rb/>

⁴ Comunicado do Colectivo Cidadá pola RB da Coruña do 17-03-2020: <https://www.facebook.com/235346897150210/photos/a.412548896096675/521294165222147/>

⁵ Modelo de Renda Básica de Emerxencia: <http://www.redrentabasica.org/rb/ante-la-cri-sis-social-y-economica-se-necesita-con-emergencia-la-renta-basica-manifiesto-unitario/>

ICE pola RBUI europea e premer así pola súa implantación nunha Europa que, deste xeito, será máis dos cidadáns e dos pobos.⁶

Certamente esta Iniciativa Europea non é unha solución a curto prazo, pero vai no camiño de atopar unha solución permanente a esta grave crise pola que estamos a pasar. Non só a crise causada polo Coronavirus, senón á crise do cambio tecnolóxico, a dos problemas medioambientais, a da precarización dos empregos, a da feminización da pobreza e a desigualdade de xénero, e que nos permita camiñar con dignidade cara á necesaria economía dos coidados.

Por ese motivo animamosvos a asinar a prol da “Iniciativa Cidadá Europea Introducir a renda básica incondicional (RBI) en toda a UE”.

<https://es.eci-ubi.eu/>

⁶ Video dos Colectivos galegos pola Renda Básica: *RBU unha idea deste tempo* (2021) <https://www.youtube.com/watch?v=R8daSIKE8aE>

RECENSIÓN DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

Lorena Añón Loureiro

TÍTULO: Narrativas e redes de apoio social de mulleres superviventes do sistema prostitucional: das ausencias ás emerxencias desde o feminismo e a interseccionalidade.

AUTORA: Añón Loureiro, Lorena.

NATUREZA DO TRABALLO: Tese de doutoramento.

ANO DE REFERENCIA: 2020.

PERSOAS DIRECTORAS: Miguel Clemente Díaz e María Lameiras Fernández.

ACCESIBILIDADE AO DOCUMENTO: Biblioteca da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. Repositorio Institucional da Universidade da Coruña: RUC. Ficha TESEO.

PALABRAS CHAVE:

Mulleres; prostitución; resiliencia; saúde e apoio social; trata sexual.

RESUMO

Contextualización: a prostitución é un fenómeno complexo, unha institución patriarcal, capitalista e colonizadora da sexualidade, que afecta fundamentalmente a mulleres. A marca de xénero interseccionada coa clase social, cuestións étnico-raciais e culturais, lugar de orixe, entre outros, produce desigualdades das que se aproveita o sistema prostitucional, que estigmati-

za e invisibiliza a estas mulleres. Ausencias que aquí se fan presentes para achegar saber sobre as súas vivencias e como actúan os diferentes sistemas de dominio.

Obxectivo e metodoloxía: investigación feminista baseada na metodoloxía cualitativa, no paradigma socio-crítico e no método biográfico-narrativo, cuxo obxectivo foi analizar as experiencias vividas e as redes sociais das mulleres superviventes do sistema prostitucional. Participaron nove mulleres cos seus relatos de vida e creáronse os seus mapas de rede.

Conclusiones: 1) as participantes están atravesadas por desigualdades das que se serve o sistema prostitucional 2) todas presentan indicadores compatibles coa trata sexual 3) perciben que estes contextos afectan á súa saúde e ás súas relacións 4) a maioría sufriron violencia machista de parellas, máis da metade maltrato na súa infancia e/ou adolescencia e, algunhas, violencia sexual 5) puxeron en marcha estratexias de superación e proxectos de futuro, de aí que a identidade significativa sexa a de superviventes.

METODOLOXÍA

Este estudo baseouse na metodoloxía cualitativa para dar resposta a seguinte pregunta: como construíron e perciben as súas vivencias e as súas redes sociais as mulleres que estiveron ou están en contextos de prostitución?

A persoa investigadora adoptou as lentes do paradigma socio-crítico xa que, ademais da comprensión, perségue a transformación social. Dita posición onto-epistemolóxica articulouse con base en diferentes teorías: crítica feminista, *Epistemoloxías do Sur*, e a sistémica-ecolóxica. En coherencia co anterior o método empregado foi o biográfico narrativo, para contar coa voz das mulleres superviventes da prostitución, coas súas vivencias subxectivas, específicas, locais, para que pasen de estar ausentes a estar presentes.

Para a selección das persoas participantes levouse a cabo unha mostraxe propositiva. Fixáronse como criterios de inclusión: a) ser muller, pola existencia da marca de xénero e os datos estatísticos b) maiores de idade c) estar ou ter estado en prostitución e/ou ser superviventes da trata sexual d) residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, pola dimensión da prostitución neste contexto. Participaron 9 mulleres, xa que o que busca a investigación cualitativa é obter un coñecemento amplo, profundo, detallado, que permita dar resposta a pregunta de investigación. As técnicas empregadas foron: os relatos de vida mediante entrevistas narrativas, e os mapas de rede. O tratamento e análise dos relatos fíxose a través do programa de investigación cualitativa NVivo 12 Plus.

RESULTADOS

A etapa da infancia e adolescencia é asociada por parte das mulleres participantes, agás nun caso, a vivencias e sentimentos negativos: “da miña infancia non teño ningún recordo bonito” (P9). As palabras máis frecuentes para referirse a esta son: traumas, pobreza, maltrato, difícil, duro, abuso, abandono, medo, falta, soidade. A maioría percibe escasa comunicación e dificultades para poder compartir os seus pensamentos e sentimentos, así o expresa unha das participantes “con quen podía contar?, a quen?, a ninguén” (P6). Máis da metade das mulleres narraron experiencias de maltrato, abusos e agresións sexuais: “o esposo da miña tía sempre se... me tocaba” (P1). En relación coa formación regrada manifestan dificultades para poder estudar debido a factores estruturais, desigualdades entre o sur e o norte, de medios, situacións familiares, entre outras, sobre todo para acceder á formación universitaria “non puiden entrar porque non había diñeiro... porque alá a universidade é moi, moi cara” (P7), pero cabe destacar que a maioría conta cos estudos regrados. Os resultados indican unha socialización diferencial en función do xénero. Nas diferentes narrativas preséntase á muller vencellada ao espazo privado-doméstico, ao rol reprodutivo, de coidado, que as sitúa nunha posición de subordinación: “existía a diferenza (...) como es muller lavas a louza, a fregas, ti. Ti comes menos porque non es home” (P4).

A situación de vulnerabilidade é percibida por persoas que empregan as súas estratexias para sacar proveito das circunstancias que están a vivir. Iniciase un proceso de captación a través do emprego de argumentacións que ilusionan e avivan o cumprimento de certas expectativas, pero que son promesas falsas. Ademais levan a cabo accións xeradoras de dependencia e sometemento “Atopas unha persoa de corenta e de cincuenta, te pinta a vida de cores, e ti con dezanove que pensas, que esa persoa fala a verdade, pero en realidade cando tu ves as cousas é outra” (P8).

Nesta investigación o proceso migratorio está ligado a prostitución e a trata sexual. A maioría migra sendo moza, entre os 16 e 22 anos, e en todos os relatos se detectaron accións e medios compatibles coa trata con fins de explotación sexual. En relación coa captación, si que se observa unha diferenza entre as mulleres de América Latina e as de orixe africano. No primeiro caso son captadas en orixe e no segundo en tránsito, sendo o proceso migratorio das mulleres africanas máis longo no tempo, con vivencias de prácticas opresoras. En canto os medios presentes na trata sexual détéctanse en todos os casos: o fraude e engano; a recepción de pagos ou beneficios; seguido da restrición do movemento, illamento e retención de documentos (salvo nun caso), así o relata unha das participantes “como saio se teñen o meu pasaporte” (P1).

As súas narrativas permitiron identificar un ciclo nos contextos de prostitución: a entrada, o shock inicial; a fase de negación (dunha semana a tres meses) “eu non quería” (P1); a de resignación por considerar que non teñen opción, o que permite deconstruír o mito da libre elección; e a fase de saída “é moi difícil saír, que non é fácil”, debido a inxustizas distributivas e de recoñecemento, entre outras, que fan que se vexan abocadas a vivir diferentes procesos de entrada e saída. Cada unha das fases vai acompañada de estratexias de supervivencia.

Nos contextos de prostitución viviron situacións de violencia patriarcal “aí pasas violacións” (P6) ou “se non fas o queren xa maltratan” (P5). Salientar, en relación ao sistema prostitucional, a vinculación entre: a situación de necesidade derivada de factores estruturais, socioeconómicos, familiares; a falta de oportunidades nas que a marca de xénero, de clase, de lugar de orixe, entre outras, xoga un papel importante; e o aproveitamento destes factores nun mundo global e capitalista, onde as mulleres se van obrigadas a recorrer a prostitución para poder subsistir “é a necesidade a que te obriga a facelo” (P9).

A maioría delas sinte que é unha experiencia de vida que deixa pegada de por vida “é unha cicatriz que ti vas a levar contigo para sempre” (P8). Manifestan que afecta a saúde biopsicosocial “te afecta mental e fisicamente” (P1), pero máis no primeiro caso “é máis a movida psicolóxica que che queda” (P3). As palabras máis frecuentes para comparar e describir as vivencias en contextos de prostitución foron: vendes, vender; animais; cárcere, calabozo; explotación; trata; desesperante; escoura; ilusión; inhumano. Ademais, perciben estigma. Todo isto fai que, máis da metade, manifesten que a prostitución non deba ser considerada un traballo, e todas comparten que deberían de xerarse outras alternativas.

No tócate as relacións de parella percíbese a influencia da prostitución en estas “cando ti pasas por esta movida, isto ti te prostitúes, (...) despois as relacións tamén están danadas por iso”; a vivencia de violencia machista, na maioría, “a última vez que ele me fez me fechou no punho e me dou nas costas na frente da minha filha” (P5); dependencia; presenza dos mitos do amor romántico; a vivencia de engano e/ou abandono “ata cando me quedei embarazada que me deixou tirada (P6); e un desequilibrio entre o que dan e o que perciben.

Obtívose un coñecemento amplo das características (estruturais, de interacción e do apoio social percibido) dos seus mapas de rede, e da influencia da prostitución nas súas redes de apoio. Son pouco amplas (máximo de 11 persoas, mínimo de unha), pouco densas e pouco diversas. Non se aprecia multiplicidade de roles, nin estabilidade. O apoio percibido é maioritariamente socio-emocional, pero insuficiente, e indican menor apoio material e instrumental. Destacar o papel da familia, das entidades do terceiro sec-

tor de acción social (TSAS) e dos e das profesionais como fonte de apoio. Neste último caso, máis da metade informa de experiencias positivas co TSAS. As que están en contacto cós Centros de Información á Muller, tamén perciben apoio. Sen embargo, nalgúns casos, relatan experiencias pouco satisfactorias cos servizos sociais comunitarios onde senten menor confianza e máis control “asuntos sociais é o último que eu visitaría para solucionar un problema” (P4). Tamén expresan ter vivido experiencias negativas no eido xudicial y coas Forzas e Corpos de Seguridade. Destacan a necesidade de maior formación, traballo coas emocións e relacións baseadas na confianza, empatía, no apoio e acompañamento.

No relativo a súas identidades destaca a capacidade para saír adiante pese ás adversidades; o peso da maternidade; o desexo de darlle unha vida mellor aos seus fillos e fillas, onde está presente o sentimento de culpa “a veces sinto que son mala nai” (P4); os roles de xénero. As súas identidades (nais, migrantes, superviventes) están mediadas por relacións de dominación, pola hipersexualización e colonización dos seus corpos.

Entre os proxectos de futuro están a formación, ter un traballo digno, estabilidade, tranquilidade, paz, estar con seus fillos e fillas, e conseguir a regularización da súa situación administrativa en España no caso das que non contan con permiso de residencia. Salientar a súa capacidade de superación.

CONCLUSIÓN XERAIS

As mulleres prostituídas están atravesadas por asimetrías xeopolíticas, feminización da pobreza, pola marca de xénero, por cuestións étnico-raciais e culturais, por vivencias de maltrato e violacións, polo que as súas realidades múltiples non poder ser simplificadas, nin a complexidade do sistema prostitucional no que operan en alianza tres sistemas de dominio: o patriarcal, o capitalismo neoliberal e a colonización da sexualidade. A pesar dos acontecementos adversos vividos, puxeron en marcha resistencias, estratexias, e teñen proxectos de futuro, o que mostra a súa capacidade de resiliencia. En xeral, dotaron de significado o vivido, transmiten optimismo, a busca de novas metas, perseveranza, fortaleza, adaptabilidade e perspectivas de estabilidade, polo que a identidade que as caracteriza, en maior medida, é a de superviventes.

